

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 43

Sesión plenaria
13 de xullo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dos membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia (11/CRTG-000001)

Publicación das candidaturas, BOPG nº 168, do 09.07.2021

Punto 2. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2020 (doc. núm. 17457, 11/IVAL-000002)

Publicación do Informe anual, BOPG nº 157, do 24.06.2021

Punto 3. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2019 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018) (doc. núm. 4496, 11/ICON-000001)

Publicación do ditame e das propostas aprobadas, BOPG nº 162, fascículo 2, do 29.06.2021

Punto 4. Debate e votación do ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 (doc. núm. 1848, 11/SCNP-000005)

Publicación do ditame e dos votos particulares, BOPG nº 167, do 08.07.2021

Punto 5. Textos lexislativos

5.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e cultura, sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 13722, 11/PL-000009)

Publicación do ditame e das emendas mantidas, BOPG nº 163, do 30.06.2021

5.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 10503, 11/PPL-000004)

Publicación do Ditame e das emendas mantidas, BOPG nº 165, do 5.07.2021

5.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 11910, 11/PPL-000006)

Publicación do ditame e das emendas mantidas, BOPG nº 165, do 5.07.2021



Punto 6. Mocións

6.1 17645 (11/MOC-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16147, [11/INT-000923], publicada no BOPG núm. 140, do 19 de maio de 2021, e debatida na sesión plenaria do 22 de xuño de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162, do 29.06.2021

6.2 17659 (11/MOC-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia (Moción consecuencia da Interpelación 11/INT-000972, documento número 16780, publicada no BOPG núm. 152, do 9 de xuño de 2021, e debatida na sesión plenaria celebrada 22 de xuño de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162, do 29.06.2021

6.3 17670 (11/MOC-000054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego (Moción consecuencia da Interpelación. núm. 8822, publicada no BOPG núm. 88, do 3 de febreiro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 22 de xuño de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162, do 29.06.2021

Punto 7. Propositions non de lei

7.1 10806 (11/PNP-001064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

7.2 16478 (11/PNP-001606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas das suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021



7.3 16680 (11/PNP-001626)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

7.4 17460 (11/PNP-001713)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa, en San Cibrao

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 158, do 23.06.2021

7.5 17614 (11/PNP-001730)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 162, do 29.06.2021

7.6 17662 (11/PNP-001733)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 162, do 29.06.2021

Punto 8. Interpelacións**8.1 14795 (11/INT-000865)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas posibilidades de traslado de Ence de Lourizan, na ría de Pontevedra.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

8.2 16936 (11/INT-000986)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da presentación de candidaturas a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



8.3 17114 (11/INT-000995)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 9. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**9.1 17895 (11/POPX-000037)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións do presidente da Xunta para impulsar a reactivación económica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

9.2 17896 (11/POPX-000038)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas previstas polo presidente da Xunta para garantirlle un futuro digno á mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

Punto 10. Preguntas ao Goberno**10.1 17286 (11/POP-002243)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas e apoio previstas pola Xunta de Galicia ante o impacto das novas tarifas eléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

10.2 14567 (11/POP-001972)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso presencial da cidadanía aos servizos financeiros básicos, en especial nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

10.3 7718 (11/POP-001023)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e catro deputados/as máis**

Sobre o impulso polo Goberno galego para exixirle á empresa propietaria dos terreos da mina de Touro a elaboración e aplicación dun plan de restauración definitivo dos terreos e as augas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021



10.4 17198 (11/POP-002240)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e catorce deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o continuado atraso na tramitación da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma no Congreso dos Deputados e de que non se materializasen aínda as bonificacións comprometidas das peaxes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

10.5 17885 (11/PUP-000195)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña *Rachemos co Xacobeo* impulsada desde a organización xuvenil Galiza Nova contra a celebración do bienio xacobeo 2021-2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

10.6 17532 (11/POP-002276)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserxeira Thenaisie Provoté, do Grove

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 158, do 23.06.2021

10.7 17887 (11/PUP-000196)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis**

Sobre a sanción imposta polo Servizo Galego de Saúde a un facultativo xinecólogo do Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

10.8 17891 (11/PUP-000198)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir unha asistencia sanitaria digna no centro de saúde de Seixo, no concello de Marín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

10.9 16941 (11/POP-002200)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da reestruturación dos distritos forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado D. José Alberto Pazos Couñago e a delegación de voto, con base no artigo 84.7 do Regulamento, no deputado D. Pedro Puy Fraga. (Páx. 14.)

Elección dos membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento da votación e concede unha rolda de intervencións sobre o trámite na que interveñen a Sra. Otero Lago (S) (Páx. 15.), a Sra. González Albert (BNG) (Páx. 17.) e a Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 19.)

A señora secretaria fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano as deputadas e os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 21.)

Acadada a maioría dos dous terzos, proclámanse elixidos como membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia: D. Alfonso Cabaleiro Durán, D. Luis de la Mata Cantó, D. Higinio Meijide Gómez, D^a Ana Isabel Peón Piñeiro, D^a María del Carmen Vidal Lage e D^a Irene Viña Bravo. (Páx. 21.)

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2020. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 21.)

Exposición da valedora do pobo: Sra. Fernández Galiño. (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 26.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 29.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 32.)



Debate e votación do Ditame e das propostas de resolución aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2019 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018). (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do Ditame da Comisión: *Sra. presidenta da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Arias Rodríguez) (P).* (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 37.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 39.) e *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 41.)

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación deste ditame. (Páx. 43.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2019: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

O señor presidente comunica a votación por separado das propostas de resolución, aprobadas pola Comisión, números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 9, do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 9 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 40 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 5 e 10 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e da proposta de resolución transaccionada entre a número 8 do G. P. Popular de Galicia, a número 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19). (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 44.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 (Calvo Pouso).* (Páx. 44.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 46.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 50.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 54.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 57.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 60.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 61.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

Votación do voto particular de totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 14 votos a favor, 38 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación do voto particular de totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 19 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación do voto particular número 1 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 52 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación dos votos particulares números 3 a 335 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitados por 14 votos a favor, 38 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación do voto particular número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación do apartado c) do ditame, correspondente ao fondo de consenso, parágrafos 459 e 501 e o anexo que inclúe o cadro resumo propostas de investimento de fondo de consenso: *aprobado por 38 votos a favor, 19 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación dos apartados 1.6 a 457 do ditame: *aprobados por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación dos parágrafos 141 a 449 do ditame: *aprobados por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación dos parágrafos 114 a 450 do ditame: *aprobados por 38 votos a favor, 19 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, coa inclusión dos votos particulares aprobados: *aprobado por 38 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 67.)



Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura (Egerique Mosquera)*. (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 69.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 73.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 77.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 82.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 84.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 85.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 88.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez)*. (Páx. 88.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 89.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 93.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 96.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 100.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 101.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 102.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez)*. (Páx. 102.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 103.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 107.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 111.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 114.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 114.)



Votación do proxecto de lei e das proposicións de lei

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

Votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e cultura, sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 34 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación: *rexeitadas por 33 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación: *aprobado por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: *rexeitadas por 14 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: *aprobado por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

O señor Arangüena Fernández (S) pide a palabra e intervén para deixar constancia da repulsa do seu grupo pola manipulación da votación sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia. (Páx. 118.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 119.)

Intervención do grupos parlamentarios: Sra. Ortega Otero (S) (Páx. 122.) e Sra. Suárez Sarmiento (P). (Páx. 125.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 128.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 130.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 131.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 134.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Pérez López (P). (Páx. 137.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 141.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 143.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 144.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Seco García Fernández (S). (Páx. 147.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 150.)

O señor Fernández Alfonso (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 153.)

Votación das mocións

O señor presidente informa da solicitude da señora Ortega Otero (S) da votación por separado dos dous puntos da moción presentada pola señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 155.)

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 155.)

Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da



incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital: *rexeitado por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 155.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)

Alteración da orde do día. (Páx. 156.)

Pregunta de D^a Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da reestruturación dos distritos forestais. (Punto décimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 159.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 160.)

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia e delegación de voto con base no artigo 84.7 do Regulamento o deputado José Alberto Pazos Couñago, que o fai no deputado don Pedro Puy Fraga. A Mesa autorizou esta delegación de voto no día de onte.

E, sen máis, entramos na orde do día co punto primeiro.

Elección dos membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 15 de maio de 2021 iniciou o procedemento para a elección de 6 membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia consonte o disposto no artigo 2 da súas normas reguladoras, normas aprobadas por Acordo da Mesa do 5 de marzo de 2012 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento* número 654.

Rematado o prazo para a presentación das propostas de candidatas e candidatos, e subscritas as comparecencias de acordo cos artigos 2 e 3 das normas na sesión da Comisión permanente non lexislativa do control da CRTVG do pasado día 23 de xuño, a Mesa na súa reunión do 29 de xuño elaborou unha lista pechada cos nomes das 6 persoas propostas e os grupos parlamentarios que as propuxeron, conforme preceptúa o artigo 4 das normas do *Boletín* número 499, do Parlamento, lista que se axusta á papeleta que lles están distribuindo ás súas señorías.

Conforme o establecido no artigo 5 das normas de elección, o debate previo á votación consistirá da intervención de cada grupo parlamentario para fixar a súa posición en relación coa candidatura presentada. Todo iso por un tempo máximo de 5 minutos.

Rematadas as intervencións, procederase á votación segundo o artigo 6 das normas, de conformidade co establecido nos apartados 1 e 2 do artigo 91 do Regulamento da Cámara, e farase mediante o chamamento por orde alfabética de apelidos.

A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: cada deputada ou deputado depositará, logo do chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para este efecto. Votos a favor introducindo a papeleta que contén os nomes das ou dos candidatos marcado cun signo distintivo o nome ou nomes elixidos ata un máximo de 6. Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de 6 nomes e en branco aquelas nas que non figure ningún nome sinalado.



Resultarán elixidas ou elixidos as persoas candidatas que obteñan a maioría de dous terzos, é dicir, 50 votos.

E, polo tanto, antes de proceder a este chamamento, a ronda que eu antes comuniquéi de 5 minutos dos grupos parlamentarios. E comeza neste turno o Grupo Parlamentario Socialista e para iso ten a palabra a deputada dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comezar anunciando que dende o Grupo Socialista imos amosar o noso respaldo, o noso voto a favor a todas as candidatas e candidatos chamados a conformar este novo mandato da CRTVG, independentemente do grupo propoñente. Ben, xa tivemos a oportunidade de avaliar a súa idoneidade, avaliar e resolver tamén todas as dúbidas que tiñamos na Comisión de control celebrada hai dúas semanas, así que o que resta é desexarlles toda a sorte, todos os acertos. E, iso si, cómpre lembrar hoxe a grande, enorme, responsabilidade que teñen diante de si para traballar e acadar por fin unha CRTVG plural, de servizo público e de servizo de calidade de todas as galegas e dos galegos.

E neste senso hai, como saben, unha gran, grandísima, asignatura pendente, que é dar cumprimento á lei, a unha lei de medios públicos que leva xa unha década aprobada e cuxos incumprimentos levan denunciando, reivindicando, reclamando distintos colectivos, o Comité de Empresa, as traballadoras e traballadores, e que mesmo valeron hai tan só unhas semanas a presentación dunha queixa ante a Valedoría, a valedora do pobo, que estará precisamente hoxe acompañándonos neste Pleno. Polo tanto, cómpre —a grande asignatura pendente deste novo mandato do Consello de Administración— dar cumprimento a esa Lei de medios públicos e aprobar dunha vez por todas tamén ese estatuto profesional e ese consello de informativos que levamos anos escoitando anuncios, se non lembro mal, dende o ano 2016. Hai un ano aproximadamente dicía o director xeral da CRTVG que era cuestión de meses, que era algo inmediato; pois ben, aquí estamos, remata un mandato, comeza outro. Ano 2021 e ese consello de informativos que garanta a pluralidade e ese estatuto profesional da CRTVG aínda non son unha realidade.

Algunha das candidatas e candidatos precisamente chamados a repetir nese consello de administración neste novo mandato anunciábanos hai dúas semanas na Comisión que o 95 % do acordo xa estaba pechado, que unicamente restaba un 5 %. Así que, polo tanto, non será tan complicado dar cumprimento e acadar, se pode ser, coa aprobación este verán dese estatuto e dese consello de informativos que garanta, como dicíamos, a necesidade da pluralidade. A pluralidade, asignatura pendente, pero tamén a proximidade, unha das razóns de ser dos medios públicos galegos. Vimos dando pasos nos últimos anos cara atrás co desmantelamento das delegacións territoriais. E mesmo este verán vemos, por exemplo, como se suprimen as desconexións locais ou como se reduce a información e a produción propia tanto nos programas da radio como da televisión.

Outro dos temas que nos preocupa e que é unha necesidade imperante é actuar e materializar ferramentas en materia de igualdade. Dende logo, o acontecido no mes de abril, o pasado mes de



abril no programa *Land Rober Tunai Show*, en *prime time*, foi unha auténtica vergoña, algo gravísimo; someter unha moza a unha situación de acoso, de machismo na televisión pública. E sobre todo que non se activasen os mecanismos para ser un espazo gravado e que non se emitise, senón que despois de todo isto estamos tres meses despois agardando esas medidas anunciadas contundentes e firmes que nós descoñecemos; preguntamos reiteradamente e que non se tomaron. Dende logo, foi o episodio máis grave pero non o único, dende as xornalistas, un colectivo que representa máis de 200 mulleres profesionais da comunicación deste país veñen establecendo, comunicando e trasladando recomendacións. Entre elas, por exemplo, afondar nas decisións, nas medidas que se están tomando a nivel europeo nos medios públicos, tamén neste país e a nivel estatal, e que non se está facendo nada na CRTVG. Por exemplo, a creación dunha figura, un axente de igualdade que vele por que non acontezan episodios como o de Land Rober, pero tamén traballar na linguaxe inclusiva. Por traballar na cobertura que se lle dá no ámbito cultural ou deportivo, unha cobertura que precisamos sexa igualitaria para homes e mulleres no deporte ou na cultura. Por promover modelos igualitarios, sobre todo se falamos de espazos dirixidos ás mozas e aos mozos ou ás pequenas e aos pequenos; tamén polo tratamento que se lle debe dar aos casos de violencia machista. Ben, pois medidas que temos que implementar tanto nos informativos como nos programas de entretemento ou mesmo na publicidade.

En 5 minutos non dá tempo a debullar toda a problemática que ten nestes momentos a CRTVG e todo o traballo que teñen diante de si, como dicíamos, as novas conselleiras e conselleiros. Pero, dende logo, tamén estamos moi preocupadas —e así o estamos manifestando— pola diminución dos ingresos publicitarios pensamos que motivada en parte, ou en boa parte, pola mingua da calidade dos contidos. Tamén moi preocupadas pola precariedade laboral, pola conflitividade laboral resolta nos últimos tempos a golpe de denuncia.

E rematar dicindo que unha das razóns de ser do nacemento da creación da esencia dos medios públicos galegos é velar pola promoción, pola divulgación, polo coidado da nosa lingua, do noso idioma e da nosa cultura. Dende logo, decisións como acabar con *Diario Cultural* pois camiñan tamén e supoñen un retroceso en dirección contraria á razón de ser e á natureza, ao sentido de ser da Radio Televisión pública.

O pasado venres o director xeral constataba tamén a denuncia, a sospeita do Comité de Empresa de que van privatizar e externalizar un espazo de produción propia tan necesario despois de 35 anos de historia como é *Estudio 5* na Radio Galega. Confirmaba o señor Alfonso Sánchez Izquierdo que *Estudio 5* vai ser externalizado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO LAGO: ...e, dende logo, isto non supón dar pasos cara ao cumprimento —dicíamos— da natureza á necesidade que temos de ter uns medios públicos de calidade e de verdade ao servizo da cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO LAGO: Queremos lembrarllas, sen dúbida, ás novas conselleiras e conselleiros que teñen todo este traballo. E rematar desexándolles, como dicíamos, toda a sorte.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero. Neste caso, Noelia.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Bo día a todas e todos.

Eu quería preguntarlles con que finalidade conta Galicia cuns medios de comunicación públicos, cal é o seu obxectivo último. O nacemento en 1984 da Compañía da Radio e da Televisión de Galiza derivou da competencia estatutaria cun horizonte básico: a posta en marcha duns medios de comunicación públicos, de comunicación audiovisual en lingua galega. O obxectivo principal, o obxectivo fundamental era contribuír á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e o impulso da industria audiovisual do noso país. Case nada, uns retos importantísimos.

Case catro décadas despois e tras o salto de compañía a corporación, en pouco ou en nada teñen mudado estes obxectivos principais a cumprir. Eses que configuran —repito— a súa razón de ser, o motivo primeiro e último da súa propia existencia. E aquí está o grande reto que ten por diante o Consello de Administración que hoxe imos votar aquí. Os nosos medios públicos afrontan hoxe unha situación complicada por múltiples motivos. Dunha banda pola problemática derivada da propia evolución do sistema de medios audiovisuais con novas plataformas, novos formatos, fragmentación das audiencias, unha menor fidelización, un conxunto de circunstancias que xa supoñen un reto importante de por si. Mais, por outra banda, a corporación afronta un reto aínda maior, sacudirse o lastre do férreo control que desde a Xunta de Galiza se exerce sobre a liña editorial. Avanzar polo tanto cara unha televisión pública que defenda iso que na propia lei se detalla como un dos seus principios reitores: a obxectividade, a imparcialidade, a veracidade e a neutralidade informativas.

E estas son as dúas grandes liñas de traballo que terá que afrontar o novo consello de administración saído da soberanía popular a través do voto deste Parlamento.

A estrutura, o funcionamento, a elección, o estatuto e as competencias do Consello de Administración da Corporación, están recollidos no articulado da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza entre os artigos 13 e 19. ao consello de administración correspóndelle entre outros cometidos, aprobar a organización básica da corporación, as directrices básicas en materia de persoal, o plan anual de actividades, a memoria anual, os orzamentos, os plans de programación, así como vixiar o cumprimento da misión de servizo público encomendada polo mandato marco e o contrato programa, e establecer os criterios reitores da dirección editorial.

É sen dúbida polo tanto un traballo inxente xa que a Corporación da Radio e Televisión de Galiza está agora mesmo nun momento crítico no que corre o risco de perder para sempre o tren da credibilidade e a relevancia. O panorama polo tanto non é bo, hai un incumprimento continuo da lei do propio mandato marco de 2015, o contrato programa está sen ela-



borar, non temos un estatuto profesional e falta un consello de informativos que garanta a independencia informativa dos nosos medios públicos.

Estamos avanzando como dixemos o outro día neste debate na Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galiza cara a irrelevancia informativa. Unha irrelevancia que vén derivada do control do goberno sobre a liña editorial da corporación, un control que vai moito máis aló moitas veces dese propio control, parecendo ás veces que a programación informativa é unha pura extensión do gabinete de prensa da Xunta de Galiza.

Unha manipulación informativa e unha falta de pluralismo político que ten sido denunciado reiteradamente polo colectivo *Defende a galega*, que vén de cumprir tres anos de reivindicación, e que ten tido que acudir á Valedoría do Pobo e agora vamos ter un debate tamén referido ás queixas recibidas pola Valedoría do Pobo neste ano, ante a inacción da Dirección da empresa.

Temos unha programación de moita calidade que está relegada a horarios imposibles e moitas veces á segunda canle, o maltrato da lingua está sendo un problema que temos debatido en comisión en distintas ocasións e que está avanzando; temos visto entrevistas en español a persoas galegas e estamos vendo un idioma descoidado de forma sistemática nos programas de entretemento.

Por outra banda, a produción propia está sendo reducida á mínima expresión e se ten derivado practicamente toda a produción chamada propia externa, que non deixa de ser unha produción allea, cos problemas de control editorial evidentes derivados deste tipo de producións e que se veñen trasladando na súa máxima expresión no programa Land Rober que a compañeira do Partido Socialista vén de mencionar en breve.

E están ante a obriga de dar saída ao acordo unánime deste Parlamento para a creación da canle Xabarín que se ten aprobado fai pouco aquí e que na Comisión da Corporación de Radio e Televisión de Galicia sistematicamente tamén se ten negado a súa viabilidade.

Hoxe imos votar aquí 6 nomes: Ana Isabel Peón Piñeiro, Luis de Mata, Hixinio Meijide, Alfonso Cabaleiro, Irene Viña Bravo e Carme Vidal. Na súa man, na man destas 6 persoas —se son elixidas por esta Cámara— está a reverter a situación actual e tornar á Corporación a ser medio de referencia neste país.

Son polo tanto como dixen ao comezo moitos os retos que teñen por diante. Eu só lles desexo que o seu consello de administración non sexa o responsábel de darlle a estocada final á Corporación da Radio e Televisión de Galiza, senón o encargado de comezar a remontala.

Máis nada e obrigada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

A TVG é líder de audiencia no conxunto da semana, chega ao 96,2 % dos fogares galegos e máis de 720.000 persoas contactaron diariamente o ano pasado con este medio.

Polo que respecta a Radio Galega cerrou a temporada 2020-2021 cos maiores resultados de audiencia da súa serie histórica e máis de 220.000 persoas contactaron diariamente o ano pasado con algunhas das súas emisoras. Máis de 12 millóns de visitas tivo a canle dixital.

Este gran apoio, este gran entendemento que ten a sociedade galega coa Televisión e coa Radio Galega fai que teñan unha grande responsabilidade tanto os gobernos, as dirección da CRTVG como todos os traballadores.

Unha responsabilidade que aínda é maior porque estamos a falar dun medio público de comunicación e, polo tanto, que ten que cumprir a súa misión de servizo público. Unha misión que lle é encomendada tamén de forma moi especial ao consello de administración que como aquí xa se dixo na Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, ten a función, se establece alí, de ser o que administra e tamén controla a CRTVG. Unha lei que fai referencia ao consello de administración nos seus artigos 12 ao 19, que fala de cales son os órganos de administración, as funcións do consello e a elección deses membros. Elección que hoxe vamos ter aquí, que ten que ser aprobada por 2/3, unha lista que foi presentada polos grupos parlamentarios en relación coa representatividade que teñen aquí na Cámara e logo de telos escoitado na Comisión de control da CRTVG. Logo de escoitalos —valga a redundancia— chegamos á conclusión dende o Grupo Parlamentario Popular de que, efectivamente, os 6 candidatos presentados teñen todas as características necesarias para que teñan o noso apoio. Teñen acreditada experiencia, recoñecido prestixio e desexamos que sigan traballando na liña que se vén facendo polo actual consello de administración. Un consello de administración que, señora Otero, si está a traballar na lei, no cumprimento da lei, e dígollo tamén ao Bloque; pero é que ten gracia que dende o PSOE se fale aquí de cumprimento da lei por parte da CRTVG, coa que está caendo na Televisión Española que ata o Tribunal Constitucional lle chama a atención e anula o nomeamento da súa administradora única. Ten graza, aquí si se está a cumprir a lei. *(Aplausos.)*

Mire, este consello de administración, o que está ata agora, o primeiro que está coa nova lei, puxo en marcha normas reguladoras internas, as normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual, os criterios reitores da dirección editorial, as directrices en materia de persoal e como aquí se dixo, están moi avanzados o Estatuto profesional e o Consello de informativos. Pero é que ademais me parece moi relevante dicir que todas as decisións se tomaron por unanimidade. E claro, traballar na unanimidade pode levar máis tempo, pero a min gustárame e desexo sinceramente, que o Consello de Administración que agora vai tomar posesión, siga traballando por esa unanimidade, siga traballando polos acordos. Un acordo do que, por certo, creo que nos temos que felicitar nesta Cámara, porque esta vez si,



os nomes do consello de administración, dos membros do consello foron acordados por unanimidade. Creo que iso vai ser bo para todos os galegos e as galegas e para os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Un consello de administración que recibe unha televisión e unha corporación que é líder en audiencias como aquí se dicía, que ten as contas saneadas, as contas do 2020 presentadas e esta semana pasada na Cámara galega reflicten que leva 12 anos seguidos en superávit, neste caso 1,9 millóns de euros, o prazo de pagamento está en 20 días e dende o ano 2012 non hai débeda bancaria. E isto é moi importante porque grazas a esta situación económica a CRTVG foi quen de levar a cabo o proceso de dixitalización que fai posible que estea á vangarda e que poida afrontar o futuro, un futuro incerto para os medios audiovisuais onde os avances tecnolóxicos son vertixinosos e onde ademais os gustos de consumo das audiencias van cambiando tamén constantemente. Creo que este é un dos grandes retos que ten tamén o novo Consello de administración e eu deséxolle moitísima sorte para que traballen neles. Para que sigan traballando tamén en materia de igualdade onde a Televisión de Galicia, a CRTVG ten unha comisión de igualdade no Consello de Administración dende hai máis de 10 anos. Como quen di hai só 10 días que o ten a Televisión Española. Pero é necesario seguir traballando e si é verdade que se tomaron medidas tras o último incidente, incidentes que desgraciadamente ao mellor non se poden evitar, pero que a CRTVG en materia de igualdade está estando á vangarda e, de feito, está contando con premios a nivel de Galicia e a nivel de todos os sectores.

Unha materia tamén do apoio ao audiovisual no que a CRTVG está sendo un dos maiores apoios para que o noso audiovisual e a nosa industria audiovisual se espalle por todo o mundo.

Nada máis. Moitísima sorte aos conselleiros e conselleiras que van tomar posesión, se hoxe son elixidas, que supoño que o serán porque todos amosamos xa esa disposición, e seguiremos traballando en todos os ámbitos para uns medios públicos de comunicación audiovisual, que cumbran a súa misión de servizo público como o están a facer en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Non sei se toquei o timbre dúas ou tres veces, vouno tocar unha terceira porque esta é unha votación consensuada, non sexa o demo. Porque unha vez que empezamos a votar, non pode entrar ninguén na sala. E os servizos da Cámara que controlen iso cando empezamos a... *(Murmurios.) (Pausa.)*

Supoño que xa están en posesión das papeletas. Se hai alguén que non a teña que nolo diga. Téñena todos, perfecto. Pois entón, comezamos.

Prégolle ao señor vicepresidente primeiro e á señora vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas, e que a señora secretaria proceda ao chamamento das súas señorías.



Cando queira.

(A señora secretaria —Porro Martínez— fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir faíno o membro do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Exerceron todos...? ¿Non hai ninguén que quedara sen votar?

Bueno, pois procedemos ao recuento.

(Pausa.)

(Os membros da Mesa proceden ao recuento das votacións.)

O señor PRESIDENTE: Bueno, o escrutinio é que votaron 71 persoas, e votos a favor de don Alfonso Cabaleiro Durán, 71; votos a favor de don Luis de la Mata Cantó, 71; votos a favor de don Higinio Meijide Gómez, 71; votos a favor de dona Ana Isabel Peón Piñeiro, 71; votos a favor de dona María del Carmen Vidal Lage, 71; e votos a favor de dona Irene Viña Bravo, 71.

Polo tanto, acadados todos eles a maioría quedan proclamados don Alfonso Cabaleiro Durán, don Luis de la Mata Cantó, don Higinio Meijide Gómez, dona Ana Isabel Peón Piñeiro, dona María del Carmen Vidal Lage e dona Irene Viña Bravo conselleiros da Radio Televisión de Galicia con este resultado.

En hora boa a eles e moita sorte.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2020

O señor PRESIDENTE: Terminou esta votación e continuamos coa orde do día, que é o Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2020, en aplicación da norma terceira reguladora das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991.

O debate do Pleno do Informe anual axustarase ao seguinte procedemento: a valedora exporá un resumo do Informe debatido ante a Comisión de peticións o 2 de xullo de 2021. Ao seu remate a valedora abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

Segundo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de 10 minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Con motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.



Para iso rógolle ao vicepresidente primeiro que acompañe a señora valedora ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o Pleno.

Ten a palabra dona María Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo.

A señora VALEDORA DO POBO: Bo día, presidente do Parlamento de Galicia e membros da Mesa do Parlamento, deputadas e deputados.

O ano 2020 veu marcado pola pandemia do coronavirus da covid-19, que presentou unhas consecuencias singulares pola súa magnitude a nivel mundial, cun gran custo de vidas humanas e impacto sobre a saúde das persoas, e cunhas importantes consecuencias económicas, sociais, culturais, políticas, mesmo que non é o primeiro desastre, nin tampouco será o derradeiro, ao que teña que facer fronte a humanidade.

O que si nos ensinou a historia —e coinciden todos os estudos sobre esta materia— é que nun desastre se comprometen os dereitos humanos. Dun día para outro entramos nunha fase de confinamento e pendentes das cifras de contaxios, presión asistencial, pasamentos, das colas para pedir axuda, das cifras de desempregados. Na nosa vida apareceron palabras e expresións como confinamento, desescalada, brote, máscara, gromo, onda, corentena, peches perimetrais... A Valedoría empezou a recibir queixas e chamadas nas que se manifestaban situacións derivadas do confinamento, das limitacións das liberdades de deambulación e de reunión, da situación sanitaria e sociosanitaria, do peche da actividade económica, das medidas de protección, das probas diagnósticas da covid-19, da ausencia de ingresos, do corte de subministracións básicas.

A situación motivada pola pandemia e que día a día nos chegaba á institución motivou tamén a apertura de varias investigacións de oficio que durante o período do 14 de marzo ao 21 de xuño foron 33, fronte aos 3 do mesmo período do ano anterior. Estas atinxiron, entre outras ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas usuarias de residencias de maiores, ás persoas con diversidade funcional, á protección do persoal sanitario e de servizos sociais —incluídos os servizos de axuda no fogar de persoas dependentes—, a perceptores de rendas de inclusión social, a medidas en materia de vivenda, acompañamento a vítimas da enfermidade, accesibilidade de contidos informativos sobre covid-19 a persoas xordas, apoio a sectores económicos especialmente prexudicados, actividades agrícolas de autoconsumo ou feiras e mercados de proximidade. Un total de 222 queixas e investigacións específicas de covid recibidas dende o 14 de marzo ata o 21 de xuño. Asemade, continuamos coa tramitación ordinaria das queixas que, sen ser específicas de covid, se seguiron recibindo durante eses meses e os meses sucesivos.

A situación xerada co primeiro confinamento e as posteriores restricións deu lugar a unha lóxica preocupación pola garantía dos dereitos, especialmente os das persoas máis vulnerables. O traballo da institución aumentou en todos os sentidos. Como mostra diso, cabe resaltar os seguintes datos cuantitativos:

O número de asuntos aumentou un 28%, de 2.276 no ano 2019 a 2.912 no ano 2020. Aumentou o número de persoas que pediron atención ou asesoramento á marxe dos expedientes de queixa, foron 5.497 no ano 2019 e 7.526 no ano 2020, un 37% máis.



Aumentou lixeiramente o número de actuacións, de 11.747 no ano 2019, a 12.913 neste ano 2020, un 10 % máis. Aumentou o número de actuacións de oficio, de 67 no ano 2019, a 78 no ano 2020, un 16 % máis.

Aumentou o número de resolucións nun 69 %, de 95 no ano 2019, a 161 no ano 2020. O aumento afecta á maior parte das áreas.

Aumentou tamén a porcentaxe de recordatorios de deberes legais, recomendacións e suxestións aceptadas, case todas as resolucións formuladas e respondidas, en concreto un 93 %.

Aumentou o número de conclusións positivas nun 59 %. O número de asuntos aumentou considerablemente coa chamada desescalada ata final do ano, a causa é que moitas queixas están relacionadas directa ou indirectamente coa covid-19.

Entrando nunha análise cualitativa, constátase unha intensa actividade en todas as áreas a que se refire o decálogo que esta valedora presentou na súa toma de posesión, comprometéndose a darlle unha especial atención.

En canto á igualdade de xénero tramitáronse con resultados positivos queixas sobre a seguridade nocturna no campo sur da USC, a información de axudas a vítimas de violencia de xénero, as prórrogas por mor da covid dos contratos posdoutorais das persoas investigadoras que desfrutaron permisos de maternidade ou excedencias por coidado de fillo, e xa neste ano 2021 abriuse unha nova actuación inspirada polo principio de custo cero da maternidade en relación coas axudas para completar a formación posdoutoral e que, en definitiva, as mulleres investigadores non teñan que elixir entre ser nais e a súa carreira profesional.

Continuou moi activo, Falamos de Feminismo, espazo virtual na web institucional. Realizáronse actividades institucionais con ocasión dos días dedicados á loita pola igualdade de xénero, o 11 de febreiro, o 22 de febreiro, o 8 de marzo, o 28 de maio, o 23 de setembro e o 25 de novembro.

Convocouse a primeira edición do premio anual valedora do pobo sobre igualdade de xénero para traballos de fin de grao e traballos de fin de máster. Presentáronse un total de 59 estudos, e centralizouse nunha asesora as funcións en materia de xénero.

En canto ao dereito de acceso á xustiza das mulleres, abriuse unha queixa de oficio en relación coa ausencia de protocolos sobre suspensións de xuízos penais por causa de maternidade de avogada interveniente, sobre o que cómpre dicir que o Senado vén de aprobar unha reforma lexislativa para solventar esta cuestión.

Cómpre salientar aquí outra queixa sobre o cumprimento do principio de unidade de actuación letrada de oficio nos procesos de familia con fillos menores.

En canto á violencia e acoso nas organizacións, investigouse unha queixa sobre acoso laboral no Sergas, que finalizou cunha suxestión de introdución dun asesor ou asesora confidencial.



Os dereitos das persoas con discapacidade víronse especialmente afectados pola situación sanitaria, por iso fixéronse comunicados sobre o impacto da pandemia nas persoas con discapacidade e sobre a necesidade de respectar o dereito de deambulación de determinados persoas con diversidade funcional sobre o confinamento.

Tramitouse con resultado positivo unha queixa da Asociación de Persoas Xordas tamén en relación coa situación sanitaria.

Fixemos recomendacións, resolucións, recordatorios de deberes legais e concluímos positivamente queixas en temas como atrasos en valoración de discapacidade e dependencia, atrasos na efectividade dos servizos aprobados e sobre accesibilidade.

As persoas LGTBI tamén sufriron en particular pola situación xerada pola pandemia da covid-19. A situación das persoas LGTBI conviventes en confinamento domiciliario cunha familia que non acepta a súa orientación ou identidade, ou en xeral que teñen que convivir forzosamente en espazos onde esa orientación ou identidade non está recoñecida polas demais persoas. A situación de soidade das persoas maiores LGTBI en residencias, a imposibilidade de seguir mantendo reunións en grupos de apoio ás persoas LGTBI, a paralización dos trámites xudiciais durante a primeira onda da pandemia, que determinou a demora nos expedientes de cambio de sexo.

De todos estes temas tratouse en reunións con asociacións de defensa dos dereitos das persoas LGTBI. Tramitamos unha queixa de oficio ao tomar en coñecemento polos medios de comunicación a existencia dun procedemento xudicial de cambio de sexo rexistral, con informe desfavorable, por non ter a persoa solicitante un diagnóstico de disforia.

Tamén tramitamos unha actuación que remitimos ao Defensor del Pueblo, con informe sobre o procedemento para a rectificación rexistral da mención relativa ao sexo da persoas, que varía dependendo da oficina de rexistro civil que curse a solicitude, a non existir unha normativa que unifique os requisitos para a rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas e para dotar o procedemento de rapidez e eficacia, considerando ademais a actual situación de crise sanitaria que paralizou o procedemento ao non ter a consideración de servizos esenciais.

En canto á discriminación da comunidade xitana, tramitáronse queixas sobre o dereito á non discriminación racial ou por situación de vulnerabilidade. Neste punto do decálogo é destacable a realización dunhas xornadas en colaboración co Consello da Cultura Galega e a Fundación Secretariado Gitano sobre *Pobo xitano: por unha sociedade máis igualitaria*.

En canto aos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade e loita contra a aporofobia, fixemos actuacións en relación con supostos de desaloxo de persoas en situación de vulnerabilidade e tamén en relación coa denegación, suspensión, retirada ou embargo da renda de inclusión autonómica.

En canto aos dereitos das persoas maiores, ademais de atender queixas particulares e preocupación pola situación en centros residenciais por mor da crise sanitaria, isto levounos a



iniciar unha investigación de oficio de alcance, na que sinalabamos a preocupación polas dificultades que estaban a pasar os centros residenciais. Preguntamos polos medios de protección, polas probas diagnósticas, polo criterio para enviar os enfermos a un centro hospitalario ou mantelos na súa ou noutra residencia, pola suficiencia do persoal de atención en residencias, pola información ás familias ou achegados e, máis adiante, pola existencia dun instrumento que permitira contactos persoais ou a despedida en casos de previsión de falecemento.

Tamén se fixeron actuacións en relación co dereito e institucións sólidas, a transparencia e o bo goberno, cuestións afectadas tamén pola pandemia. Os principios sobre a protección e promoción da institución do Defensor do Pobo, Principios de Venecia do ano 2019, establecen con claridade, que as institucións do Defensor do Pobo teñen un papel importante para desempeñar no fortalecemento da democracia o estado de dereito, a boa Administración e a protección e promoción dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

A colaboración das administracións foi boa, pois reducíronse os recordatorios por atrasos na emisión dos informes requiridos e a porcentaxe de resolucións da valedora aceptadas respecto das rexeitadas tamén se incrementou.

A colaboración institucional conséntase nos convenios que temos asinados co Instituto Galego da Vivenda e Solo, coa FEGAMP, coas tres universidades galegas e co Consello da Cultura. Esta colaboración reforza a cultura democrática e a eficacia na actuación da Administración, como por exemplo se constata na queixa relativa á Fonte de Troncoso de Mondariz Balneario.

E, se observamos unha área completa de actuación, a problemática de desafiuzamentos de persoas en situación de vulnerabilidade, que concluímos positivamente cando se apraza a data do lanzamento e á vez lógrase o bono alugueiro da Xunta de Galicia, ou negociamos alugueiro social coa entidade bancaria, ou xestora do activo, ou negociamos algunha outra axuda económica.

Finalizarei este resumo cos dereitos lingüísticos, área na que a institución está moi comprometida, cunha especial dedicación á promoción do dereito á normalización do galego como lingua propia de Galicia.

No ano 2020, rexistráronse 86 queixas en defensa do uso do galego, cun elevado grao de resposta positiva e receptividade polas administracións implicadas. Cabe salientar a intensa actividade e colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e do Observatorio de Dereitos Lingüísticos, entidades de defensa da lingua que promoveron 74 queixas, un 77 % dos expedientes tramitados na área de delitos lingüísticos.

Rematarei como comecei, o ano 2020 foi un ano difícil para os dereitos humanos, que obriga a institución da valedora do pobo e todas as administracións a responder co mesmo nivel de compromiso e responsabilidade co que tamén respondeu a cidadanía fronte á pandemia.

As dificultades na procura dos dereitos humanos non nos deben levar ao desánimo, senón a reforzar o noso compromiso. Non deixaremos de prestar atención aos problemas anteriores,



que se agudizaron coa situación da pandemia, como a igualdade das mulleres e homes, a violencia de xénero, a violencia e o acoso, a explotación humana, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, discriminacións, colectivos desfavorecidos, dereitos dixitais, institucións sólidas e medio ambiente.

A pandemia obrigounos ademais a incidir especialmente en aspectos como o sistema sanitario, os servizos socio-sanitarios, o traballo decente e a fenda dixital. O incremento das comunicacións virtuais visibilizou a fenda dixital que sofren moitas persoas, as mulleres, as persoas maiores, as persoas en zonas rurais e costeiras non urbanas e as familias con escasos ingresos.

En todo caso, os problemas anteriores e os novos deben ser afrontados con enfoque de dereitos humanos, recoñecidos e amparados pola Constitución española e polo Estatuto de autonomía, enfoque de dereitos humanos que debe estar no corazón das políticas públicas cara ao proceso de reconstrución económica, social e laboral tras a pandemia da covid-19.

Nada mellor para estes fins que volver a vista ás promesas de futuro que a humanidade enteira se propuxo na resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas: Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable. Volver a vista á Axenda 2030 para que o progreso da humanidade non pare e para non deixar ninguén detrás.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora valedora.

A vicepresidenta segunda acompañará a señora valedora do pobo, quen, debido ás medidas sanitarias pola covid-19, non seguirá as intervencións dos grupos parlamentarios dende a tribuna de convidados, como era tradicional, senón que o fará dende unha sala a través da televisión xunto ao seu equipo de colaboradores.

Moitas grazas.

Iniciamos entón a rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións e, en primeiro lugar, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas de novo.

Sigo sen ver onde está o reloxo, (*Risos.*) para ubicarme, non vexo nada. Ah, aquí, vale, é que se non voume pasar sempre. Grazas, e perdoade.

Moitas grazas á valedora. Hai un ano, dende este grupo parlamentario, case un ano, na voz da nosa inesquecible e querida Isaura, poñiamos precisamente o acento no elevadísimo número de queixas que afectaban fundamentalmente na memoria do ano anterior do que daba conta a valedora á Consellería de Sanidade e á Consellería de Política Social. E a historia repítese este ano e tamén puña o acento na atención que estaban a recibir as nosas maiores



e os nosos maiores nas residencias, mesmo con actuacións de oficio e investigacións por parte da Valedoría. Unhas chamadas de atención que aínda non atendían a unha situación de pandemia pero que na memoria que agora nos ocupa relativa ao 2020 xa entramos de cheo nese ano marcado pola covid e as súas consecuencias; e que define de xeito moi contundente a valedora, definindo como un auténtico desastre o vivido e acontecido coa crise sanitaria e as crises derivadas. Nós coincidimos ademais con esa lectura de que supuxo un grave retroceso en todo o que ten que ver nos dereitos humanos sobre todo para as persoas máis vulnerables.

Queremos, polo tanto, comezar valorando e trasladando o agradecemento polo esforzo á valedora e a todo o seu equipo. Que ademais na Comisión nos trasladaban a dureza, tamén no persoal e no profesional, de ter que atender situacións de auténtica emerxencia durante a pandemia e que o fixeran ademais coa empatía que nos trasladaron durante a lectura dese informe na Comisión de peticións. Un ano —como relataba a valedora— no que aumentaron as queixas, o número de cidadás e cidadáns que se dirixiron e que tiveron que recorrer á Valedoría para presentar fundamentalmente queixas no que atinxe á Consellería de Sanidade, un 33 %; seguida moi de preto tamén pola Consellería de Política Social, cun 20 %. E en ambas as dúas temos que dicir que constatan eses números que máis da metade das galegas e dos galegos que se ven na obriga de recorrer á Valedoría teñen que ver con problemáticas vencelladas á sanidade e a políticas sociais; e seguidas nese podio tamén pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Non queremos deternos as socialistas e os socialistas na frialdade dos números pero si pensamos que un ano máis, tendo en conta que se repiten as cifras e as problemáticas, estas porcentaxes ilustran onde están as debilidades, onde están as problemáticas e onde está —ou máis ben non está— a vontade deste Goberno da Xunta de Galicia. Do que se trata é de interpretar esta memoria e o que temos ante nós é unha radiografía, unha fotografía case a tempo real de cal é a situación dos dereitos humanos no noso país. E que amosa e constata ese discurso que as socialistas e os socialistas vimos defendendo durante tanto tempo —que non é un capricho, non é algo de ideas, ideolóxico nada máis— como constata este informe anual comprobamos como non hai sociedade que resista. E do vivido cómpre aprender e tomar nota sen a solidez dun sistema baseado na xustiza social.

As políticas de desmantelamento, de privatizacións como nas residencias estes anos, a privatización dos coidados das e dos maiores e das e dos máis vulnerables pasan factura e aquí está. Cada queixa pensamos tamén individual na sanidade, no trato ás e aos nosos maiores nas residencias, na educación, cando unha galega ou un galego recorre e presenta esta queixa representa en realidade un problema maior que afecta de xeito colectivo á cidadanía. E así con esa ambición tamén debe atender esas queixas —pensamos— a valedora do pobo.

Se hai un aspecto que un ano máis tamén queremos recoñecer é o esforzo en materia de igualdade que está a facer a súa valedoría dende a chegada á institución, un ano máis con múltiples iniciativas. E neste Parlamento aprobarase —agardamos— pois esa lei tan necesaria para rematar coa desigualdade que sofren as mulleres no ámbito da ciencia, da investigación e da universidade. Pois vén aquí a valedora, pois levou a iniciativa, a dianteira recollendo diversas queixas e tamén actuando de oficio por esta desigualdade que sofren as



mulleres investigadoras. Pensamos que ese é o percorrido, o ciclo perfecto, recoller os problemas e as problemáticas que hai na rúa que dende este Parlamento se lexisle ao respecto.

Volvendo á sanidade, recoñecemos evidentemente ese bo facer en materia de igualdade, á área sanidade salientada con máis queixas, e debullando esta memoria polo miúdo. E quero adiantarme tamén á resposta, interpretación ou xustificación que en Comisión se daba dende o Grupo Parlamentario Popular dicindo que, claro, que é normal que sexa o departamento con máis queixas porque somos moitas e moitos os galegos durante moitos anos tamén os que usamos a sanidade. Efectivamente, pero ¿como se explica que se somos moitas e moitas os que empregamos a sanidade que entre as queixas que atopamos neste informe estea esa decisión de dar publicidade a un número de pago 902 para usuarios do Sergas en plena crise sanitaria, en plena emerxencia sanitaria? Tamén outro ano máis seguimos a voltas coas listas de agarda, aparece nesta memoria o mesmo desamparo daquelas persoas que rexeitan ser intervidas en centros privados e que automaticamente este Goberno pasa desa lista de espera non estrutural. Un limbo no que non se teñen aplicado os tempos máximos de espera legais.

No Informe de 2019 xa aparecía esta problemática, a Valedoría sinalaba a necesidade de establecer un prazo máximo. E este ano de novo atopamos estas queixas, iso si, cunha resposta algo imprecisa por parte da consellería pero na que a Valedoría interpreta que o compromiso será de atender a estes pacientes no prazo máximo dun ano. Tamén recolle as dificultades para atopar citas de seren atendidos nos centros de saúde, o colapso das liñas telefónicas ou a problemática de usuarias e usuarios que precisan atención presencial.

Non hai tempo para analizar polo miúdo cada tema pero é indispensable tamén poñer o foco nas residencias con advertencias, investigacións de oficio. Un ano máis de novo lemos sobre as prácticas lamentables e o abuso das suxeicións, a falta de persoal, a insuficiencia de xeriatras, a escaseza de prazas públicas, os atrasos na asignación de praza, ou que a mesma se outorga moi lonxe do lugar de residencia. Chegamos aquí un ano despois da pandemia sen que poidamos dar o virus por superado, coa fotografía da gran vulnerabilidade que padecen as e os nosos maiores. E a pesar de vivir nun país cunhas cifras de avellentamento especialmente importantes non temos a restora ningunha lei que os ampare nin tendo as competencias corriximos as políticas e as prácticas que nos sacaron as vergoñas.

Tamén atopamos de novo queixas polas valoracións de dependencia, incrementáronse ademais de feito os tempos de espera. Recomendaron á Consellería de Política Social que adoptara as medidas precisas para corrixir estes atrasos. En materia xudicial advirten da innegable realidade de que non hai igualdade no acceso á profesión xudicial. Do problema no Instituto de Medicina Legal de Galicia, que intervén nos procesos xudiciais de familia facendo informes sobre a idoneidade da custodia e garda dos menores, ou nos procesos penais cun menor. Lembran que existen 7 delegacións en Galicia nas principais cidades. E temos manifestado dende o Grupo Socialista, teñen un volume de traballo inasumible que provoca atrasos de 2 anos nos procedementos xudiciais.

Na área referida á cultura, a meirande parte das queixas refírense un ano máis á falta de protección do inxente patrimonio cultural galego. Nada sorprende xa que a cuestión do pa-



trimonio é unha das materias pendentes. E animamos a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que lea atentamente porque é moi contundente o capítulo introdutorio en materia de cultura desta memoria. Fala de que a maior parte de expedientes censura, quedan se resposta, sofren atrasos; polo que lamenta a falta de información sobre a tramitación das denuncias. Produce —di literalmente— un particular malestar ás persoas ou asociacións na defensa do patrimonio á falta de resposta.

Sería igualmente importante deterse en materia de idioma, nas numerosas queixas tamén referidas a educación. Un elemento importante todo o que ten que ver tamén dicíamos coa educación especial. E non queremos rematar sen falar dos dereitos —dicía a valedora— LGBTI, nunha situación ademais de confinamento tiveron que atender situacións de moita dificultade para as persoas LBTBI, confinadas moitas veces nun entorno onde estaban vivindo discriminación. Dende o Grupo Socialista hai uns días preguntabamos e instabamos a Secretaría Xeral de Igualdade a dar cumprimento e a desenvolver a Lei pola igualdade real de dereitos de persoas gays, lesbianas, transexuais e intersexuais de Galicia do 2014. Alerando do incremento de agresións e situacións de discriminación para este colectivo, dous días antes de que tivera lugar na Coruña o lamentable e terrible asasinato de Samuel Luiz. Así que rematamos tamén coa importancia de seguir traballando en materia dos dereitos destas persoas. E animando —como dicíamos— a Valedoría a ser contundente, ambiciosa e ter en conta que cada queixa —como dicíamos— representa de seguro unha colectividade.

Moitísimas grazas. E insistir nese recoñecemento ao traballo tan duro de pandemia para toda a equipa da Valedoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Ben, bo día.

Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día á valedora. E antes de nada agradecer o seu traballo, que se ve, por suposto, reflectido neste informe.

Ben, cada vez que unha persoa ou que un colectivo se pon en contacto coa Valedoría do Pobo é unha mostra de que algo vai mal, de que hai un problema que pode ser máis pequeno, máis grande e pode afectar a máis ou menos xente, pero que debe ser solucionado para mellorar a calidade da vida desa xente que o solicita. E evidentemente é imposible que nunha sociedade non exista ningunha queixa, e máis nun ano de pandemia, polo que o crecemento do



28 % dos asuntos e das queixas en comparación coa no 2019 pois é entendible. Iso si, non quita que sigan existindo os mesmos problemas que ano tras ano levamos vendo; e que, por suposto, logo comentaremos.

Pero, antes de comezar, gustaríanos salientar dous aspectos do informe, un que nos gusta máis e un que nos gusta menos. Como xa dixemos, un que nos gusta moito ver é como cada vez máis xente se comunica coa Valedoría do Pobo en galego, subindo xa ao 73 % e que amosa xa case unha tendencia, un patrón de que cada vez máis xente asume a nosa lingua para comunicarse coa Valedoría. E logo hai outro que non nos gusta tanto, como é esa grandísima diferenciación de queixas entre o mundo urbano e o mundo rural. Evidentemente, entendido co feito de que vive máis xente no mundo urbano, pero esa grandísima diferenciación entre o 86 % e o 14 % parécenos que é unha especie de mostra de que hai un gran descoñecemento na institución no mundo do rural polo que desde o BNG volvémoslle pedir que aumente esa promoción da institución no mundo rural. Porque, o que si, poderás actuar ben ou poderás actuar mal pero se non te coñecen non vas poder actuar.

Dito isto, e sabendo do tempo que temos para falar, gustaríanos deternos sobre todo en tres áreas. Entón, eu cando estaba preparando isto dixen: a ver como fago, en que tres áreas me deteño e a ver como busco o argumento para falar desas tres áreas. ¿Por que escollo esas tres áreas? Pois a verdade é que foi bastante faciliño, foi bastante sinxelo porque foi tan fácil como irse ás que máis queixas teñen ou nas que a Valedoría dá ese toque de atención dun xeito máis claro. Entón, ¿cales eran esas tres áreas? Pois, para sorpresa de ninguén e como xa se apuntou: sanidade, política social e educación; pero tamén con graves críticas e queixas no referido a vivenda. ¿E que é o que vén dicir o informe sobre estas tres áreas? Pois así, poderíámolo ir resumindo, vén dicir un pouco e tristemente o de sempre, o que lle vimos dicindo á Xunta de Galiza desde hai anos e que ademais seguimos constatando, que ou ben o informe mente —algo que creo que todas e todos os que estamos aquí non o pensamos, eu penso—. Ou que cando levamos toda a vida criticando todo o seu modelo de vivenda pública, o seu modelo de residencias, ou o seu modelo de sanidade, pois que tiñamos razón; e tiñamos razón porque o informe di o seguinte, primeiro, que a sanidade recibe 1 de cada 3 queixas da Administración autonómica. ¿E de que falan esas queixas? Pois —como se apuntou xa— da triste realidade de que son as listas de agarda, listas de agarda que ademais supoñen a metade das queixas no referido á sanidade. E é que este informe volve facer ver de xeito claro que as listas de agarda no Sergas son inasumibles, que xeran graves problemas aos e ás doentes vivan onde vivan e sexa cal sexa o seu centro hospitalario de referencia. E se vemos que en todos os informes que ano tras ano se fai referencia ao mesmo pois ao mellor —ao mellor é moi arriscado— podemos concluír que este pode ser o resultado dun certo modelo de sanidade, dun certo partido político, dunha certa ideoloxía que por moito que se queira esconder pois está aí. E que cada vez ten máis de atraso, cada vez ten máis de lista de agarda e tristemente cada vez ten menos de público; semellante ao que ocorre no segundo eido máis atacado, que é o da política social, que aquí volvemos ver atrasos e pouca presenza do público.

E debemos salientar os graves atrasos na valoración das dependencias, unha realidade que levou a Valedoría a dicir cousas como —cito textualmente— «recomendar á Consellería de Política Social que adoptara as medidas precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de dependencia, e que prexudican as persoas afectadas ao atrasar o eventual servizo ou pres-



tación para a autonomía e a atención á dependencia, acompañado do seguinte: incrementáronse os tempos de espera das valoracións iniciais e as revisións, os retrasos prodúcense tamén despois do acto de valoración, é dicir, na aprobación formal e a notificación». Polo que, despois disto, eu penso que pouco máis hai que dicir que recordarlles, porque eu penso que sempre estará ben, recordarlles que detrás destes números, detrás destas cifras das listas da garda hai persoas, hai seres humanos que, como tales, pois teñen unha serie de dereitos, afortunadamente. E que cada día que pasa, cada semana, cada mes, cada ano incluso que pasa se seguen sen ser atendidas e atendidos a súa calidade de vida diminúe.

E como evidentemente non podemos falar de todas as áreas do informe, aínda que por min estaría perfecto, pero iso si estaríamos aquí ata a noite, por unha cousa ou por outra, hoxe temos bastantes cousas moi importantes das que falar, pois eu dixen: vamos ir ao que afecta dun xeito máis directo á vida da xente, e por suposto aí está a vivenda, e este informe constata dúas cousas moi graves.

A primeira é que no día de hoxe, e no 2020 tamén evidentemente, segue habendo xente que é desafiuzada polo feito de non poder facer fronte aos pagos. Pero é que non só isto, senón que as queixas relacionadas coa vivenda subiron un 57% en ano de pandemia. E isto dise moi rápido, é moi duro e dise moi rápido, é probable que pase un minutíño, que pasen dez minutos, unha hora e que nos esquezamos disto, pero isto é moi duro. E non lle podemos restar gravidade, porque, como dixen antes, na Galiza segue habendo xente no día de hoxe que se bota das súas casas por non poder facer fronte aos pagos. *(Aplausos.)*

E o segundo é un clásico, un triste clásico que non nos cansaremos de denunciar, que é o difícil acceso á vivenda, sobre todo na mocidade, que ademais, como ben sinala o informe que di: «Procede facer unha chamada ás administracións con competencia en materia de vivenda —sabemos quen as ten— sobre a necesidade de ampliar o parque público de vivenda en alugamento social e mobilizar as vivendas inscritas no censo de vivendas baleiras de Galicia».

Esta afirmación vai directamente contra a política de vivenda pública da Xunta de Galiza que precisa ser modificada, por suposto. Pola contra, aquí temos algo de sorte, é verdade, porque polo menos no momento de redacción sabíamos que contamos cunhas 1.900 vivendas nos seus lugares e digo sorte porque por casualidades da vida, ao final parece que neste país rexen moito as casualidades, todo o que ten a ver co goberno. Pois cando o BNG preguntou para saber onde e cantas vivendas había por concello pois non corremos tanta sorte, pero, bueno, cousas do directo, pode ser.

E, sabendo todo isto, desde o BNG consideramos que, despois de dicir unhas realidades tan graves coma esta, non estamos ante un toque de atención, unha chamadiña, estamos ante algo moi serio, e vólvese dicir. É que aquí teño que fiarme e dicir tal cal o pon a Valedoría: «As medidas de mellora de acceso á vivenda son fundamentais para a mellora das condicións de vida das persoas e as familias con escasos recursos económicos, é unha garantía para a dignidade e igualdade das persoas.

Aquí está todo dito, polo que xa llelo pido directamente, non nos fagan caso a nós, non lle fagan caso ao Bloque Nacionalista Galego, fáganlle caso á valedora, fáganlle caso a institu-



ción da Valedoría do Pobo, porque, se llo fan, sen dúbida que traería cambios moi positivos para os e as galegas.

Finalmente, deixando xa claro que, como dixen antes, gustárame falar de moitas máis cousas, como por exemplo a falta de dereito a conectividade no noso país ou esa increíble e insospeitada casualidade tamén de que todas as queixas por vulneración dos dereitos lingüísticos teñen a ver coa imposibilidade de empregar o galego en certos eidos, gustárame rematar, agradecendo o traballo da valedora no eido do feminismo na súa promoción en todos os ámbitos e na súa loita comprometida co obxectivo de ter unha sociedade máis feminista. Isto tristemente non quita que sigan aparecendo queixas pola vulneración dos dereitos das persoas, das mulleres, polo simple feito de ser mulleres e tamén vólvese sinalar a necesidade de seguir lexislando e seguir educando con perspectiva de xénero en moitos eidos como o da xustiza.

Tendo isto en conta e como lle dixen tamén en comisión, quedarnos con tres aspectos, a modo de resumo, e tres recomendacións: primeiro, a necesidade de promover a institución no mundo rural; segundo, a necesidade de que a Valedoría faga fincapé na idea de que as queixas que aparecen na sanidade, na política social, na educación ou na vivenda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTRO GARCÍA: ... teñen que diminuír dun xeito drástico; e, por último, que o seu compromiso co feminismo e coa promoción da educación e da lexislación con perspectiva de xénero siga así de firme, porque vai ser beneficioso para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Bos días.

Dámoslle unha vez máis a benvinda á valedora e ao seu equipo e agradecemos a súa exposición, que sintetiza o traballo da institución no ano 20, un ano con dificultades extraordinarias que xa tivemos ocasión de analizar na Comisión de peticións hai uns días.

Pero, entre a celebración da comisión e hoxe, pois aconteceu un dos feitos máis espeluznantes dos últimos en Galicia. Un rapaz de 24 anos, Samuel Luiz, foi asasinado dunha paliza por un grupo de xoves, o cal é difícil de comprender nunha sociedade democrática madura.

Numerosos estudos revelan que hai persoas que cometen actos en grupo que nunca farían se estiveran soas, e a violencia retroalimenta o grupo. E ¿como é posible que, das 12 persoas que din que participaron nesta agresión brutal, ninguén parara esa paliza, ninguén parara



a agresión? ¿Que pode pasar pola cabeza duns rapaces vinteañeiros para albergar tanto odio no seu interior? Non atopo respostas a tanto odio, a tanta agresividade e a tanta violencia. Todo o noso cariño e solidariedade coas persoas que amaban a Samuel. (*Aplausos.*)

Pero, por desgraza, señorías, isto non é un feito illado. Na actualidade, estamos experimentando un incremento de denuncias de violencia sexual grupal; segundo datos do observatorio da violencia sexual, no ano 2016 rexistráronse 18 violacións grupais, mentres que no 2019 foron 63, multiplicándose por 3,5 o incremento.

Problemas que non son alleos á institución da valedora, xa que a defensa do dereito fundamental á igualdade de oportunidades, así como a loita contra a calquera discriminación contra as persoas, son dous dos 10 eixos da actuación do decálogo que a titular da Valedoría se comprometeu no seu nomeamento, e observamos no informe como a valedora ten desenvolvido accións e prestado especial atención aos problemas de violencia de xénero, acoso, explotación sexual, problemas por razón de orientación sexual e identidade de xénero, persoas con discapacidade, discriminación e todo tipo de colectivos desfavorecidos.

Ao longo de todo o informe intúese unha moi boa colaboración das consellerías e da Administración autonómica coa institución, que acaba tamén de ratificar a valedora na súa intervención, o que amosa que a Valedoría non se percibe como un ente inquisidor, senón como un ente colaborativo que axuda as diferentes administracións a prestar mellores servizos á cidadanía.

E igualmente queremos valorar o labor mediador da institución, sobre todo nos casos de desafiuzamento con entidades bancarias e mesmo con entidades xestoras de activos, coa complexidade que iso supón. Pero, a pesar diso, observamos a tenacidade da valedora á hora de buscar unha solución dialogada e no ámbito social antes dun lanzamento. Pero no ámbito da vivenda a responsabilidade non recae unicamente na comunidade autónoma. Tamén observamos como hai problemas dalgúns concellos no mantemento de vivendas públicas ou retrasos na tramitación de axudas do plan estatal. Sinala o informe como algo positivo que se ten renovado o acordo de colaboración na institución co Instituto Galego de Vivenda e Solo co fin de intercambiar información con axilidade para atender as situacións de perda de vivenda das persoas máis vulnerables, e a Xunta segue a apostar polas políticas de vivenda; nos orzamentos do ano 21 habilitou unha partida de 36 millóns de euros para rehabilitación e mais outros 28 máis para distintas liñas de acceso a vivenda, tamén axudando aos concellos para que poidan aumentar o seu parque de vivendas sociais. E o informe detalla as actuacións de reforzo que puxo en marcha a Xunta neste ámbito para atender todas as problemáticas que xerara a declaración do Estado de alarma, como deixar de cobrar os alugueiros de vivendas e locais de titularidade pública, o bono alugueiro que prestou o cen por cento da renda que tiñan que pagar as persoas beneficiarias evitando que tiveran que pagar parte da renda que non cubría a axuda. Pero o informe é especialmente minucioso en tres ámbitos: en saúde, en educación e en política social, e foron moitas as investigacións que se teñen iniciado de oficio co fin de comprobar que estes servizos fundamentais durante a pandemia estaban a funcionar axeitadamente, e gustárame destacar que foron pechadas ou ben con arquivo porque a Administración autonómica estaba a cumprir a lei e os protocolos correspondentes ou inmediatamente poñía en marcha medidas para arranxar algunha deficiencia.



En canto a sanidade, dicir que as que as queixas respecto á calidade da atención sanitaria, reflicte o informe que a porcentaxe é moi baixa, e iso, señorías, é a mellor proba da calidade da nosa sanidade, tanto dos recursos como dos profesionais que hai á fronte, sendo esta unha das mellores sanidades do mundo.

A pesar das dificultades, a sanidade galega funcionou ben e deu resposta á crise sanitaria sen precedentes na que nos vimos inmersos, ante unha situación inédita e imprevisible que ninguén advertiu que podería suceder, mesmo o sistema de vixilancia epidemiolóxica de España fallou.

En relación coa falta de equipos de protección fronte á covid en centros sanitarios, destacou no informe a valedora que o Ministerio de Sanidade era a autoridade delegada e o mando único e por iso derivou no Defensor del Pueblo, pero a pesar diso di que as diferentes consellerías informaron de que se estaban a realizar todos os trámites necesarios para abastecer o máis axiña posible tanto os centros sanitarios como os residenciais de Galicia.

Señora Otero, ten que ler un pouco mellor o informe, porque as queixas do teléfono 902 resolvéronse arquivando, porque tamén se demostrou que se poñían á disposición dos usuarios outros teléfonos convencionais sen custo.

Señora Otero, a sanidade é a empresa máis grande de Galicia, traballan entre 40.000 e 44.000 profesionais e centos de miles de persoas acoden a diario á sanidade de Galicia. É normal que sexa o servizo con máis queixas, porque tamén é o servizo público con máis e mellor atención.

Revela o informe que, en relación coa realización de test covid, a actuación do Sergas se axustaba aos protocolos establecidos a nivel nacional e tamén reconece a valedora que as ratios persoal/docente foron axeitadas. E no ámbito dos recursos técnicos humanos Galicia fixo un enorme esforzo, mercou ventiladores no prazo previsto e á metade de prezo que o Goberno de España, contratou cerca de 200 profesionais sanitarios estudantes de MIR, foi pioneira no covid-auto e no covid-escola, creou xa no pasado xullo o rexistro de viaxeiros, anticipación na implantación de medidas, na compra de material e no reforzo da plantilla sanitaria, foi e segue sendo o modelo de Galicia para enfrontarse á pandemia. Un plan de continxencia contratando máis de 1.200 profesionais. En febreiro destináronse 2,5 millóns de euros á compra de respiradores e outros equipamentos. Estendeuse a toda a rede do Sergas as unidades de coidados respiratorios intermedios, por non falar das unidades postcovid e do magnífico trabalo que se está facendo co plan de vacinación.

Tamén se puxo en marcha a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, e aquí entramos xa no ámbito da política social, e cabe destacar que non houbo queixas por rexeitamento de derivacións aos hospitais, algo que observamos que sucedía con frecuencia noutros territorios de España. Houbo actuacións de oficio nos centros residenciais, xa que eran as persoas usuarias de maior idade, máis dependentes e cunha saúde máis precaria. E destaca o informe o comportamento exemplar que demostrou o persoal de atención das residencias. Aprecia tamén unha boa reacción ante as baixas relacionadas coa pandemia por parte do persoal dispoñible nas residencias e que se estableceron medidas de reforzo e fle-



xibilización. E tamén o Sergas aprobou un protocolo de despedida compatible coa garantía da saúde pública que se fixo extensible aos centros residenciais. O informe, ademais de dicir, señor do BNG, que nas valoracións de dependencia se incrementaron os tempos de espera, tamén di que iso foi porque se interromperon os procedementos dende o 16 de marzo. É normal que, se se interrompen os procesos de valoración, pois se xeren atrasos na valoración.

Pero a Xunta aprobou un plan para reducir esas esperas. Incrementou, a raíz dunha recomendación da Valedoría, aprobou un plan de reforzo ao servizo de axuda no fogar, con máis de 1 millóns de horas de reforzo para o servizo e reducindo as listas de espera mesmo nos casos das persoas dependentes con menor grao de dependencia. E 9 millóns de euros para enfrontar as consecuencias sociais da crise, as prestacións de inclusión, a tarxeta básica para as persoas máis necesitadas e vulnerables que quedaron sen traballo, en ERTE ou nunha situación de maior vulnerabilidade da que ao mellor xa viñan tendo.

No ámbito da educación tamén destaca que a suspensión da presencialidade a valedora reconece os extraordinarios esforzos da Administración educativa e das familias nun primeiro momento para adaptarse a un sistema de ensino a distancia, para adaptarse a recursos tecnolóxicos dixitais como a implantación de aulas virtuais. E tamén reconece un inxente traballo da Administración para poñer en marcha un novo curso escolar, compatibilizando a atención educativa e primando a presencialidade coa perspectiva sanitaria baseada na prevención. E dende aquí temos que reconecer que a comunidade educativa foi a que demostrou un mellor comportamento fronte a pandemia. E dende aquí quero trasladar o noso recoñecemento público a toda a comunidade educativa, tanto ao profesorado como ao alumnado, polo magnífico traballo que levan feito durante este curso e que permitiu que unha cousa que sobrevoou durante todo o ano de que ían pechar as aulas pois iso non se producira máis que en casos puntuais e extraordinarios. *(Aplausos.)*

Non teño moito máis tempo e pecho con tres cuestións tamén. Primeiro, é unha constante no informe destacar que ante as recomendacións da Valedoría a Administración autonómica actuou, en moitos casos mellorou a situación. En segundo lugar, parécenos unha magnífica dinámica de traballo que non se perciba a institución como unha especie de policía administrativa senón como un ente colaborativo que axuda a Administración a prestar máis e mellores servizos á cidadanía. E, finalmente, agradecemos que se dote a Valedoría dese valor engadido á defensa dos dereitos fundamentais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Pasamos ao punto 3.

Debate e votación do Ditame e das propostas de resolución aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos



Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2019 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): O ditame incorpora a Proposta de resolución número 1, do Grupo Popular de Galicia, relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2018. Seguido de 10 propostas de resolución aprobadas en Comisión na sesión do 25 de xuño de 2021, e que se someten agora a debate e votación. As propostas de resolución número 2 a 7 e a 9, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; as propostas de resolución 5 e 10, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e a proposta de resolución transaccionada coas propostas de resolución 8, 18 e 26 dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, respectivamente.

Para presentar o ditame da Comisión ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Presentación do ditame e das propostas de resolución aprobadas pola Comisión non permanente para as relacións do Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2019.

Por Acordo da Mesa do Parlamento do 3 de novembro de 2020 admitiuse a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a memoria anual de actividades correspondente ao exercicio de 2019 que inclúe o Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2018.

Logo de estudar os citados informes, así como as 9 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as 20 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e as 36 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a ponencia nomeada para o efecto e reunida o 9 de xullo de 2021 elevoulle á Comisión para as relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, verbo dos que se pronunciou este órgano en sesión do 25 de xuño de 2020.

O ditame da comisión incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2018. As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación son 10:

a) Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Aprobáronse as números 2 a 7 e a 9 deste grupo parlamentario. Así como unha proposta de transacción elaborada coas propostas de resolución número 8 do Grupo Parlamentario Popular, número 18 Grupo Parlamentario do BNG, e número 26 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

b) Proposta de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Aprobáronse as propostas de resolución número 5 e 10. E a citada proposta de transacción elaborada



coas propostas de resolución número 8, do Grupo Parlamentario Popular; número 18, do Grupo Parlamentario do BNG; e número 26, do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

c) Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Aprobouse a indicada proposta de transacción elaborada coas propostas de resolución número 8, do Grupo Parlamentario Popular; 18, do BNG; e 26, do Grupo Parlamentario Socialista.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e a fixación da posición respecto das demais, por un tempo de 5 minutos por grupo parlamentario. *(Pausa.)*

Ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Os socialistas hoxe queremos volver manifestar o noso recoñecemento e valoración do traballo desenvolvido polo Consello de Contas, polo rigoroso traballo feito así como polo esforzo dos últimos anos por achegar cronoloxicamente a conta xeral da comunidade autónoma aos informes de fiscalización.

Pero tamén queremos volver poñer de manifesto a nosa desconformidade co desenvolvemento desta Comisión que debiera ser mellorada tanto en transparencia como en debate parlamentario, unha anomalía posta de manifesto por este grupo parlamentario ano tras ano. O Consello de Contas elabora os informes de fiscalización de acordo co plan de traballo anual que é aprobado polo Pleno do Consello de Contas e, posteriormente, polo Parlamento galego. Unha vez que elabora estes informes son aprobados no Pleno do Consello de Contas e achéganse ao Parlamento para o eu coñecemento e debate. Esta remisión normalmente faise en dúas quendas ao cabo do ano, independentemente da data na que foran finalizados os informes de fiscalización. Pero é que unha vez que entran no Parlamento pasan meses en todos os casos ata que se desenvolve a comisión para o seu debate. Sen ir máis lonxe, hoxe rematamos o debate de 17 informes de fiscalización entre os que se encontra o correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2018, máis a memoria anual de 2019, mais as contas anuais do Consello; é dicir, 19 documentos que tiveron entrada no Parlamento de Galicia o 30 de outubro de 2020. E prodúcese o primeiro debate en Comisión o 11 de marzo, é dicir, catro meses e medio despois de que tiveran entrado neste Parlamento galego; e o último debate é hoxe, 9 meses despois de que tiveran entrada no Parlamento. ¿Cales son as razóns? Pois a verdade é que a resposta é bastante clara, desvirtuar o labor do Consello de Contas



para que o contido dos informes de fiscalización pasen totalmente diluídos, hoxe dentro dun Pleno como o de hoxe que está totalmente saturado de cantidade de asuntos importantes. (*Aplausos.*) Xa que logo, vostedes pretenden que todos estes reparos postos nos informes de fiscalización pasen totalmente desapercibidos á cidadanía. Unha falla de respecto total e absoluta polo traballo desenvolvido pola institución que ten a función de fiscalización sobre o sector autonómico galego. Para a Xunta de Galicia e para o Grupo Parlamentario do Partido Popular estes informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas de Galicia son un mero trámite que pretenden que pase sen ningunha repercusión.

Ante esta situación reiteradamente demandada polo Grupo Parlamentario Socialista presentamos ante a Mesa unha proposta de modificación dos acordos interpretativos e normas complementarias do Regulamento do Parlamento de Galicia. Que obrigue á convocatoria da Comisión para as relacións co Consello de Contas no prazo de 15 días dende a publicación no Boletín do Parlamento dos informes de fiscalización que son achegados polo Consello de Contas. Esperamos que esta proposta para modificar unha norma que vén do ano 1993 e que non cómpre nin co sentido da Lei de transparencia e bo goberno aprobada nesta Cámara, pois que sexa adoptada por este Parlamento e se mude este funcionamento desta Comisión para a relación co Consello de Contas.

Entrando xa nas propostas de resolución presentadas, o Grupo Parlamentario Socialista presentamos 36 propostas de resolución. Que o Partido Popular, o partido que sustenta o Goberno co seu rodillo de maioría absoluta impide que sexan aprobadas; e, polo tanto, impiden que a Administración autonómica cumpra coa súa obriga de formular a Conta Xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais de acordo coa transparencia e rigor orzamentario exigible nas normas. É algo que non pedimos os socialistas senón que manifesta e reitera ano tras ano o Consello de Contas nos seus informes de fiscalización repetindo e reiterando ano tras ano practicamente as mesmas recomendacións.

Das 36 propostas formuladas o Partido Popular só aceptou 1, por certo, transacionada cunha do BNG e unha do PP, e que di literalmente: «Instar a Xunta de Galicia para que poña en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofasga». Unha obriga legal de 2010, é dicir, 11 anos despois a Xunta de Galicia de Núñez Feijóo segue facendo, plin, dálle igual o que poña o Consello de Contas, e sen ter absolutamente nada feito. Unha proposta que vou ler literalmente a recomendación que pon o Consello de Contas e que ademais di: «Recomendación aceptada e pendente de aplicación no ano 2018». Esta recomendación foi aceptada pola Xunta de Galicia pero atópase pendente de aplicación, sen que se verificase avances na súa implantación; é dicir, aceptada si pero unha vez máis incumplida. Vamos —como digo eu sempre—, vostedes son os expertos en facer que fan, si si, apróbase pero logo non se fai.

Por certo, señores do Partido Popular, vostedes saben perfectamente —como se manifesta nos informes— que hai 28 entidades públicas que non renderon contas en 2018, pero aínda así vostedes impiden que se aprobe a nosa proposta número 7.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.



E que ademais que obligue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como a elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes. Pero vostedes votan en contra.

A Xunta de Galicia de Núñez Feijóo leva 12 anos sen atender as recomendacións do Consello de Contas. Recomendacións que ano tras ano reiteran o Consello de Contas. Que impiden tamén que se aprobe a aplicación da normativa contable aprobada en 2010 e que é de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non só na conta xeral senón tamén das entidades instrumentais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, señor presidente. Como o tempo é mínimo, 5 minutos a verdade que non dan para nada...,

O señor PRESIDENTE: Xa son 7.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...insistir.

O señor PRESIDENTE: Vostede xa leva 7. Leva 7.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois xa serán 7 pero aínda así...

O señor PRESIDENTE: Leva 7. Grazas.

Moitas grazas.

Non, son 5 que ao final foron 7. Grazas.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe conclúe o debate respecto de varios informes de fiscalización do sector público de Galiza por parte do Consello de Contas, nada máis e nada menos que un total de 19 informes entre os que hai algúns tan densos e tan relevantes e complexos como a conta



xeral do 18, varias entidades instrumentais do Sergas ou do FCI, non sei se o señor presidente por ser de Ourense, vai levar eses sete minutos a nove ou dez ou dezanove, a verdade é que nos cumprirían. Pero, en todo caso, tentaremos sintetizar. En primeiro lugar, queríamos deixar claro tamén desde o Bloque Nacionalista Galego o recoñecemento, o bo traballo do Consello de Contas, non só polo gran volume do informes senón tamén pola súa calidade e recoñecer explicitamente, que ademais, moitos deles tiveron un esforzo extra por mor das circunstancias da pandemia. Que hai que recordar que tamén durante o primeiro estado de alarma houbo unha suspensión de moitos prazos, e aínda así, malia as dificultades obxectivas cremos que o volume, a calidade de traballo fan ver xa a madurez deste organismo.

Pola contra, non podemos recoñecer a mesma avalía e a mesma valoración positiva para a Xunta de Galicia, ¿por que? pois porque estes informes o que fan é amosar debilidades e necesidades moitas delas recorrentes, coñecidas de anos anteriores, que a Xunta de Galiza, que é quen é responsable de tomalas en consideración ou non e de aplicar dilixencia ou non a esas tomas en consideración, desde logo, non fai ben os deberes. Maioritariamente ignora un volume importante de recomendacións, outras son ralentizadas practicamente *sine die* e o máis importante para nós é a reflexión de fondo non se asume, e nós entendemos que isto é unha mala nova, sobre todo nun contexto como o que vivimos hoxe, porque o certo é que estes informes amosan unha foto da Galiza de 2018-2019 en moitos casos, e a Galiza de xullo de 2021 é ben diferente por razóns obvias, pero moitas das aprendizaxes e das direccións que marca o Consello de Contas, pois se onte eran importantes, hoxe son desde logo, máis aínda e moi urxentes, porque a ninguén se lle escapa que estamos xa no medio dunha crise enorme no económico e no social, que vai acelerar moitos cambios e transformacións e precisamente, pois para superar os efectos desa pandemia sería importante ter aplicado xa anteriormente moitas das correccións que se estipulan nestes informes e que contribuirían, en definitiva, a fortalecer o noso autogoberno. Pero, temos, un goberno galego que segue instalado na soberbia, que segue instalado nese mantra de que por ter en maioría absoluta, pois automaticamente teñen a razón e parece que as demais temos que vir a esta Cámara a aplaudir a folla de ruta que eles marquen. Nós, desde logo, coas 20 propostas que presentamos non o fixemos, tentamos sinalar precisamente onde se falla, e lamentamos que so se aceptaran dúas, e unha transacción que como xa se recolleu aquí por parte da anterior voceira fai referencia a unha cuestión que tiña que terse aplicado hai máis dunha década xa pero en todo caso, lamentamos que non houbese máis capacidade de autocritica, de ambición tamén, á hora de asumir máis propostas, sobre todo porque unha boa parte delas non son o programa político do Bloque Nacionalista Galego, senón que son nalgún caso recomendacións case literais do organismo do Consello de Contas. Polo tanto, esa lectura crítica queda enriba da mesa, sobre todo porque en moitos casos, o único que se engadía era unha proposta de calendario e tampouco iso foi adiante. E tamén, pois queríamos aproveitar esta intervención para deixar case telegraficamente outra reflexión de fondo.

Para nós, os informes que como dicía son de períodos anteriores o ano no que nos atopamos visto coas lentes que nos da experiencia que temos xa nestes últimos meses de pandemia, pois entendemos que hai tres ámbitos que xa sinalan e que a Xunta de Galicia ao non aceptar máis recomendacións e o non estar tampouco na súa praxe diaria, incorporando algunhas desas cuestións, pois hai tres ámbitos que non atendendo adecuadamente, un sería o sanitario, outro sería o do reto dos fondos europeos, e por último o reto do autogoberno e sin-



gularmente nun novo sistema de financiamento. Pensamos que os informes amosan eivas estruturais neste sentido, por sinalar unha quixera centrarme na cuestión da conta xeral do Sergas, unha vez máis amosa insuficiencia orzamentaria, o gasto previsto non falla nunca é o gasto que se necesita, sempre hai que suplementar eses gatos, iso é así, porque é un sistema de financiamento insuficiente, vese tamén o progresivo proceso de privatización do sistema sanitario público e a temporalidade e a precariedade laboral. Vou ler literalmente na páxina 106 do informe da conta xeral do Sergas, di: «Respecto do ano 2018 que a nivel global se observa unha diminución interanual de 777 efectivos medios de persoal propietario. Pola contra, un aumento de 772 interino. Álase dos índices de temporalidade, de que seguen sendo altos, que hai un incremento interanual, un 43 % na atención especializada e un 31 % na atención primaria. Esa era a foto de 2018, esa era a foto coa que Galiza tivo que enfrontar unha pandemia sanitaria sen precedentes, e o problema é que na foto que quere construír o Goberno do Partido Popular para o futuro non hai unha rectificación deste panorama. O mesmo respecto dos fondos europeos, sinálanse moitísimas deficiencias, cuestións de falta de transparencia, de mala execución, de falta de participación dos concellos, e tamén do que levamos vivido nestes dous meses de períodos de sesións, pois vemos que esa é a liña continuísta que quere abrazar o Partido Popular e tamén a respecto do exercicio do noso autogoberno que repetidamente vemos como simplemente é unha escenificación contra o Goberno central.

E unha das dúas propostas que se aceptaron por parte do Bloque Nacionalista Galego foi...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... precisamente de cara a enfocar un debate de país na cuestión do financiamento, o certo é que os precedentes fainos ser escépticos pero veremos no seguinte debate, na seguinte conta xeral se iso dou algo de si ou non. Desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego, entendemos que tanto estes informes do Consello de Contas como o que estamos vivindo nos últimos meses, avanza que esa liña, a de reforzo do autogoberno ten que ser a liña e nese sentido pois seguiremos contribuíndo con estas outras propostas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Si, moitas grazas, señor presidente.

Voulle pedir a mesma xenerosidade que lle teñen pedido as voceiras dos outros grupos, porque eu teño que facer... ¡perdón! Voulle pedir a miña xenerosidade porque eu teño que facer o relatorio das cuestións que tratamos en comisión e tamén contestar a algunha das cousas que se dixeron aquí, moi brevemente sobre estes importantes informes de ponencia sobre os informes de fiscalización da memoria anual de 2019. Informe para o que dende este grupo, o Grupo Parlamentario Popular pedimos a súa aprobación, igual que o resto dos grupos



cunha primeira proposta de resolución común. Outras sete propostas, do Grupo Parlamentario Popular, dúas do Grupo Parlamentario do BNG como se dixo aquí e outra transaccionada entre os tres grupos.

Polo tanto, eu quero saudar que seguramente os grupos que compoñen a oposición aspiraban a máis, pero eu creo que houbo un intenso trabalo, un intenso traballo de estudo e un intenso diálogo en comisión que nos permite algúns consensos en relación a isto.

Pero, señora Rodríguez Rumbo, teño que dicirlle dúas cousas, dende logo todo é mellorable, pero estes informes tráense moito antes do que se traían cando gobernaban vostedes. Iso en primeiro lugar. Claro, claro, un pouco antes.

En segundo lugar, hoxe o Consello de Contas ten máis funcións que cando gobernaban vostedes. É unha pena que non apoian a ampliación das competencias do Consello de Contas, e unha terceira cousa, señora Rodríguez Rumbo, moi brevemente. Nós non queremos ocultar o que di o Consello de Contas, porque nós estamos orgullosos da xestión económica da Xunta de Galicia. (Aplausos.)

Señora Rodríguez Presas, toda autocrítica, por suposto, hai recomendacións que están pendentes de aplicar, pero a maioría das recomendacións estanse aplicando. Señora Presas, o que non imos é a facer unha emenda a totalidade a xestión económica da Xunta de Galicia, teno que entender, porque non é que apoie o grupo maioritario desta Cámara, apoiaron a maioría absoluta dos galegos e das galegas, fai un ano e un día exactamente.

Mire, sobre sanidade, e que non é o que diga vostede, é o que di o Consello de Contas, páxina 17 do informe de fiscalización do Sergas. No ano 2018 o orzamento sanitario ascendeu a 3.871 millóns, cun incremento do 3 % consolidando o cambio de tendencia que se iniciou no ano 2015 despois do período de crise, 40 % do total da comunidade autónoma, 6 % do produto interior bruto sobre a actividade concertada, a manta da actividade concertada, páxina 21, en termos reais de gasto representa o 5 % do gasto do organismo autónomo, menos —sinto dicirlló— que cando gobernaba o bipartito.

E que di tamén o informe sobre a conta xeral, o máis importante dos 17 informes de fiscalización, verifica que a información rendida é completa, determina que as contas da administración reflicten a imaxe fiel do patrimonio, e que a información necesaria para interpretar a situación financeira da administración. E, nestes temos en que estamos non é un tema menor. Estar ante un goberno que fai orzamentos cada ano, poderían mirar algunha outra administración como fai. Un orzamento que executa, un goberno que executa tamén os orzamentos.

Miren, tanto falar da Xunta, 95 % de execución presupostaria. Vaian as deputacións, tres das catro gobernadas polo Partido Socialista e polo BNG, e que a execución da Xunta é no 95, ¿mellorable? Por suposto, pero a execución das catro deputacións é do 47 %. Non deberon ler a páxina 30 do informe de fiscalización das corporacións locais. Modificacións de crédito, é que claro, a Xunta ten modificacións de crédito por un 2,17 %. Poden comparala vostedes coas cifras dalgúns concellos. Recoñecemento extraxudiciais de crédito, seis expedientes,



toda a Xunta de Galicia tivo 6 expedientes, importe 698.000 euros, poderían comparalo coas sete cidades de Galicia. Hai un informe en relación a iso. Seis expedientes da Xunta de Galicia, 1.191 expedientes da sete cidades de Galicia por un importe superior a [] de euros.

A realidade é que nós, dende logo, o que queremos é que o Consello de Contas nos siga axudando a mellorar. Queremos aproveitar todas as iniciativas que teñan os grupos parlamentarios para seguir mellorando, porque esa sempre é a vocación dos gobernos, queda moito por facer. Por iso, estamos aquí para entre todos os grupos e cun goberno ser capaces de seguir avanzando.

Remato xa, porque unha boa xestión económica, permítenos seguir mellorando o benestar dos galegos, sobre todo nos momentos nos que nos encontramos, cun maior incremento do PIB baixando o paro, converxendo en renda. De todos os que estamos aquí, depende que poñamos seguir avanzando. Nós dende este grupo, dende logo, imos seguir, ao lado deste goberno e imos seguir sobre todo ao lado das galegas e dos galegos que teñen confiado en nós.

Nada mías e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey Varela.

Rematado este debate, procedemos á votación do ditame e das propostas de resolución.

Comezamos votando o ditame, que incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Popular de Galicia, relativa a aprobación da conta xeral da Comunidade autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2018.

Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión. Pedíuse unha separación das votacións. Comezamos votando as que pediu o Grupo Parlamentario Socialista que se votaran por separado, que son, en concreto, as números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 9 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 9 do G. P. Popular de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución número 5 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e tamén a número 10 do mesmo grupo. E tamén a proposta transaccionada entre os números 8, 18 e 26 do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario do BNG, e do Grupo Parlamentario Socialista, respectivamente.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 5 e 10 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e da proposta de resolución transaccionada entre a número 8 do G. P. Popular de Galicia, a número 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución por unanimidade.

E queda aprobado o ditame e as propostas de resolución do Consello de Contas.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 4 da orde do día.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: Hai unha serie de votos particulares formulados ao ditame polo Grupo Parlamentario Socialista, e voto particular á totalidade do ditame con texto alternativo, e votos particulares parciais de 1 a 335. E tamén do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e tamén voto particular á totalidade do ditame con texto alternativo e un voto particular parcial.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión, don Diego Calvo Pouso.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19 (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías.

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 foi creada pola Mesa do Parlamento logo de audiencia da Xunta de Portavoces na súa reunión do 15 de setembro de 2020.



A Comisión constituíuse o 8 de outubro de 2020 e quedou integrada por 12 membros: 7 membros do Grupo Parlamentario Popular, 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Para a consecución do obxectivo fixado a Comisión aprobou un plan de traballo na súa sesión do día 27 de outubro de 2020, na que se estruturaron as comparecencias e as solicitudes de información documental nas seguintes áreas temáticas: economía, política social, sanidade, educación, cultura, institucional e igualdade. En execución do seu plan de traballo solicitáronse 142 informes e compareceron 51 persoas vinculadas aos ditos sectores. Habilitouse tamén unha caixa de correo co fin de que todas aquelas persoas ou entidades con domicilio en Galicia que quixeran puideran achegar as súas suxestións.

Rematada a fase de instrución, designouse a ponencia, que elaborou o proxecto de ditame; verbo do que o Grupo Parlamentario Popular formulou dúas emendas parciais. O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 1 emenda á totalidade con texto alternativo, mais unha emenda parcial. E o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 1 emenda á totalidade con texto alternativo, e 1 emenda parcial.

Na sesión da Comisión do 29 de xuño de 2021 debateuse o proxecto de ditame e as emendas. Aprobáronse 2 emendas parciais e 46 transaccionais. Unha elaborouse cos grupos parlamentarios do BNG e dos Socialistas, e 17 redactáronse co Grupo Parlamentario do BNG, 28 co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. E aprobouse por maioría o ditame. Se as agrupamos por áreas, dentro da área económico-financeira foron transacionadas 15 co Partido Socialista, 6 co Bloque Nacionalista Galego; en total, 21. Na área de política social: 2, co Grupo Parlamentario do Partido Socialista, 3, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; en total, 5. Na área de sanidade: 2, co Grupo Parlamentario Socialista, e, 1, co Grupo Parlamentario do Bloque; en total, 3. Na área de educación: 6, co Grupo Parlamentario Socialista. Na área de cultura: 2, co Grupo Parlamentario Socialista, e, 4, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e, 1, co ambos os dous grupos; en total, 6. Na institucional non houbo emendas transacionadas. E na área de igualdade, 1, co Grupo Parlamentario Socialista, e, 3, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; en total, 4. De incorporación directa desas 46 emendas das que falabamos foron 28, e 18 foron transaccións cos distintos grupos.

A Mesa da Comisión reuniuse o 6 de xullo deste ano 2021, admitiu a trámite os votos particulares formulados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia ao ditame da Comisión co seguinte detalle: 1 voto particular á totalidade do ditame da Comisión con texto alternativo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. 1 voto particular á totalidade do ditame da Comisión con texto alternativo do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. 1 voto particular parcial ao ditame da Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. E votos particulares parciais, 1 e 3 a 335 ao ditame da Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O ditame da Comisión está dividido en dúas partes: a primeira, de antecedentes parlamentarios; e, a segunda, de consideracións. A parte de consideración divídese en tres: introdución, áreas de actuación e fondo de consenso.



Quero finalizar agradecendo aos letrados do Parlamento e os servizos da Cámara que fixeron o posible para que en tan pouco tempo pediramos tantos informes e fósamos capaces de encadrar todas e cada unha das comparecencias que houbo nuns meses tan comprimidos.

Quero agradecer tamén aos membros da Comisión a predisposición para adaptar continuamente a axenda e facer posible que todas aquelas persoas coas que intentamos chegar a un acordo para que comparecesen puidesen ter un oco dispoñible segundo a axenda deles e tamén a axenda de todas as señorías. Quero agradecer ese esforzo en nome da Comisión e en nome de todos.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Comezamos, polo tanto, o debate coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares formulados. *(Pausa.)*

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista e para iso ten a palabra o señor Caballero Míguez por un tempo de 10 minutos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Despois de 9 meses de traballo a Comisión de reactivación económica, social, cultural de reactivación de Galicia tras a covid pon fin aos seus traballos. E temos que sinalar que Grupo Parlamentario Socialista plantexa unha proposta de ditame a esa Comisión que incorpora as grandes liñas necesarias para a reactivación do noso país. Un plantexamento de saída desta crise que cre que a Xunta de Galicia ten que ter un papel impulsor, catalizador; un papel de emprendemento á hora de xerar novas liñas de acción para permitir unha saída da maior crise económica e social que todos recordamos. Unha saída desta crise que vaia da man dos servizos públicos, que faga fronte aos retos da transformación ecolóxica e dixital. Unha saída da crise que ten que priorizar a xeración de emprego. Unha saída da crise que ten que protexer a mulleres, mocidade e parados de longa duración, que son os sectores máis vulnerables.

Mais despois destes 9 meses queremos empezar esta intervención facendo unha reflexión sobre como cambiou o escenario da pandemia ao longo destes nove meses. Porque cando en outono pasado comezou a traballar a Comisión de reactivación o escenario que tiñamos por diante era un escenario de moitísimas incertezas, de moitísimas dificultades. E agora o escenario, tendo moitas incertezas e moitas dificultades, ten unha nova etapa e unha nova fase porque as dúas preocupacións que ten a cidadanía galega son a vacinación e a reactivación. A vacinación como a principal garantía fronte ao virus e tamén para establecer as bases para unha nova etapa económica e social, e a reactivación impulsada dende o sector público



e dende os poderes do Estado para non deixar abandonada a xente. E é por iso que mudou o escenario, e temos que empezar recoñecendo que o ano 2021 é o ano da vacinación, que na historia da humanidade, na historia dos distintos países a vacinación mudouno case todo. E que a estratexia do Goberno de España a carón da Estratexia europea de vacinación está levando a que a longo deste verán máis do 60 % dos galegos —o 70 % ao final do verán— vaian ter inmunidade, vaian estar protexidos fronte ao risco do virus. E hai que recordalo porque cando empezabamos a Comisión de reactivación dende a Presidencia do Goberno da Xunta dicíase que non ía haber vacinas ata o segundo trimestre do ano 2021, que eran anuncios grandilocuentes. E cando iso se dicía errouse, e errouse porque no segundo trimestre do 2021 —sen ter que recorrer a outras estratexias que outros plantexaban falando de vacinas cubanas, chinas ou rusas— a estratexia do Goberno de España coa ciencia, coa Unión Europea e coa sanidade pública está permitindo levar a un nivel de vacinación en España que é de referencia e que é a principal base para a reactivación económica e social. (*Aplausos.*) Esa é a liña que temos que poñer en valor. (*Aplausos.*)

E é importante que xunto a esa vacinación entendamos que temos que plantexar a reactivación do país coas posibilidades de fondos que hai neste momento en España e tamén na Comunidade Autónoma Galega. Porque os cidadáns nos están esperando, están esperando a ter un Goberno da Xunta que poida darlles protección, impulso e emprego que poida darlles posibilidades de esperanza no noso país. E atopámonos con que o ditame que plantexa o Partido Popular é un ditame insuficiente, con falla de concreción, que escapa dos asuntos fundamentais, que non ten un plantexamento de país para aproveitar as oportunidades; e que prefire poñerse de perfil cos brazos caídos crendo que a inercia e a inacción son as fórmulas de facer fronte a esta crise.

Este Goberno da Xunta recibiu o ano pasado 735 millóns dende o Goberno de España con fondos europeos para a reactivación. Máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios nos orzamentos da Xunta no ano 2021 para a reactivación. Este é o Goberno da Xunta que ten máis cartos nun orzamento na historia do noso país e probablemente non se van repetir estes datos ao longo doutros anos. Pero fronte a isto atopámonos con esa Xunta ausente, cun Goberno do Partido Popular que prefire optar pola unilateralidade e polo rodillo da maioría, sen entender que temos que poñernos ao carón da xente; e que xuntos con plantexamentos de país seremos capaces de facer que a reactivación poida chegar a todos e a todas. Nunha Galicia na que vemos tantas cousas que nos preocupan, onde hai listas de espera en atención primaria, onde neste verán se pechan 600 camas de atención hospitalaria, onde hai máis listas de espera en quirófanos ou en especialistas, onde somos os 13 de 17 comunidades en servizos sociais, onde se nos din que se van despedir profesores a inicios do curso do ano que vén, onde estamos desnortados á hora de estudar os fondos europeos. Cremos que o ditame tiña que ter outro plantexamento e outro impulso.

E a mellor mostra do gran fracaso da política económica da Xunta de Galicia para a reactivación é que estamos no mes de xullo e hai 113 millóns de euros nos orzamentos da Xunta que a día de hoxe aínda non teñen destino. Que pasaron os momentos de maior dificultade na terceira onda do país na que tantos galegos e galegas non podían durmir polas dificultades, e o Goberno da Xunta meteu 113 millóns de euros no colchón en vez de poñelos en man da xente que necesitaba fondos e que necesitaba ter unha Xunta aliada en vez dunha Xunta



que lle deu as costas. (*Aplausos.*) Mentres moitos galegos non podían durmir polas dificultades, o presidente da Xunta de Galicia meteu os fondos no colchón, preferiu ter os fondos reservados dentro das contas da Xunta de Galicia en vez de poñelos a carón da xente. Porque eu estou convencido de que un Goberno conservador, un Goberno que xestionou a anterior crise con políticas neoliberais atopouse con tal cantidade de fondos neste ano que non sabía que facer con eles. E por iso, porque non había capacidade de xestión, porque non había capacidade de dedicalos aos servizos públicos, porque non foron capaces de darlle uso, chegamos ao mes de xullo con 113 millóns de euros que aínda non teñen destino. E por iso presentamos un ditame distinto das políticas conservadoras, un ditame alternativo, un plantexamento que o imos levar cun voto da nosa organización, do noso grupo, para fortalecer a sanidade. Con propostas concretas, porque podemos promover unha reactivación que protexa a sanidade pública, é posible sacar a concurso 5.000 novas prazas na sanidade pública galega, e o Partido Popular di que non. Porque podemos darlle estabilidade a todo o persoal sanitario que tivo contratos eventuais de máis de 300 días acumulados nos últimos dous anos, e o Partido Popular di que non. Porque podemos aprobar un plan contra a pobreza e pola desigualdade, e o PP di que non. Porque podemos incrementar o persoal en servizos sociais —estamos na cola de España; en España hai 1 traballador social por cada 1.875 persoas; en Galicia, 1 por cada 2.500—, e o PP di que non. Porque podemos manter o profesorado que está contratado neste curso no ano que vén, e o PP di que non. Porque podemos apostar pola igualdade, coa aposta polos CIM, polo plan galego de conciliación e corresponsabilidade, para que as mulleres non saian máis rezagadas desta crise, e o Partido Popular di que non. Porque é necesaria unha mesa pola industrialización, para a reindustrialización de Galicia, en comarcas como Eume, como Ortegal, como Fene, como Ferrolterra, unha mesa pola industrialización para que a Xunta cumpra coa política industrial, que é a súa tarefa, e o Partido Popular di que non. Porque podemos traballar para elevar o investimento en I+D+I ata o 1,5 do PIB, e o PP di que non. Porque plantexamos que se contraten 2.000 novos investigadores e investigadores nesta lexislatura, e o PP di que non. Porque queremos elevar o investimento en cultura ata o 1 % dos orzamentos da Xunta, e o PP di que non.

E porque o Partido Popular di que non aos plantexamentos que fai un país máis forte, con mellores servizos sociais, cunha reactivación, cun escudo protector.

Das propostas do Grupo Parlamentario Socialista, dun ditame que plantexa máis de trescentas e pico propostas, o Partido Popular aceptou o 15 % e rexeitou o 85 %. Iso é unilateralismo, iso é escaseza de miras (*Aplausos.*), iso é falla de vocación de diálogo. E tendemos a man de forma continua, tendémoslla ao presidente da Xunta, ao Grupo Popular, e ímola seguir tendendo. Porque eu creo que o Goberno da Xunta de Galicia non está á altura do que a reactivación necesita, que seguen ancorados nese plantexamento, e que a proposta de actividade, de reactivación, que plantexamos os socialistas encauza o fortalecemento dos servizos públicos, prioridades do país para a reactivación económica e do emprego, fortalecemento dos sectores máis vulnerables, e cremos que esa ten que ser a liña que vostedes non queren asumir.

Hai unha falla de ambición, unha falla de alcance, de medidas, e, dende logo, o Grupo Parlamentario Socialista amósase decepcionado de que o Goberno conservador en Galicia non estea á altura de entender que unha cogobernanza conxunta e aceptar propostas de fortale-



cemento dos servizos públicos, de xeración de emprego, de transición ecolóxica e dixital, de fortalecemento da igualdade, de loita polos dereitos das mulleres e polo futuro de mozos e mozas non sexa asumido.

E dicímolo cando sabemos que foron momentos de enormes dificultades, tamén para as administracións autonómicas, e que tiveron que xestionar unha enorme crise que a todos nos asolou. Tamén o fixeron os concellos, e cremos que a falla de apoio por parte do Goberno da Xunta aos concellos de Galicia, pasándolles competencias que tiña que facer o Goberno da Xunta, e que vostedes delegan nos concellos sen darlles financiamento, é unha aldraxe ao municipalismo galego. Que é necesario apoiar os concellos de Galicia, que se a Xunta de Galicia non é quen de xestionar os problemas dos galegos e das galegas, que se a Xunta de Galicia non sabe que facer cos fondos que están nas mans da Xunta de Galicia, que os poña nas mans dos concellos, das alcaldías, dos concelleiros e concelleiras que estiveron a carón da cidadanía dende o primeiro momento da crise, e que teñen unha asfixia financeira porque están facendo a política social, a limpeza dos colexios, a atención dos parques,... tantas cuestións que a Xunta debería facer e que non fai. *(Aplausos.)*

E eu quero recoñecerlle ao Grupo Parlamentario Popular que é certo que afondou nunha liña que nós defendemos: o plantexamento do financiamento do servizo de axuda ao fogar, que debe ser competencia da Xunta, polo menos, nun 70 %, de acordo cos termos establecidos. Porque o servizo de axuda ao fogar é un dereito dos galegos e das galegas, pero é unha competencia que ten a Xunta de Galicia, e vostedes non cumpren, e estano facendo as alcaldías, os concellos de Galicia, que se ven asfixiados porque teñen que pagar aquilo para o que vostedes teñen cartos e que vostedes non pagan.

E hai un incremento positivo, que vai subir o nivel de pago por hora, pero que é insuficiente, e cremos que hai que seguir avanzando para cubrir inmediatamente que cada hora de servizo ao fogar se cubra con 12 euros por parte da Xunta, e avanzar cara aos 16 que garantan que o 70 % dese custo sexa cuberto.

É o momento de falar da esperanza e do país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E cando presentamos a repartición do fondo de consenso, temos plantexamentos que non se poden deixar na escaleta, non se poden deixar abandonados. ¿Por que a Xunta de Galicia non adica 13 millóns de euros do fondo de consenso para xerar 3.000 postos de traballo para mozos e mozas en Galicia, para unha xeración que está tan preocupada, para unha xuventude que non sabe que vai ser do seu futuro? Póñanse a carón das mulleres, que saen rezagadas, dos mozos e das mozas, póñanse a carón dunha Galicia que se sente orfa pola falla de conexión desas políticas, e acepten o diálogo e o acordo.

E volvemos tender a man, e seguiremos tendendo a man. Pero o Grupo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ...Parlamentario Socialista non pode ser cómplice dunhas políticas conservadoras que dan a Galicia as costas cando máis Galicia necesita a esta Xunta. Cantos máis cartos hai na Xunta temos a Xunta máis ausente e a Xunta con menor empatía que as galegas e os galegos requiren.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Estamos no debate final do Ditame da Comisión de reactivación, unha comisión que é certo que naceu cun obxectivo moi ambicioso como era establecer as bases para poder erguer Galiza da maior crise que coñecemos en tempos de paz.

É evidente que estamos vivindo un momento excepcional e que o mundo que sairá da pandemia non será o mesmo. O coronavirus deixou en evidencia, con toda a crueza, que os dogmas neoliberais non funcionan. Hoxe, ninguén con sentido común cuestiona que é necesaria a intervención pública da economía, que precisamos producir aquí e non en China, que hai que frear en seco as privatizacións e os recortes dos servizos públicos porque son esenciais para a vida e para o benestar. Ou que necesitamos máis comunidade fronte ao individualismo, porque ou nos salvamos todas ou non se salva ninguén.

Mais as leccións desta pandemia non acaban aquí. Tamén se visibilizou a importancia dos coidados que realizan maioritariamente as mulleres, en moitos casos de xeito gratuíto ou precario. E con todas elas temos unha débeda inmensa que non se paga con boas palabras senón con traballos decentes e con salarios dignos. *(Aplausos.)*

Aprendemos tamén que o coidado do medio ambiente e da biodiversidade son esenciais para evitar novas pandemias, que a ciencia é a nosa táboa de salvación e que a saída é máis democracia, máis dereitos, achegar os centros de decisión ás persoas e reforzar o autogoberno galego para ter ferramentas que nos permitan protexer mellor a cidadanía.

Temos, pois, retos importantes, un reto moi grande, que é poñer en marcha as transformacións que necesita a Galiza post covid. Nós entendemos que, cando falamos disto, non se trata de volver ao pasado senón de aproveitar este momento para darlle a volta a unha situación na que xa había problemas importantes no noso país antes da chegada da covid. E aí temos problemas estruturais que se están agudizando, desde a crise demográfica galopante, a crise industrial, a emigración da xente nova, a crise climática, que en Galiza ten



características moi importantes, ou tamén unha crise social que vemos que agora mesmo é máis importante. Temos, por tanto, problemas de vello que necesitan solucións novas.

Tamén sabemos, desde o BNG, que quen diga que é fácil xestionar unha crise destas características estarase equivocando, mais que tamén en política é importante a honestidade, e hai que recoñecer que os gobernos non se anticiparon, que foron por detrás do virus, que houbo improvisación e que se cometeron erros con gravísimas consecuencias. Sen dúbida, o máis importante de todos foi non ser capaces de blindar as residencias de maiores.

E agora o importante é que aprendamos destes erros e, sobre todo, que na reactivación non haxa improvisación, non haxa falta de anticipación, e que haxa un obxectivo e un horizonte de futuro. E nós temos moi claro que o obxectivo non pode ser volver á casilla de saída senón sentar as bases dun novo paradigma para construír unha Galiza con futuro. E nós confiamos no noso país, aquí hai capacidade, talento, posibilidades para saír adiante, pero é o momento de que no ámbito político se tomen as decisións importantes para darlle un impulso ao país.

E dicimos que, lamentablemente, o ditame que vai aprobar o Partido Popular non vai nesa dirección senón que o que nos ofrece é continuísmo, con vellas receitas fracasadas. Creo que a estas alturas resulta moi evidente que o desenlace desta comisión estaba escrito mesmo antes de que botara a andar esta comisión. O Partido Popular viuse forzado a crear a comisión pero, desde logo, non quixo facer dela un centro de debate e repetiunos un guión eu diría que cutre e repetido que consiste en facer pasar por negociación o que non é máis que un paripé ou unha ficción, co único obxectivo de cubrir o expediente (*Aplausos.*).

E o resultado témolo diante de todos e todas nós: un ditame de parte, autocompracente, cheo de vaguidades e que non busca solucións senón a quen botarlle a culpa dos problemas e, sobre todo, que non nos ofrece unha resposta á altura do momento e cos retos tan importantes que temos por diante. De feito, a gran receita do Partido Popular é continuísmo. E eu creo que a estas alturas resulta moi difícil de entender que, con todo o que pasou, co que nos deixa a crise da covid, o Partido Popular veña coas vellas receitas de sempre, fracasadas no económico e inxustas no social.

Teño que dicirlles que o BNG sempre vai estar do lado dos galegas e das galegas, pero o que non vai o facer o BNG nunca é avalar nin novos recortes nin repetir os erros da crise de 2009 para que paguen esta crise as maiorías sociais. (*Aplausos.*)

Eu creo que esta comisión tiña un percorrido curto, e tamén o vimos cando o presidente da Xunta decidiu limitar o consenso a 115 millóns de euros, é dicir, menos do 1 % do orzamento e unha parte ínfima dos recursos que, en teoría, debería de recibir Galiza nesta crise. Pero tamén o vemos coa opacidade coa que se está xestionando todo o que ten que ver coa política económica. A estas alturas non coñecemos cales son os proxectos nin o plan, se é que existe, para o uso dos fondos Next Generation. O que si sabemos é que esa decisión, que é a decisión, en termos económicos, máis importante, que é como van utilizarse eses recursos, non vai estar residencia neste Parlamento. Van decidir máis algunhas empresas que non se presentan ás eleccións que os deputadas e deputadas (*Aplausos.*) desta cámara. A verdade é que estabamos acostumadas á portas xiratorias do Partido Popular, pero isto é unha nova volta de



torca, un paso máis dun goberno que deixa as decisións económicas máis importantes en mans dun puñado de empresas que ninguén votou.

Nós amosamos, desde o primeiro momento, vontade de diálogo e mans abertas para chegar a acordos que impliquen avances para o país e mudanzas en ámbitos que teñen problemas estruturais. Pero vimos que o Partido Popular é fiel ao seu guión, porque nos asuntos de transcendencia o PP veta todas as propostas do BNG para reforzar a sanidade pública, para garantir o dereito a unha vellez digna, para sentar as bases dun novo modelo económico sustentable, para impulsar a ciencia, a investigación, a captación do talento ou para darlle un impulso á igualdade entre homes e mulleres.

Desde que comezou a pandemia, no BNG asumimos un compromiso coa sociedade galega. Era o momento de arrimar o ombreiro e poñer o mellor de nós para enfrontar a crise sanitaria, social e económica que causaba a covid-19. E por ese compromiso, nós chegamos a unha proposta de ditame con máis de 180 propostas nas que intentamos responder ás consecuencias desta pandemia no inmediato e no medio prazo.

Por iso, as propostas do BNG non se van polas ramas senón que o queren é fórmulas e cuestións concretas, con orzamentos concretos para atallar algúns dos problemas máis importantes que nos deixa esta pandemia, e permítanme detallar algunhas delas. No ámbito sanitario é fundamental reforzar a atención primaria, e nós propoñemos un investimento adicional de 200 millóns de euros a curto prazo e a medio prazo ter o obxectivo de que o 25 % de todo o orzamento sanitario se dedique a atención primaria; é que hoxe temos neste ámbito unha situación que é preocupante, é que hai lista de espera ata para pedir cita. Non pode ser que nun momento no que vemos que o sistema sanitario é fulcral, o que está facendo o Partido Popular é afogar a parte máis importante do sistema, que é precisamente a atención primaria.

No social apostamos por que haxa unha xestión pública directa das 7 residencias de maiores cuxa construción está prevista nas cidades. E reiteramos que ten que haber unha lei de residencias; desde logo, o BNG vai traer unha lei de residencias para que nunca máis se faga negocio co dereito a unha vellez digna. *(Aplausos.)*

Importante tamén reforzar o Servizo de Axuda no Fogar. E nós cremos que hai que acadar un investimento base de 18 millóns de euros, ou dotar de máis medios todos os recursos para traballar no ámbito da igualdade, desde os CIM até a ampliación da rede de puntos de encontro familiar.

Non nos esquecemos de que a vivenda segue sendo un gran problema, por iso propoñemos un plan de garantía de acceso á vivenda cun importe de 15 millóns de euros. Nesa liña van tamén propostas para o reforzo educativo, para contratar máis persoal docente. E pedimos un compromiso plurianual de 30 millóns de euros para a contratación de 1.000 docentes.

E, evidentemente, unha parte importante das propostas van centradas no ámbito económico. E nós apostamos por un novo modelo económico que poña a producir o país, que aposte por un desenvolvemento verde, sustentable, que se apoie na ciencia e na innovación. E por iso



propoñemos un pacto galego pola ciencia para que destinemos o 2,5 % do produto interior bruto a este ámbito; hoxe estamos no 1 %. E que apostemos realmente pola captación e a retención do talento, que fagamos o que outros xa fixeron e ten éxito. Creemos o Innogal en base ao que se ten feito noutras partes con programas de retención e captación de talento e que nos permita facer disto un piar de futuro.

Apostamos tamén por un instituto galego de crédito, e é posible facelo. Alguén nos ten que dicir por que Alemaña ten 6 bancos públicos estatais vinculados cos *länder* e aquí non se pode. Desde logo, sae máis barato un instituto galego de crédito que os 9.000 millóns de euros do rescate das caixas para vendelas despois a prezo de saldo. *(Aplausos.)*

Creemos tamén que é fundamental que haxa alternativas á crise industrial que está derivada dos custos enerxéticos e dunha transición enerxética que estamos vendo que non é xusta, que se está facendo unha reconversión industrial coa complicidade da Xunta e do Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Por iso pedimos —e xa vou rematando, señor presidente— respostas para As Pontes, para Alcoa, para Xeal, para Alu Ibérica... Para todos os sectores económicos que están en crise. Non nos esquecemos de que é fundamental o impulso ao comercio local, o apoio aos traballadores e traballadoras autónomas, un plan de emprego xuvenil. Ou propostas no ámbito de medio ambiente, como a rexeneración das rías ou un novo modelo forestal, que son propostas clave para que apostemos pola biodiversidade, pero que tamén son grandes oportunidades de emprego.

Remato, señor presidente.

Desde o BNG apoiamos aqueles aspectos que poden ser un avance. Aí temos, por exemplo, o incremento das axudas para o Servizo de Atención ao Fogar. Dígolle ao Partido Popular que están a tempo de rectificar. Cando fan propostas que permiten avances, o BNG está; pero, desde logo, non contan con nós para participar nun paripé que só quere quedar nun simulacro de negociación e que, o máis grave, deixa Galiza sen propostas de futuro. Porque nun momento excepcional...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...o que non valen son as vellas receitas fracasadas de sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.



O señor PUY FRAGA: Ben, moitas grazas, presidente.

Señorías, efectivamente, culminamos hoxe un traballo longo, de preto de dez meses, un traballo en comisión onde compareceron medio centenar de persoas representativas de todos os sectores e pactadas entre os grupos da Cámara. Onde analizamos e recibimos máis de 150 informes, a maioría deles, por certo, pedidos á Xunta, que respondeu á demanda da comisión destes informes sen ningún tipo de problema. Un tempo de traballo intenso ao que creo que debemos dedicar a todas as persoas —nada máis e nada menos que 2.426, de acordo cos últimos datos— falecidas en Galicia como consecuencia da pandemia da covid, e xa que en Galicia temos significativamente menor, máis baixa a taxa de letalidade global. Ou tamén aos máis de 135.000 contaxiados, pese a que tamén en Galicia hoxe a incidencia é máis baixa, a metade que no conxunto de España; os últimos contaxiados, 5.000 nos 14 días transcorridos ata hoxe. A eles, ás súas familias, aos seus amigos, aos que sufriron tan en primeira persoa a pandemia, temos a obriga de dedicarlles o mellor de nós. E nós foi o que tentamos facer ao longo dos 9 últimos meses con este informe. *(Aplausos.)*

Un informe que fixemos coa responsabilidade, polo menos intentamos estar á altura da responsabilidade coa que os traballadores sanitarios, os traballadores dos servizos sociais, os traballadores dos servizos esenciais tanto públicos como privados, os funcionarios públicos de todas as administracións que tiveron que atender os programas de axudas nun tempo récord. Coa mesma responsabilidade con que eles fixeron o seu traballo; en definitiva, coa mesma responsabilidade coa que Galicia maioritariamente deu resposta a unha pandemia única no último século. Que, como se ten dito, pois nos puxo unha vez máis diante dunha crise sanitaria global, pero que tamén fixo moita dor, pero que tamén nos puxo diante o moito que ten avanzado a humanidade. Lembremos simplemente que, nos dous anos e pico que durou a gripe española, faleceu unha poboación mundial que era a terceira parte da que é agora, entre 50 e 100 millóns de persoas, os últimos datos en todo o mundo é que faleceron arredor de 4 millóns de persoas. E entre iso evidentemente tivo moito que ver unha vacinación que derivou precisamente da cooperación institucional, da cooperación internacional, dos avances da ciencia; e doutra forma de ver o mundo moi distinta á que había en Europa, sen ir máis lonxe, en medio da primeira Guerra Mundial.

Certamente, partimos dunha situación pandémica, recuperándonos dunha crise económica; unha crise endémica, económica, endóxena, creada por un problema no sistema financeiro. Esta é unha crise completamente distinta por causas esóxenas ao propio funcionamento do sistema económico, o cal explica, entre outras cousas, que haxa respostas diferentes polas institucións económicas que ademais incorporan a experiencia das crises pasadas, como é natural.

Certamente, ante esta crise —hoxe acabamos de velo na portavoz que me precedeu no uso da palabra— hai quen veu a posibilidade de acadar utopías organizativas e reformas absolutas da nosa sociedade. Hai quen incluso prognosticou que era o inicio do sistema comunista, por exemplo, Slobodan Žižek, o famoso filósofo. Hai tamén quen quixo volver atrás e quen tentou pechar fronteiras, volver aos estados nacionais, circunscribirmos en espazos reducidos e facendo unha involución a todo o que foi a derruba de fronteiras nas últimas décadas que tanto benestar ten dado a todo o mundo, particularmente a aqueles sectores do



mundo que estaban máis atrasados. O certo é que demos unha resposta á humanidade —e, particularmente, aos países europeos— creo que enormemente civilizada, enormemente solidaria, baseada na recuperación sanitaria, no apoio ao sector sanitario, en priorizar todas as vidas e, a partir de aí, recuperar social e economicamente unha economía que por mor da pandemia sufriu unha paralización total.

Pois ben, nós entendemos sempre que, igual que no pasado noutras crises, o que corresponde é facer cambios, facer reformas. E ademais, no momento no que estábamos, acelerar os cambios que estaban en marcha cun triplo obxectivo: a recuperación sanitaria como base á económica; a transformación do sistema produtivo para potenciar o emprego de calidade, a competitividade e a dixitalización da economía; e, por suposto, incrementar o benestar, a resiliencia social, a cohesión, a equidade, xunto con, evidentemente, a sostenibilidade medioambiental e o reforzo duns servizos públicos que deben ser tamén sustentables desde o punto de vista económico. E ademais entendemos —como fixo a propia Unión Europea— que había que facelo con diálogo político, social, cousa que a Xunta fixo no ámbito social, cousa que nós fixemos no ámbito parlamentario e sempre atendendo á opinión da ciencia e dos expertos, que son os que teñen máis capacidade de dar unha resposta técnica aos novos problemas xurdidos coa pandemia.

Efectivamente, alcanzamos consensos para a constitución da comisión. Nós temos maioría absoluta, señora Pontón, non nos forzan a nada, nós decidimos facer unha comisión porque criamos que era o mellor instrumento, e alegrámonos de que houbera consenso na constitución da comisión, no plan de traballo, nas comparecencias, na estrutura do ditame, e mesmo nos últimos días na introdución tamén dalgúns acordos no fondo de consenso e, por suposto, nas máis de 50 transaccións incorporadas ao ditame que hoxe votaremos.

Temos a favor para solventar a crise certamente o apoio da Unión Europea, aquela que algúns seguen criticando, o Banco Central, a política monetaria centralizada, que é a que está a soste-lo gasto público en España de forma clara co crédito ilimitado por parte do Banco Central, apoiada ademais con fondos extraordinarios, 150.000 millóns de euros de fondos, a metade deles pagados con débeda por primeira vez europea; todo iso témolo xa a favor. E certamente temos en contra e temos preocupación pola repartición destes fondos. No momento —simplemente por dar un dato— os fondos React, Galicia recibiu uns fondos que son 441 millóns de euros, só o 4,4 % dos 10.000 que repartiu o Estado. Se o comparamos, por exemplo, co reparto per cápita puro e duro, serían o 5,7; se fose coa poboación axustada ao sistema de financiamento autonómico, sería o 6,2; e, se imos xa a un plan maximalista, aos fondos estruturais, sería preto ou practicamente o 10 %. E con eses bimbios construímos un ditame que ten claramente dous obxectivos: a transformación económica e a cohesión social, ao que engadimos algunhas cuestións institucionais. E aproximadamente a metade das propostas son no ámbito económico e a metade no ámbito do benestar, dos servizos públicos e da cohesión social.

E por suposto que hai propostas concretas, tanto no que vai dos plans de apoio e de rescate, e non debemos esquecer que a Xunta ademais fixo un labor tamén exemplar con máis de 500 millóns tramitados en 6 meses de axudas aos sectores máis afectados. Pero non só con plans concretos específicos senón con propostas para a transparencia, para que a Cámara



siga estando informada de que se fai con eses recursos. Cuestión que creo que é relevante e á que non nos forza ninguén porque nós cremos na transparencia, na axilidade coa Lei de simplificación. Nunha política fiscal contra cíclica, é dicir, pagando aos provedores, mantendo as rebaixas dos impostos ou facendo aprazamentos do pago dos tributos que se tiñan que pagar nun momento de detención da produción; e, por suposto, iso implica que unha política contra cíclica ten que ter en conta todo o ciclo. Porque aquí se nos criticou, simplemente dicir que nalgún momento habería que volver a unha certa normalidade, cousa que están dicindo todos os organismos internacionais, os nacionais e a Unión Europea e que creo que é de sentido común: non se pode estar gastando ilimitadamente en débeda.

Por suposto que hai medidas concretas no ámbito dos sectores do mar, rural, na industria. Por certo, hai un pacto de Estado por Ferrol, señor Caballero, que pedimos e que de momento incluso non teñen nin respondido polo menos desde o Goberno de España que sería un axente fundamental nese pacto por Ferrol. En medio ambiente, en urbanismo, en turismo, e, por suposto, nos servizos públicos; cun plan de novo modelo de residencias, con incrementos do SAF, con peticións de aportación do Estado do que lle corresponde na Lei de dependencia. A Xunta está facendo un esforzo moi grande en dependencia e non se está cumprindo a lei tampouco por parte do Goberno e España. Non se cumpría no pasado e segue sen cumprirse despois de varios anos de Goberno progresista, e é conveniente recordalo de vez en cando porque é moito o que se debe. En sanidade cun plan de reforma de atención primaria que se acelera, cunha estratexia que xa está en marcha e que se está acelerando, que acelere a implantación da enfermería especialista, da atención presencial, da integración coa hospitalaria da primaria, a hospitalización a domicilio. E, por suposto, con recursos humanos, hai concretas propostas, levanten xa desde Madrid a taxa de reposición para que poidamos contratar persoal sanitario, incrementen o número de MIR, cun MIR extraordinario, que máis concreto hai que pedir un MIR extraordinario de médicos de familia, para poder cubrir a demanda que hai de prazas, que non se cobre porque non hai médicos formados.

Por suposto en Educación, coa modernización, dixitalización e actualización da formación profesional. No ámbito da cultura, do deporte e por suposto na igualdade, corresponsabilidade, innovación e emprendemento feminino, e tamén por suposto con atención ás mulleres máis vulnerables. Todo iso con propostas de cooperación institucional e institucionalización da cooperación.

O señor Caballero dicía que está decepcionado pola cogobernanza en Galicia, simplemente compare a cogobernanza que hai en España con relación ao partido da oposición ou con relación ás comunidades autónomas, que todas seguen sen saber como se van a investir os PERTE, nin como se van repartir, nin que se vai priorizar. Estanse queixando gobernos socialistas.

E por suposto coa oposición política, á que nin sequera se convocou, igual que non se convocou as comunidades autónomas a un consello de política fiscal e financeira para falar de como se reparten os fondos, que sería o mínimo que se podería facer se falamos de cogobernanza. Ogallá a oposición en España tivera as oportunidades que ten aquí en Galicia de facer propostas.



E todo iso, todo este ditame coas transaccións afectadas vai ascender a máis de 500 propostas de actuación —pasamos polo tanto significativamente das iniciais, 400 que tiña o noso ditame—, tradúcese nun fonde de consenso. Señor Caballero, son 115 millóns, xa que vostede fala de que alguén deixa os cartos no colchón, expresión que a min me parece moi desafortunada desde un punto de vista profesional, non deixe vostede 2 millóns na almofada, porque efectivamente son 115, como dixo a señora Pontón.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...a señora Pontón propón un gasto no fondo de consenso de 420 millóns de euros. Claro, se temos algo excepcional, en ningún lugar se fixo o mesmo de poñer enriba da mesa das forzas sociais e políticas a capacidade de gastar en plena pandemia 115 millóns de euros, non se fixo a nivel de España, nin en ningunha comunidade autónoma, uns minóranos con 113, a outros non lles chega e queren 420, e o certo é que chegamos aí a acordos importantes que simbolizan o que queremos facer. Apoios aos sectores, transición dixital, innovación, inclusión, e unha sociedade máis equitativa.

En definitiva, temos un ditame —insisto— que creo que é correcto e, se non, ao tempo, xa verán como vostedes desde a oposición o van utilizar moito e van esixir o seu cumprimento, porque o que vai nel vai facer sen dúbida unha Galicia máis recuperada e mellor despois da crise pandémica.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, despois de escoitar a intervención do voceiro do Grupo Parlamentario Popular, é evidente que hoxe Galicia segue máis orfa *(Aplausos.)*, que non hai un plantexamento para a reactivación que poña a inxente cantidade de fondos que ten este Goberno da Xunta nas liñas de acción necesarias para impulsar os servizos públicos, para impulsar a reactivación, para impulsar a economía e para impulsar o emprego do noso país.

O balance é a decepción, os galegos e as galegas hoxe saben que o Goberno da Xunta de Galicia non está á altura da inxente cantidade de fondos que ten na súa man, que persiste nas súas políticas de corte conservador de inacción, de falla de orientación dunha política económica que dinamice a nosa estrutura produtiva e que aposte polo emprego nunha liña conservadora, desbordada polos feitos e polas realidades.

O certo é que é necesario un novo tempo, e eu quero pedirilles que non fagan ao longo dos meses que quedan deste ano a mesma política de brazos caídos que fixeron nos seis primei-



ros meses deste ano, que non sigan acaudalando fondos porque si llo digo, señor Puy, os fondos estiveron na Xunta de Galicia durante estes seis meses, ante unha terceira onda que deixou tantos galegos e galegas sen poder pegar ollo. O señor Feijóo preferiu meter os millóns debaixo do seu colchón, cando tantos galegos e galegas non podían pegar ollo porque tiñan enormes dificultades económicas, dificultades sociais, e polos enormes momentos de gran gravidade que estivemos pasando. E é por iso que temos que ver que quere facer a Xunta cos fondos, hai fondos, hai cartos, ¿que queren facer con eles? Porque o plantexamento de ditame que presenta o Partido Popular é unha carta aos Reis Magos, é un conxunto de párrafos de inconcrecións, é un conxunto de medidas que non teñen ningún tipo de concreción nin de realización operativa para conseguir obxectivos a prol do país, e así non imos ben.

Se vostedes cren que, escribindo unha carta aos Reis Magos no momento de maior crise Galicia está solucionada, estarán perdendo a oportunidade de liderar a reactivación, e estará nas costas do Partido Popular que cantos máis fondos hai menos política fai, que cantos máis fondos ten nos orzamentos deste ano menos accións se fan, e ademais cando máis des-nortado está á hora de captar os fondos europeos.

Hai que facer unha política paras xerar emprego. ¿Que é o que vostedes están plantexando para conseguir aumentar a poboación ocupada do noso país, despois de non telo acadado durante 12 anos de Goberno do Partido Popular mentres si crecía en España? ¿Cales son as medidas que vostedes plantexan aquí?

Ou, se falamos da transformación ecolóxica e dixital, que é fundamental para o noso país, ¿en que se concretan, onde están as medidas? ¿Onde queren construír un escudo protector que free o risco de desigualdade, que aposte pola cohesión social? Aquí non está.

E, se falamos de permitir apoiar os sectores, eu pregúntolles ¿que van a facer vostedes con tantos sectores tan danados por esta crise económica, con tantos negocios que tiveron que pechar as súas portas e moitos que están en enormes dificultades? Cando hai fondos, ¿por que non llelos poñen nas mans?

E, se vostedes non son quen de facelo, eu quérolles dicir que se poñan a carón dos concellos, os concellos de Galicia son unha garantía para poder respaldar a reactivación, para poñer os fondos en mans da xente, para impulsar as grandes liñas que permitan dar unha saída inclusiva, e vostedes teñen un problema co municipalismo galego, porque como non o Gobernan non lle queren poñer os fondos necesarios para que poidan dar solucións aos problemas de Galicia, e esa é unha aldraxe. (Aplausos.)

Se o señor Feijóo non sabe que facer cos máis de 1.1000 millóns de euros extraordinarios que chegaron á Xunta de Galicia este ano, se non soubo que facer ata agora con eses 113-115 millóns de euros que están nese fondo de consenso, que os poña nas mans dos concellos e dunha cidadanía, porque, cando hai unha crise por unha pandemia e non hai cartos, os cartos están mellor nas mans da xente que nas contas da Xunta de Galicia.

E é por iso que lle pedimos esa responsabilidade. Nós dende logo creemos que non podemos ser cómplices das políticas de falla de impulso que implica este ditame. Están vostedes per-



mitindo que Galicia perda unha oportunidade histórica para transformar a economía, para fortalecer os servizos públicos, para xerar emprego e para apoiar ás mulleres e a mocidade do noso país.

E non podemos ser cómplices desa situación, pero desexámoslle todos os éxitos. Nós non podemos poñernos a carón das políticas conservadoras, pero o seu éxito, señores do Partido Popular, será o éxito de Galicia, e quero que acerten na reactivación, para que non queden os galegos atrás, para que se xere emprego. Nós non podemos apoiar ese ditame e ímonos abster no fondo de consenso. E ímolo facer porque cremos que os fondos están mellor nas mans da xente e en acción que pendentes de asignación nos orzamentos da Xunta do ano 2021.

E é por iso que dende logo as políticas do Partido Popular ante a reactivación merecen un suspenso rotundo, pero cremos tamén que é o momento de arrimar o ombro, de estar traballando para sacar o país adiante, e cun modelo distinto ao que vostedes plantexan nós ímonos abster no fondo de consenso e dende logo vémonos na obriga, ante o enorme rexeitamento que vostedes fixeron das nosas propostas, de non poder estar respaldando ese ditame.

Soamente aceptaron o 15 % das 333 propostas reais, efectivas, con medidas de alcance, con solucións para o país que nós plantexamos. Iso chámase o rodillo do PP, o unilateralismo, a incapacidade de crer que podemos buscar unha liña mellor. E eu creo que era posible, porque vostedes afrontan un nivel de risco nesta situación de camiñar sos que é preocupante. Por exemplo, nos fondos europeos, onde tanto falamos ao longo desta comisión, e aínda hoxe non sabemos cal é o plantexamento da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...este grupo parlamentario ten sido altamente responsable. Nós non cuestionamos as normas das restricións sanitarias en ningún momento, nin plantexamos, como se escoitou na comisión, que había que confinar a poboación galega no outono nin en xaneiro, nós estivemos coa responsabilidade de saber que os momentos eran difíciles e de tirar para adiante, pero á vez que mantemos esa responsabilidade non podemos ir máis alá, aínda que nos gustaría, porque o Partido Popular está xestionando unha situación para a que a que non ten nin capacidade nin eficiencia. Non saben que facer cos fondos e desexámoslle o máximo acerto, e seguirán tendo a man tendida do PSdeG-PSOE para construír a reactivación, porque aínda poden vir moitas curvas e xuntos poderemos facer fronte a eses enormes retos.

Galicia necesita que este Parlamento traballe pola reactivación, e o grupo parlamentario seguirá tendendo a man para que o Goberno de Galicia acerte na reactivación, porque o éxito do Goberno de Galicia será o éxito de todos os galegos e de todas as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Caballero.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, señor Puy, creo que precisamente o exemplo que vostede acaba de poñer do mal chamado fondo de consenso é o que mellor resume e simboliza como entenden vostedes o diálogo, a negociación e a reactivación. Fíxense, o fondo de consenso, señor Valeriano, que lle agradecemos que polo menos sexa o único conselleiro que hoxe segue este debate, anunciábanos que ía estar executado no primeiro trimestre de 2021, e estamos no mes de xullo; é que non é que estea executado, é que non se vai executar ao ritmo que imos. Polo tanto, o primeiro símbolo de como entenden isto: propaganda e publicidade. (*Aplausos.*)

Pero o máis grave é que vaíamos ao fondo, e é como se define este fondo. ¿O Partido Popular dixo que os grupos da oposición decidan como se reparten estes 115 millóns?, porque iso sería unha base para un diálogo e un consenso. Non, non, o Partido Popular presenta a súa proposta, só hai un pequeno avance no relativo ao tema do servizo de Axuda ao Fogar e o resto é asuman vostedes as políticas do Partido Popular, é a definición de como entenden vostedes o diálogo, o consenso e a negociación, que os demais teñamos que tragar as propostas do Partido Popular (*Aplausos.*) ¡É que iso non é consenso, nin é diálogo, nin é de negociación! É rodillo absolutista do Partido Popular, nun tema, señorías, no que desde logo hai moito en xogo.

Moito en xogo como en como se van repartir os fondos Next Generation; pero, claro, este debate non é novo nesta Cámara, nin na Comisión de reactivación. É que nós deixamos a pel nestes últimos meses en que haxa unha proposta de futuro, unha proposta pensando no país para os fondos e que superáramos esa barreira do centralismo, porque sabemos que, cando Madrid decide, Galiza perde.

¿Pero que pasou neste Parlamento cando o BNG trouxo unha proposta para que reclamáramos a xestión descentralizada deses Fondos Next Generation, que PP e PSOE votaron en contra, o pasado 24 de febreiro (*Aplausos.*) E despois non nos lamentemos, porque son as consecuencias políticas das súas decisións.

E tamén nos falou o señor Puy de utopías; pois ben, si, non sei, quizais é unha utopía pedirlle ao Partido Popular que reforcemos a atención primaria cun investimento de 200 millóns de euros. Quizais para vostedes é unha utopía que propoñamos que se destine a atención primaria o 25 % do orzamento de sanidade.

¿É tamén unha utopía, señor Puy, a xestión directa das residencias que se van a proxectar no noso país, ou que haxa unha lei que regule este sector para que nunca máis se faga negocio coa vellez digna? Pois, se esa é unha utopía, é polo que vai a traballar o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Tamén quizais é unha utopía pedir que haxa máis centros de información a mulleres, máis puntos de encontro, un plan de garantía de acceso á vivenda, un plan para contratar 1.000 profesores e profesoras para o sistema educativo público. Esas son as propostas que o Popular di que son unha utopía e ás que vai votarlles non, demostrándonos que non aprendeu absolutamente nada desta pandemia.



Quizais para o señor Puy, tamén é unha utopía pedir un pacto galego pola ciencia e que realmente se poñan as bases para que a xente con tanto talento que está fóra do noso país, poida volver. Pois para nós iso non é unha utopía, é o futuro de Galiza, que realmente ten que pasar por que apostemos por algo diferente para o noso país.

Ou tamén quizais para o señor Puy é unha utopía que haxa solucións para a crise industrial, ou que se lle dea un impulso ao comercio local ou aos traballadores e traballadoras autónomas deste país. Claro, quizais isto é unha utopía, porque o deseño que ten o Partido Popular é que eses fondos europeos non cheguen á pequena e mediana empresa, senón que acaben sendo catro ou cinco multinacionais as que leven o conxunto deses fondos, mentres o tecido produtivo que crea emprego no noso país queda tirado de lado. *(Aplausos.)*

Nós desde logo lamentamos, señor Puy, que cheguemos a este punto despois dun ano tan duro, no que a sociedade galega nos demostrou que estaba á altura, que foi capaz con moitísima resiliencia de soportar unhas normas moi duras, onde maioritariamente se fixo un grande esforzo por superar esta crise, e que a resposta que dá a maioría do Partido Popular son as vellas receitas fracasadas de sempre, sen un plan de futuro e vindo aquí única e exclusivamente a votar o que o Partido Popular considera, porque non hai nin vontade de diálogo, nin vontade de acordo, nin vontade de cambiar as políticas que están indo por un camiño equivocado, porque cando temos a Galiza cunha crise demográfica, coa xente nova emigrando, cun problema porque hai moitísimas persoas que non poden acceder á vivenda, cando temos unha crise industrial de norte a sur do país e non hai solucións, o que non poden dicirnos é que imos polo bo camiño. Lamentablemente estamos ante unha oportunidade perdida, porque o Partido Popular está cegado pola maioría absolutista, que se vai volver en contra dos intereses de Galiza, e ben que o lamento, porque o que necesitaba neste momento o país é que o Goberno acertara, pero o que nos din no ditame é que nin aprenden da covid, nin queren rectificar, nin están preparados para dar unha resposta á altura do que este momento require.

E vimos tamén como, unha vez máis, para o Partido Popular é máis importante buscar culpables que buscar solucións. Hoxe era o día de estar á altura, e ben que lamento que o rodillo do Partido Popular impida que haxa solucións para os galegos e para as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, presidente.

Tense cuestionado a predisposición ao diálogo dun partido, o Grupo Popular, que presenta un ditame de 400 propostas, que hoxe imos aprobar con máis de 500, das cales 60 directamente transaccionadas cos grupos da oposición. Nós ofertámoslles 104 transaccións sobre o seu ditame, ¿saben cantas propostas nos transaccionaron vostedes sobre o noso? o o PSOE, o Bloque mandounos 2 sobre as 400. ¿E esa é a vontade de diálogo?



¿Din que non ten vontade de diálogo quen lles ofrece sobre os seus plans 104 transaccións cando vostedes non ofrecen ningunha? *(Aplausos.)*

Señora Pontón, se houbo vontade de diálogo ademais foi no fondo, e vostede sábeo porque eu llo comentei e de feito tivemos conversas co Partido Socialista, que como dixo o portavoz socialista frutificou nalgunhas correccións que eles valoran, como por exemplo o reforzo do SAF.

Vostede remitiuse á ponencia. Eu na ponencia pedín información sobre como querían gastar o fondo. Vostede veu cun papel en que o primeiro ítem para resolver como se gastaban os 115 millóns de euros era meter 250 na atención primaria. ¿Iso é buscar consenso, presentar unha proposta para gastar 115 millóns cun papel que pon que hai que gastar máis de 400 millóns de euros? Señora Pontón, predisposición ao diálogo toda, utopía pola miña parte, unha, pensar que cun Bloque maximalista ancorado nos seus plans soberanistas do século XIX se pode chegar a acordos minimamente serios de país. *(Aplausos.)*

¿Onde están os desacordos? ¿Onde están os desacordos co Bloque? Porque vostede o único que fixo foi criticar o noso plan, e eu vou dicirlle onde di vostede que están os desacordos, vendo que votaron que non.

Din que houbo décadas de recortes, cando por exemplo en sanidade se incrementou o gasto o 66 % con relación ao 2009, perdón en sanidade o 21 %. En política social o 66 %, no 2009 había 570 millóns de euros na clasificación funcional homexeneizada, actualmente estamos gastando máis de 940 millóns de euros, un incremento do 66 %. En educación un incremento do 9 %, o incremento total dos orzamentos foi iso, do 9 %. Polo tanto, ¿onde están os recortes?

En segundo lugar, vostedes veñen con que isto demostrou os límites do autogoberno. Se algo aprendemos desta pandemia é que o fundamental é a cooperación, a cooperación internacional para investigar, para resolver a crise sanitaria, para avanzar no económico.

Xusto cando se afunde a economía é cando se pechan as fronteiras e xusto cando empezamos a reactivarnos é cando se abren.

Aprenden ao revés, é que vostedes seguen con ese tema de que o autogoberno non chega. O que demostra esta crise é que o que hai que reforzar é a cooperación, entre as comunidades autónomas, cos concellos —cosa que levamos no ditame—, por suposto dentro da Unión Europea, e por suposto a nivel internacional.

Non estamos para illarnos, estamos xustamente para o contrario, para incrementar os elementos federalizantes da sociedade política española, europea e internacional, que é por certo o que se está a facer, co imposto de sociedades, co tema da Unión Europea, etc.

E despois finalmente dinnos tamén que están en desacordo porque o plan é neoliberal. É neoliberal porque apoia as liñas de investimento público-privadas que propón Europa. É vostede o que di literalmente no seu informe, vostede dí: «e estes fondos veñen asociados a unha condicionalidade cuxa aceptación non se está a debater acusándose dunha falta de



transparencia nas institucións europeas e estatais. É evidente que esta crise, malia ter unha resposta inicial diferente á da crise financeira, non supón en absoluto un cambio de paradigma económica. Este é o motivo que se traballa en reformas... —ta, ta, ta— un reforzamento en chave neoliberal con consecuencias negativas para Galicia».

Vostedes caen nunha contradición pasmosa, alaban os fondos europeos que van dirixidos para crear emprego vía colaboración público-privada, vostedes están de acordo cos fondos europeos pero critican a finalidade para a que son os fondos europeos, que é para crear emprego na empresa.

Porque, señora Pontón, vostede quere todo público e xa lle dicía que estaban ancorados en principios económicos do século XIX. ¿Todo público?, ¿quen crea emprego? A empresa. ¿A quen hai que fomentar? As empresas. ¿Que é o que está a facer Europa? Dar cartos para que os gobernos lle axuden ás empresas a crear emprego, ámbitos dixitalización, medioambiente, economía circular.

¿Vostedes que queren? Todo público; pois, mire, iso si que é estar ancorado no pasado, evidentemente se eses son os ámbitos de desacordo pois é fácil chegar aquí e dicir que non temos un ditame e que non aceptamos as súas propostas.

Pero é que vostedes non votan por que non haxa que incrementar a presión fiscal, vostedes non votan por que se extremen as cautelas de control do gasto público, vostedes non votan por impulsar o diálogo social, vostedes non votan por avanzar na simplificación normativa, vostedes non votan por exemplo por impulsar a plataforma de mercaproximidade. Bueno, pois miren, pois claro, é difícil chegar a acordos, efectivamente.

Señor Caballero... Ben, dito isto, eu comprendo que o Bloque queira sinalar que ten unha alternativa de Goberno, a min iso paréceme moi ben, é democrático. O que non me parece ben, é que se diga que non hai vontade de diálogo (*Risos.*). E, falando de diálogo, creo que recoñeceu vostede que chegamos a varios acordos e que levan a súa abstención no fondo de consenso, que eu agradezo. Cando fala de diálogo, gustaríame recordar o que pasou nunha comunidade autónoma que tivo as eleccións o mesmo día ca nós, o mesmo día ca nós elixiron un Parlamento, hai un Goberno alí no que está o Partido Socialista, cun exsocio do actual partido nacionalista de Galicia, que agora ten outros, ¿e que fixo nese Parlamento? ¿Constituír unha comisión de reactivación? ¿Fixeron propostas os grupos da oposición? ¿Incorporáronse pois case, como levamos hoxe, 60 propostas dos grupos da oposición? Non, houbo un debate, un único debate sobre os fondos Next Generation onde se rexeitaron 95 das 96 propostas da oposición e onde se chegou a un total —fíxense vostedes, comparen o ditame de Galicia con 500 propostas de actuación— se chegou a 23 propostas de resolución de gran contido, detalle e profundidade programática.

Por exemplo, a número 11 di: «El Parlamento vasco insta al Gobierno vasco a que establezca prioritariamente en los proyectos criterios de realismo y viabilidad». Isto si que é detalle, concreción de partidas de gasto... esta é unha proposta de resolución aprobada pola maioría socialista e nacionalista.

Mire señor Caballero, eu agradézolle a súa predisposición ao diálogo



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...creo que recoñeceu que no fondo de consenso houbo acordos, e apreciamos na xusta medida que se absteñan, eu creo que deben votar a favor, polo menos no fondo de consenso, pero, bueno, imos agradecerlo igual.

En todo caso, o que creo que non..., debe ter vostede coidado cando fala dos fondos, e voulle dicir por que. Porque eu empezo a ter a impresión de que vostede comeza a dicir que a Xunta non é capaz de executar os fondos que nos dan para cubrir a discriminación que están facendo con Galicia no reparto dos fondos por parte do Goberno de España. Números sobre a mesa, Galicia está recibindo por debaixo do que lle corresponde de acordo coa poboación, co sistema de financiamento autonómico ou co propio criterio europeo de repartición de fondos. E creo que vostede faría mal, agora que de vez en canto se aproxima ao Partido Popular para criticar algunha cousa que fan en Madrid, eu creo que neste tema deberíamos ser todos moi serios. A Xunta no 2020 tivo un déficit do 0,5 % do total ingresado,

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o cal quere dicir que non se gardan os fondos en ningún colchón, estanse executando todos e ademais estanse facendo correctamente.

Señor presidente, un segundo, se me permite, porque *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Pois se é un segundo, a ver, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...si. Non, quería dicir que en definitiva temos un ditame *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Isto vai para todos, eh, perdón, eh. Non, non é criticable isto, eh, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...completo, que vai incardinado nas políticas europeas que están a elaborar os organismos internacionais

O señor PRESIDENTE: ¿E o outro día o señor Caballero canto tivo?, por favor, señor Torrado. Vostede non estaba no debate..., por favor. Un pouco de tranquilidade, eh.

O señor PUY FRAGA: ...e creo que calquera que se aproxime ao ditame e o lea verá que o seu contido establece un plan de traballo para a Galicia do futuro, a recuperación da pandemia e crear emprego de calidade para os nosos xoves.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rematado este debate, imos proceder ás votacións. Son 10 votacións, e aquí pido que me botedes unha man os vicepresidentes, estade atentos a ver se..., porque isto ten a súa complexidade. E entón imos comezar e a ver se entre todos podemos levar isto ben, que non é fácil.



Rematado este debate, imos proceder ás votacións. Son 10 votacións, e aquí pido que me botedes unha man os vicepresidentes, estade atentos a ver se..., porque isto ten a súa complexidade. E entón imos comezar e a ver se entre todos podemos levar isto ben, que non é fácil.

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a re-activación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

En primeiro lugar imos votar —valla a redundancia— os votos particulares formulados ao ditame. Son votación de votos particulares de totalidade con texto alternativo.

Votación do voto particular de totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

Votamos agora a segunda votación, a mesma pero do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Voto particular. Votamos.

Votación do voto particular de totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 37; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este voto particular.

Agora imos coas votacións particulares parciais, en concreto son as votacións do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, votos particulares parciais. Comezamos votando o voto particular parcial numero 1. Votamos.

Votación do voto particular número 1 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este voto particular.

Votamos agora, tamén do Grupo Parlamentario Socialista, os votos particulares números 3 a 335.

Votación dos votos particulares números 3 a 335 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes votos particulares.

Votamos agora, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o voto particular parcial número 1.

Votación do voto particular número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

Agora imos coa votación do ditame da comisión. En concreto, votación do apartado c) do ditame correspondente ao fondo de consenso, é dicir, os parágrafos 459 e 501 e o anexo que inclúe o cadro resumo propostas de investimento de fondo de consenso.

Votación do apartado c) do ditame, correspondente ao fondo de consenso, parágrafos 459 e 501 e o anexo que inclúe o cadro resumo propostas de investimento de fondo de consenso

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 19; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o apartado c) do ditame.

Agora votamos de xeito separado pero agrupado os seguintes parágrafos do ditame, en concreto é, como teñen vostedes un guión, o que empeza no apartado 1.6 e termina no apartado 457.

Votación dos apartados 1.6 a 457 do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos agora tamén separada pero agrupada dos seguintes parágrafos do ditame. O que empeza no 141 e acaba no 449.

Votación dos parágrafos 141 a 449 do ditame.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas esta propostas.

Votamos agora, separados pero agrupados, os seguintes parágrafos do ditame, o que empeza en 114 e termina en 450.

Votación dos parágrafos 114 a 450 do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 19; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas esta propostas.

E, por último, procedemos á votación de integridade do ditame da comisión, cos votos particulares parciais incluídos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, coa inclusión dos votos particulares aprobados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame da comisión.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas por ter saído así a votación.

Continuamos agora coa orde do día, textos lexislativos, que é o punto quinto.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 4ª, dona Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.



O proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa tivo entrada no rexistro do Parlamento o día 31 de marzo de 2021.

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 6 de abril de 2021, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 121 do 7 de abril de 2021, e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de abril e 14 de maio de 2021 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Así mesmo, a mesa, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 4ª, de Educación e Cultura. As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas respectivamente pola Mesa de Comisión nas sesións dos días 7 e 26 de maio de 2021 e publicadas no boletíns oficiais do parlamento de Galicia número 137 e 146 do 10 e 28 de maio, foron:

Dúas emendas á totalidade de devolución, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Trinta e seis ao articulado, 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 15 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Na sesión plenaria do día 25 de maio de 2021 rexeitáronse as emendas á totalidade rexistradas, polo que a Comisión 4ª, de Educación e Cultura, na sesión do día 2 de xuño de 2021 designou a ponencia encargada de elaborar o informe. Os deputados e deputadas designados ponentes foron, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Ovidio Rodeiro Tato, titular, e dona Sandra Vázquez Domínguez, suplente. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Manuel Lourenzo Sobral, titular, e dona Mercedes Queixas Zas, suplente. E, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Noa Susana Díaz Varela, titular, e don Luis Manuel Álvarez Martínez, suplente.

A ponencia designada pola comisión constituíuse o día 4 de xuño de 2021 coa miña presenza e coa asistencia dos ponentes e da ponente titulares, señor rodeiro Tato, señor Lourenzo Sobral e señora Díaz Varela. Nesta sesión quedou fixado o calendario inicial de traballo.

Na derradeira reunión, o día 11 de xuño de 2021, coa asistencia dos ponentes e da ponente titulares, señor Rodeiro Tato, señor Lourenzo Sobral e señora Díaz Varela, analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas, concluíndo nesta sesión o seu labor.

O informe elaborado pola ponencia, foi debatido e aprobado con todas as suxestións feitas pola ponencia na sesión da comisión do día 25 de xuño. Ata aquí o percorrido lexislativo deste proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, na Comisión 4ª, de Educación e Cultura, que eu presido. Correspóndelle hoxe ao pleno o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos, polo tanto, coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Galicia é a sexta comunidade en canto a número de centros universitarios do Estado. Ten 50.000 estudantes. O sistema universitario público galego oferta 132 graos, 159 mestrados e 106 programas de doutoramento. E as prazas de inicio de estudos ofertadas superaron o pasado curso, estamos á espera deste, en 1.000 o número de estudantes que aprobaron as probas da ABAU. Non lles parecerá suficiente a este Goberno, non lles parecerá suficiente, vese que non, e como iso non lles parece suficiente o Goberno do señor Feijóo decide abrir a espita ás universidades privadas no noso país.

Non nos enganemos, señores e señoras do Partido Popular, vostedes non cren na universidade pública, e parecen ter moi confuso, ademais, o concepto de igualdade de oportunidades, que para vostedes só o concepto da oportunidade. Porque a dereita se escuda sempre nese argumento de que quen queira que vaia, que acuda, é cuestión de achegar recursos. Actúan igual coa sanidade ou cos servizos sociais tamén. E a nós non nos preocuparía se non fose porque ese concepto de liberdade a que apelan, que ultimamente ademais apelan máis ca nunca, sempre leva consigo da man unha asfixia do público. Porque acabamos de ver agora o ditame da comisión de reactivación, ¿que propuxeron vostedes no capítulo de universidades, nesa ponencia da comisión de reactivación?, ¿que propuxeron?, ¿que concreción achegaron?, ¿que compromiso asumiron ou asumen? Xa llelo digo eu: ningún compromiso, absolutamente ningún compromiso, e as concrecións que propoñía o noso grupo parlamentario foron todas, absolutamente todas rexeitadas, nin incremento de recursos para as universidades e para os centros de investigación nin máis bolsas, nin un maior poder decisorio das universidades. Nada, cero, literatura e máis literatura, pero concreción cero, absolutamente. *(Aplausos.)* Cero compromisos.

Pola contra, o que atopamos é unha alfombra vermella a calquera iniciativa privada que chegue, mesmo que contraveña a norma básica que regula o sistema universitario galego, a competir de maneira desleal. Veña, imos competir de maneira desleal, que así forzaremos a que as públicas se poñan as pilas e comecen a actuar neste mercado competitivo que é a educación, todo en aras de novo da liberdade.

Pois non, señores e señoras do partido Popular, nesa busca voraz pola competitividade e nesa óptica mercantilista que teñen dun dereito fundamental como é a educación, dende logo non van atopar o PSdeG. Xa o dixemos en moitas ocasións ao longo da tramitación deste proxecto de lei, nós non nos opoñemos a iniciativa privada, pero ten que cumprir a legalidade, ser absolutamente garantista do seu control e sobre todo ten que ser necesaria. E ese



proxecto, este proxecto que hoxe debatemos, esta lei que hoxe debatemos finalmente non o é, non cumpre con ningunha destas tres condicións, con ningunha. Sen entrar na absoluta falla de transparencia e opacidade coa que foi tramitada esta lei, o Grupo Parlamentario Socialista fai seus os argumentos das universidades públicas galegas, que aseguran que coa súa oferta se cobre perfectamente a demanda de estudos de educación superior do noso país. Non hai necesidade de máis, non hai necesidade.

É un auténtico despropósito o que pretenden, un despropósito que o Goberno do señor Feijóo, incumpra con total impunidade a lei galega no que se refira a duplicidade de títulos; por certo, sen que ata o de agora ninguén fose capaz de rebater o que aquí nós dixemos máis dunha vez con argumentos sólidos. A propia ACSUG, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego, asume no seu informe preceptivo, no seu informe preceptivo, que o seu propio órgano superior de avaliación advirte que non se cumpría co disposto na letra g) —maldita letra g)— do artigo 13 da Lei 6/2013 do SUG, que di literalmente que «O catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes e consolidadas no Sistema Universitario Galego. Tamén así, por certo, o sinala Consello Económico e Social de Galicia no seu informe, por certo tamén negativo. Pero casualmente a ACSUG pasa por riba deste pequeno detalle, o que dá a entender que o Goberno, este Goberno e os seus organismos sempre van topar subterfuxios legais para conseguir dar validez a todas e cada unha das súas decisións. E volvémoslo repetir por se nos anteriores debates non quedou claro e por se nesta ocasión o voceiro defensor deste proxecto ten a ben rebatelo, porque en todos os debates que tivemos non foi capaz de rebater isto.

A Universidad Intercontinental de la Empresa ofrece o grao en Administración e Dirección de Empresas. Bueno, pois no SUG este mesmo grao ofrécese nas tres universidades públicas galegas, e en cinco campus. A nova universidade privada ofrece un postgrao en MBA, bueno ese posgrao en MBA no sistema universitario público existe en catro campus: Vigo, A Coruña, Santiago e Lugo. E dos dous únicos programas de doutoramento, porque, por certo, esta universidade nace con dúas facultades, aí llelo deixo, dos dous únicos programas de doutoramento que ofrece a universidade privada un deles é Economía e Empresa. Bueno, casualmente os que xa ofrecen as tres universidades públicas galegas.

Entón, claro, a nós ocórresenos pensar como vostedes poden seguir defendendo que se amplía a oferta educativa de Galicia, como é que se amplía, como poden continuar cun argumento que é unha auténtica falacia, e é unha auténtica falacia. ¿Que temen, señorías do PP? ¿Que temen? ¿Como xustifican que unha universidade privada poida duplicar títulos mentres que iso mesmo se lle está prohibindo á pública?

Porque si, claro, limitan o acceso ás universidades públicas e, á vez, xustifican crear unha nova universidade que incrementa o número de prazas ofertadas en estudos que xa existen e ademais a un custo que multiplica exponencialmente o prezo da pública. Temos que lembrar que a matrícula máis barata é a dun grao e son 7.500 euros. ¡7.500 euros! Igualdade de oportunidades lle chaman.

Por outra banda, o proxecto de lei asegura que a nova universidade non terá incidencia ningunha na dotación orzamentaria prevista no Plan galego de financiamento universitario,



pero, claro, nós, e así o emendamos e por suposto non foi aceptada, da confusa redacción non somos capaces de desbotar a posibilidade de que vai existir algunha outra achega de recursos por parte do Goberno galego.

Neste senso, é tamén importante o que subliñan as universidades públicas en canto ao patrimonio da futura universidade. Non parece admisible que os recursos materiais e espazos da futura universidade se vaian cubrir con instalacións e medios de Afundación, que non é máis que a obra social das caixas de aforros galegas. É dicir, patrimonio de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Pero temos máis argumentos para dicir non a esta lei. Temos moitos máis argumentos para dicir que non. En relación coa a investigación e acreditación da experiencia investigadora do persoal que formará parte desta nova universidade, non se aclara se o persoal cumpre o criterio obrigado dos sexenios, ese criterio obrigado para o sistema público. Tampouco se coñecen os ingresos previstos que permitan saber que se vai destinar ao fomento de investigación nos distintos programas que caracterizan este capítulo en calquera universidade, en calquera outra universidade pública, claro, por suposto.

Hai tamén incongruencias sobre como se organizará o persoal nas áreas de coñecemento, e cuestiónase, e cuestionamos, a capacidade dos docentes, que non parecen ter o grao suficiente de especialidade para unha docencia especializada, e por iso poderán dar clases en calquera área destas grandes áreas que plantean.

Pero, claro, certo é que xa o futuro reitor desta universidade, nun encontro científico estes pasados días en Santiago, imaxinamos ademais que das dificultades que está a haber para atopar docentes doutores e doutoras, reivindicaba este futuro reitor desta universidade, por favor clamaba pola inexistencia de categorías no profesorado. A inexistencia de categorías no profesorado, e eu tamén teño que agradecer que estea hoxe aquí o conselleiro de Universidades, lamentablemente non poderá entrar neste debate, pero gustaríame certamente que explicase como valoraría estas declaracións deste futuro reitor.

E é que, efectivamente, resulta moi complicado que a nova universidade cumpra cos requisitos requiridos na propia lei do sistema universitario galego, do Real decreto 420/2015 en materia de contratación de PDI.

Bueno, xa no tocante ás nosas emendas, porque hoxe toca falar tamén das nosas emendas e a maiores do que acabo de explicar, o noso grupo parlamentario presentou 21 a practicamente todo o articulado, que a verdade é que non era moito, eran 8 artigos. Delas, o Grupo Parlamentario Popular aceptou unha, a de menor calado e pola que supoño que teremos que estar eternamente agradecidas, nós si, aceptáronnos unha. E xustamente na parte máis feble da lei e na que o noso grupo poñía máis empeño nesta lei, para emendar esta lei, non aceptaron nada, a pesar de que as leis máis modernas de recoñecemento de universidades privadas de todo o Estado teñen un articulado basto nesta materia.

A inspección, o control, a vixilancia e tamén o aseguramento de que todo o proceso se fará coa maior das garantías. Estas son as cuestións polas que o Partido Popular pasa de puntillas,



agocha a cabeza e permite que por exemplo as normas de funcionamento e organización da universidade non sexan sometidas ao visto e praxe ou polo menos ao coñecemento deste Parlamento, do Parlamento galego. Nin no recoñecemento de garantías nin as hai tampouco no inicio de cese de actividades. En nada.

O noso grupo formulaba nas emendas prazos, prazos necesarios para que o proceso sexa garantista e a nova universidade non dispoña de todo o tempo do mundo, para decidir lanzar o seu proxecto. Nin pode ser tampouco que se deixe sen prazos tanto o inicio como a caducidade. Non hai vontade de control deste proxecto, non a hai. Non hai vontade. Unha carta branca inaceptable.

Tampouco entende necesario que o recoñecemento o poida revogar o Parlamento cando se acredite debidamente un cumprimento dos requisitos esixidos, como si se fai xa noutras comunidades autónomas.

Tampouco marca prazos para a garantía de actividade, ningún. ¿Por que non admiten dunha vez que o obxectivo académico é o de menos neste proxecto? (*Aplausos.*) Tampouco consideran pertinente, por certo, que a memoria anual detallada das actividades docentes e investigadoras e dos seus resultados se poña á disposición do Parlamento de Galicia, pero non só, nós tamén pediamos do Goberno galego e do Consello de Universidades.

Non dicimos aprobar, dicimos só coñecer. Cales son as razóns para non aceptalo que non sexa o escurantismo e falla de transparencia, ademais tamén de falla de control.

Reiteramos que moitas leis similares a estas, moitas, por non dicir a maioría, inclúen varios mecanismos de control e inclúen ademais o Parlamento como unha institución participante neste proceso.

A vostedes sêrvelles unha memoria que, obviamente, vai quedar cada ano gardada nun caixón da propia consellería.

Repito, e isto quero que quede moi claro, o que estamos a pedir en relación tamén á garantía de que non terá incidencia no orzamento público ou no tocante á investigación non é un capricho deste grupo parlamentario, é exactamente o que contemplan outras leis semellantes de comunidades autónomas. Por certo, por certo, algunhas delas lideradas ou gobernadas polo seu partido.

Non teñen ningún interese en actualizar e cumprir cos estándares de calidade e de garantía no control e na vixilancia. Nin inclúen tampouco a orientación sexual nin o contexto económico como un tipo de discriminación. Nin aceptan que os méritos académicos teñan unha valoración preferente nos requisitos de acceso. Iso tampouco. Claro, a dereita, definíndose.

Nin consideran tampouco preciso presentar un plan de igualdade ou un plan de normalización lingüística. Asumen que iso xa se fará a continuación, que é algo que no desenvolvemento desta lei xa se fará e a universidade terá que facelo.



Claro, nós preguntamos que, se isto o dan por feito, ¿por que non o inclúen? ¿Cal é o problema se os dous grupos da oposición llelo pediamos?

Bueno, repiten ata a saciedade que este, ademais, é case un proxecto altruísta, case altruísta, pensado ademais para o benestar social etc., etc., e descartan sempre o ánimo de lucro, pero só destinan o 15 % dos ingresos ás bolsas. Nós pediamos un 30 %; se realmente o que importa aquí é o proxecto pedagóxico e o benestar social, digo eu que non estaría mal que aceptasen esa nosa emenda. Pero tampouco.

E remato xa. Din vostedes que este proxecto cumpre a raxatabla as leis, normas e disposicións legais, pero isto de verdade non debera concederlle unha carta branca. ¿Cumpre coa forma? Bueno, *in extremis* pode ser, pero dende logo semella moi dubidoso que nalgún momento chegue a cumprir realmente co fondo. E esta desconfianza e crítica, ademais, foi posta de manifesto non só polos grupos da oposición, tamén polas propias universidades públicas, por todo o colectivo sindical e polo Consello Económico e Social.

Así que, fronte a esta evidencia dun proxecto, e, ollo, non só deste, senón dos que virán, que se solapa co que xa oferta o sistema público, que ademais pode poñelo en risco e debilitalo, cómpre priorizar as tres universidades públicas que teñen demostrado e acreditado sobradamente a súa excelencia de calidade docente e investigadora, e a súa capacidade para satisfacer as demandas do alumnado, e por suposto tamén do tecido produtivo que a vostedes tanto lles importa.

Polo de agora nada máis, agardemos a segunda quenda. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Todo isto é parte da mesma estratexia do capitalismo universitario, que ten como meta dous obxectivos principais: por un lado, extraer da universidade pública o máximo de mercadorías rendíbeis para o investimento do capital; por outro lado, destruír unha das características principais da universidade pública: ser un centro privilegiado de produción de coñecemento crítico, libre, plural e independente.

Grazas, presidente, permitíndeme que introduza esta quenda de intervencións con esta referencia ao prólogo do libro de Xosé Luís Armesto *Universidade galega sempre pública*, escrito polo sociólogo portugués Boaventura de Sousa Santos, porque cremos que dalgún xeito este fragmento —así como todo o prólogo— dá unha visión ben acaída do que, ao noso xuízo, foi todo este proceso lexislativo de tramitación deste proxecto de lei. E dicimos porque, se algo pensamos que quedou de manifesto, foi que aquí non estabamos ante un debate, se se quere, técnico procedemental, que non estabamos ante un debate de emendas. De feito, a ponencia durou escasos dez minutos nunha única sesión e tivemos a fortuna e o éxito de que nin unha soa das emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego fose aceptada.



Polo tanto, se algo queda de manifesto é que aquí non estamos ante un debate de carácter procedemental, do procedemento lexislativo, mais tamén se agradece que si se evidencie que estamos ante un debate ideolóxico, un debate da idea do modelo universitario que queremos para o noso país. (*Aplausos.*) E, polo tanto, se algo se evidencia, señores do Partido Popular, é que hai o grupo que sostén o Goberno aliñado coa banca, aliñado co señor Escotet en defensa da universidade privada, e o noso grupo e tamén o PSOE defendendo a universidade pública, por certo co amparo e o apoio dos reitores, do CES, de todos os axentes da comunidade universitaria.

E, tal e como nos manifestaban os propios reitores, quizais é por iso que o Partido Popular decidiu vetar a presenza destes reitores na ponencia, pois foron tres elementos que nós cremos que definen o proxecto de lei que temos enriba da mesa.

O primeiro destes elementos nos que cómpre reparar é que estamos ante un proxecto de lei que non atende ao interese xeral do sistema educativo galego, que se crea única e exclusivamente para favorecer os intereses particulares da banca e do señor Escotet.

O segundo dos elementos que cómpre poñer enriba da mesa é que estamos ante unha tramitación fraudulenta, alfombra vermella para a universidade privada, paus nas rodas para a universidade pública.

E o terceiro dos elementos nos que queremos afondar é o criterio de necesidade. Galiza non precisa unha universidade privada, e así o trasladan todos os informes sen excepción das tres universidades. Galiza o que precisa é unha universidade pública forte e ben financiada. (*Aplausos.*)

Polo tanto, se imos atendendo a cada un destes elementos, empezamos polo primeiro. Unha universidade, a que se tramita neste proxecto de lei, pensada para o interese particular —definíao moi ben Boaventura de Sousa neste prólogo que vimos de lembrar—, e un coñecemento pagado por clientes para promover os intereses dos clientes, e polo tanto así se pode entender que toda a universidade pública deste país estea radicalmente en contra deste proxecto de lei. Só así se pode entender que o Partido Popular tivese que vetar a presenza dos reitores na ponencia para non pasar a vergoña de que os reitores lle dixesen que esta universidade obedecía única e exclusivamente aos intereses económicos e particulares do señor Escotet.

Pero é que ademais, se imos a analizar algúns dos argumentos que o Partido Popular nos daba ao respecto, eu creo que a situación queda aínda moito máis clara. Algúns dos argumentos que se deron en comisión foron por exemplo que ¿como en Galiza non iamos ter unha universidade privada, tal cal acontecía en tantos outros lugares? Semella que o criterio de necesidade que puñan enriba da mesa os reitores a vostedes, señores do Partido Popular, non lles tiñan moito interese.

Pero, máis alá de presentar esta universidade privada como unha sorte de El Dorado, eu creo que había referencias a universidades privadas que operan no Estado español que trasladaban como modelo a importar, e a nós chámamos a atención porque algunhas desas universidades que vostedes puñan como referencia, ese modelo que vostedes querían importar,



pois teñen hoxe por hoxe, en febreiro pasado, un fondo controlado por Permiras, universidades europeas de Madrid, por exemplo, 280 profesores no ERE, a primeira vez que hai un ERE nunha universidade no Estado, e 26.000 alumnos na estacada porque foron incapaces de levar adiante o proxecto educativo. Pero é que tamén outros argumentos que puñan enriba da mesa e que eu creo que é digno de valorar e de poñer é, digamos, a preocupación que amosaban no Partido Popular polos supostos obstáculos e trabas que se lle puñan, seica, á universidade privada simplemente por exixir o mesmo que se exixía noutras leis de universidades privadas do resto do Estado. Pero claro, contrasta, ¿verdade?, esta preocupación polas trabas para este chiringuito do señor Escotet coa pouca preocupación polo obstáculo e a traba que supón para unha familia de traballadores teren que pagar 11.500 euros para acceder a este tipo de títulos universitarios. *(Aplausos.)*

Tamén niso hai unha diferente perspectiva, unha diferenza de modelo e tamén por iso dende o BNG nos opoñemos a esta universidade privada. E chamaba tamén a atención, mesmo na prensa, señor conselleiro, que vostede mesmo dixo cando falaba literalmente, *sic*, que esta universidade privada contribuía á liberdade de elección do alumnado deste país. Está na prensa, coincidirá comigo en que son declaracións súas.

Claro que se lle esqueceu apuntillar, señor Rodríguez, que era liberdade de elección ao módico prezo de 50.000 euros por título de grao. Isto é, se vostede, se calquera fillo de traballador pode pagar 50.000 euros por ese título de grao, pois resulta que é libre, pero, se non ten eses 50.000 euros, pois pasa como na novela de Orwell, que uns son un pouquiño máis libres que outros. Pero créannos que, claro, chama a atención a este respecto cando se lle poñen ese tipo de trabas, que esas semellan non preocupalos tanto, señores do Partido Popular, as que vostedes chaman liberdade. Poden chamarlle liberdade as veces que queiran, máis o que hai detrás deste proxecto de lei é unha universidade clasista, elitista e segregadora. *(Aplausos.)*

Na segunda idea que avaliamos, señores do Partido Popular: alfombra vermella para a universidade privada, paus nas rodas para a universidade pública, xa o dixemos aquí, 460 millóns de euros de débeda acumulada no Sistema Universitario Galego dende que goberna o Partido Popular. Pero fíxense que isto é algo que nin sequera dicimos dende o BNG; son as propias universidades galegas nos seus informes nas que sinalan, *sic*, literalmente: «A falta de indicación concreta de titulacións ante o proxecto e a omisión de informes e memorias constitúen de por si un incumprimento do disposto na normativa universitaria española e galega», por non adiantarnos nunha secretaría xeral de universidades, convertido —xa o sinalamos aquí tamén— nun mecanismo de márketing de ABANCA. Pero creo que xa o que a todas luces, e aquí se dixo tamén, e a referencia desta tramitación VIP para o señor Escotet, é o incumprimento, que así se establece tamén en todos os informes das universidades públicas, do artigo 13 g) da Lei 6/2013 do SUG, que sinala, como aquí dixo a señora Díaz, que as titulacións ofertadas deben ter un carácter complementario e non reiterativo.

Pero o que xa resulta absolutamente estrambótico é o argumento que deu o señor Rodeiro —agardo despois poder debatelo con el aquí mesmo— a respecto de por que este artigo da lei galega non operaba.



Fíxense o pinchacarneiro argumental. Este artigo non opera porque o Partido Popular de Galicia vén de declaralo inconstitucional. Vén de declaralo inconstitucional, fixédevos, avallado —que cal é o nivel xurídico propio de alumnos que non van ás facultades privadas e aínda así teñen títulos de dereito, a algúns seguro que lles soa—, pois no que as sentenzas do gran argumento do PP que é a Sentenza 74/2009 que fai referencia a unha lei de Aragón. E vostedes que van traer aquí a este mesmo pleno que se retire un recurso do Tribunal Constitucional porque seica incide nas competencias deste país declaran nula a lei do Sistema Universitario Galego e decláranla inconstitucional facendo referencia a unha lei de Aragón. A lei orgánica do Tribunal Constitucional establece claramente que as sentenzas afectan de maneira exclusiva a aqueles textos declarados nulos e inconstitucionais. Eu síntoo polo papelón que lle toque á persoa que teña que vir aquí a defender a retirada deste recurso do Tribunal Constitucional, pero dende logo a vara de medir do Partido Popular queda ben claro. Cando se trata de defender os intereses da banca e do señor Escotet, fan a enxeñaría xurídica que faga falta. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señores do Partido Popular, e achegámonos xa ao últimos destes argumentos, este país non precisa unha universidade privada, precisa unha universidade pública e ben financiada. E, polo tanto, dende o BNG que así o dixemos con toda rotundidade, que somos contrarios a que haxa esta universidade privada no noso país, o sentido das nosas emendas viña motivado en que tivese o mínimo impacto posíbel no Sistema Universitario Galego.

E, polo tanto, moitas das emendas que presentamos, pois por máis que o argumento que de daba en comisión que se eran emendas de regulamento, que se eran emendas de dúbida xurídica, en función da valoración xurídica que nos fixo o señor Rodeiro a respecto desa sentenza do Tribunal Constitucional, pois entendemos que tamén estas dúbidas poidan existir. Pero eu simplemente quería rematar poñendo enriba da mesa algunhas das emendas que presentamos para que se valore se o que estaba propoñendo enriba da mesa o Grupo do BNG era algo tan sumamente revolucionario ou era algo tan sumamente inasumíbel por parte do Partido Popular simplemente para tratar de facer unha lei que é tremendamente lesiva para o Sistema Universitario Galego tal cal recoñecen reitores, organizacións sindicais, o Consello Económico e Social nos seus informes ou se, pola contra, cuestións que cando menos en acordos de mínimos poderían ser asumíbles.

No primeiro dos casos, incrementar o orzamento en investigación. Nós pedíamos un 25 % pero púidose ter negociado, púidose ter falado tal cal, o que se lle pedía á universidade privada é que fixese un esforzo en investigación similar ao que se lle está pedindo ás universidades públicas. Comprensíbelmente, o Partido Popular entre defender a conta de resultados do señor Escotet ou defender a mellora da investigación no noso país, pois posicionouse novamente co señor Escotet.

A emenda número 6, había outras tamén para non readmitirme, que tiñan que ver con fiscalización e control, que se avalíe a calidade da formación que se imparte nesa universidade privada e que se informe ao Parlamento para que simplemente, como cámara, puidésemos tomar as medidas de información e, por que non, habilitar os procedementos a través da inspección, os procedementos regrados para o efecto para que esta solución se demandase. Tamén o Partido Popular considerou que isto non era acaído. Propostas, fíxense, señores do



Partido Popular, que están, eu atreveríame a dicir, en todas as últimas leis de universidade privada que se fixeron no resto do Estado, incluso, como se dixo aquí antes, de comunidades gobernadas polo seu partido, elaborar un plan de igualdade. ¿Non se lle pode exixir por lei ao señor Escotet, a este chiringuito de ABANCA, que elabore un plan de igualdade e un plan de atención ás persoas con discapacidade? ¿Iso hai que facelo nos regulamentos e xa veremos como se executan eses regulamentos cando na maioría das leis de universidade privada do Estado si están contemplados nesas leis? ¿É de recibo que unha universidade que pretende operar neste país non faga nin unha soa mención na súa memoria á lingua galega, ao papel que a lingua galega vai ter nesa universidade?

Difícilmente pode ser boa unha universidade para Galiza que non contempla nin sequera a existencia da realidade de que somos un país con lingua propia. Pero é que noutra das emendas, a emenda número 10, un tema de triste actualidade, que se estableza que non se pode facer discriminación —o que introducíamos— por orientación sexual nunha universidade. ¿Iso tampouco e susceptible de ser incluído nunha lei? (*Aplausos.*) ¿Tampouco iso, señores do Partido Popular? Cando se está introducindo en leis mesmo elaboradas polo Partido Popular noutros parlamentos.

E a pregunta que nós facemos pois é evidente: é se, ademais de ser unha universidade privada, clasista e elitista, o que pretende o señor Escotet é tamén facer unha universidade de ideoloxía rancia, reaccionaria e intolerante. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señores do Partido Popular, outra das cuestións que tiñamos enriba da mesa era que o 35 % dos ingresos se incrementase e en becas, podendo e estando dispostos a falar de cal sería esa cantidade. Pero novamente o Partido Popular se pon aliñado coa conta de resultados do señor Escotet e non cos intereses da sociedade galega.

Rematamos dicindo que todas estas emendas que fixemos o que pedían: bolsas, incremento de investigación, control da calidade, respecto pola igualdade, a lingua galega, a diversidade sexual, pois fosen simplemente rexeitadas moitas veces con argumentos técnicos, mais que evidentemente agochaban unha firme vontade política por parte do Partido Popular.

E remato, porque así nolo trasladaba tamén Boaventura de Sousa neste prólogo que introducía: o coñecemento que o neoliberalismo quere é un coñecemento pagado por clientes e para promover os intereses dos clientes. Ese é o ideal do neoliberalismo no que respecta ao coñecemento, e por iso vostedes, señores do Partido Popular, están co señor Escotet, coa banca e coa universidade privada e nós estamos coa cohesión social e coa universidade pública.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, moi bo día.

Despois de escoitar os voceiros da oposición e sobre todo para centrar este debate, para que isto non se converta nun simple escenario, para predicar slogans ideolóxicos cada vez máis simples e máis exaxerados, creo que debemos ter en conta unha serie de certezas do Sistema Universitario Galego. A Xunta de Galicia demostrou nos últimos 12 anos unha aposta firme, convincente e rotunda a favor dos universitarios galegos e das súas tres universidades públicas. Como mostra, esta pasada semana aprobouse no Consello da Xunta unha nova conxelación das taxas universitarias, e xa van once anos seguidos. E recordemos que mesmo o ministro de Universidades instaba as comunidades autónomas a seguir o exemplo de Galicia para baixar os prezos das matrículas universitarias, consolidándose así Galicia como unha das comunidades autónomas coas taxas universitarias máis baixas de España.

¿Parécelles que isto non é crer na universidade pública? Pois, desde logo, non opinan así os galegos. Miren, a oposición nesta Cámara asenta o seu discurso en dúas grandes falsidades: parten dunha mentira xeral, que esta lei —e repetírono moitísimas veces— é para privatizar a universidade galega, cando vostedes saben que a creación desta universidade non vai restar un só euro ao financiamento do sistema público universitario. E reforzan tamén vostedes este argumento con outra segunda mentira cando din que duplicar títulos é ilegal, cando vostedes saben que isto non é certo, xa que en Galicia, como tamén no resto doutras comunidades autónomas de España, se duplican, cuadruplican e incluso quintuplican varios títulos mesmo en campos dunha mesma universidade. Se isto fose ilegal como din vostedes, entón paréceme entender que estarían acusando vostedes os reitores de ter titulacións ilegais.

A vostedes os proxectos ideolóxicos non lles deixan ver a realidade. Plantexan emendas que prexudican a iniciativa galega a favor da universidade privada de Cataluña, do País Vasco e doutras comunidades autónomas. Propoñen situar nunha clara desvantaxe a universidade privada galega fronte ás universidades privadas doutras comunidades autónomas, impoñéndolles máis trabas á galega, e xa lle explicarei, señor Lourenzo.

En todo caso, hai que respectar a lei, hai que respectar a lexislación e, dende logo, nese sentido, trátase dun proxecto tan solvente que mesmo o Goberno do Estado non puido rexeitalo, señora Díaz, non puido rexeitar o Goberno do Estado este proxecto. E hai que recordar que o Goberno do Estado validou este proxecto que non tivo ningún voto en contra por parte da Comisión Delegada da Conferencia Xeral de Política Universitaria do Estado. Polo tanto, este proxecto nace cumprindo dende o primeiro minuto coa esixente lexislación que na súa aplicación corresponde, evidentemente, o recoñecemento desta entidade, por certo, unha fundación sen ánimo de lucro, que a nós nos parece ben, señor Lourenzo. A posta en marcha desta universidade podemos considerala como unha nova oportunidade para atraer talento a Galicia e para dar máis oportunidades aos nosos estudantes, que aposta por crear emprego de calidade e que incrementa a posibilidade de elixir Galicia para os estudantes internacionais, nacionais e tamén autonómicos.

E agora ben, como dicía ao principio da miña intervención, creo que convén contextualizar este debate e deixarse tamén de vetos doutrinais. O Consello da Xunta, como dicía, vén de conxelar por undécimo ano consecutivo o prezo das matrículas, o que representa que en tan



só neste ano se lles aforra ás familias galegas 19 millóns de euros; polo tanto, apóstase máis que nunca polo acceso equitativo dos estudantes á universidade pública, porque lles aforramos ás familias máis de 200 millóns de euros en taxas universitarias dende que se adoptou esta medida. Galicia aposta máis que nunca pola universidade pública ofertando as prazas necesarias para darlles cobertura ás necesidades da demanda existente. Recoñecérono vostedes hoxe aquí, sobre todo a señora Díaz, que no último curso universitario quedaron máis de 1.000 prazas sen cubrir, proba de que a Xunta ten blindado o sistema público garantindo prazas universitarias para que todos os galegos teñan a oportunidade de conseguir unha praza pública no Sistema Universitario Galego.

A verdade é que a demagogia de vostedes chega a asegurar ao mesmo tempo que non hai demanda suficiente para una universidade privada, por iso xustifican que non é necesaria e, ao mesmo tempo, acusan tamén os promotores de que buscan facer negocio coa educación. Non sei como se pode dicir que, se non hai demanda, veñen facer negocio, pero ¿como van facer negocio cando se trata dunha fundación? Por certo, e parécenos ben, como dicía, sen ánimo de lucro, que non pode ter beneficios, porque os beneficios os destinan a becas para os que menos teñen e tamén a investigación.

E esta é a realidade, señorías, esta é a realidade deste tema, e fronte a esta realidade a oposición desta Cámara di que esta lei de recoñecemento da universidade é para privatizar a universidade pública galega. A verdade é que non sei como poden dicir porque realmente ¿que é o que se privatiza?, se non privatizamos absolutamente nada, non se privatiza nin a Universidade da Coruña nin a de Vigo, que na Coruña se vén de autorizar por parte da Xunta a creación da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol e tamén a Facultade de Turismo da Coruña. Ou a de Vigo, que se vén de autorizar a posta en marcha do centro de investigación en tecnoloxías, enerxías e procesos. Pero vostedes parece que chaman privatizar a autorizar a implantación de doce novas titulacións no Sistema Universitario de Galicia. ¿Chaman privatizar a que a Xunta traballe coas universidades galegas para ampliar e reorganizar a oferta de titulacións en Galicia? Pero, ¿vostedes non ven que non imos privatizar ningunha das universidades públicas?, que é unha mentira absoluta ese discurso, ese argumento central deste debate. E que, ademais, non se trata de autorizar aquel novo grao ou aumentar as súas competencias, é que a Xunta incrementou para a universidade pública este ano en 451 millóns de euros, que é a transferencia que se fai neste ano á universidade pública, que representa, ademais, un récord histórico en transferencias ás universidades. E estase traballando no terceiro plan de financiamento universitario da man dos reitores para o período 2022-2026.

Polo tanto, eu creo que eses son datos que, efectivamente, botan por terra esa argumentación de que se quere privatizar a universidade.

Pero, en todo caso, nós estamos a favor, como non podía ser doutro xeito, da liberdade de elección e, dende logo, de que os alumnos teñan o dereito a elixir o centro ao que queren ir. Pero vostedes non poden vir aquí a confundir e a manipular, porque saben perfectamente que a Escola de Negocios de Vigo IESIDE ABANCA promove e financia, dende hai máis de 30 anos, as titulacións de grao e máster en Administración e Dirección de Empresas, así como varios másters adscritos a Universidade de Vigo, e resulta que esa mesma titulación tamén se imparte de forma directa na propia Universidade de Vigo. Polo tanto, non se duplica esta



titulación, porque xa existen os dous graos dende hai moitos anos nos dous centros, na propia universidade e tamén no centro IESIDE adscrito á Universidade de Vigo.

En conclusión, IESIDE recupera as súas titulacións adscritas á Universidade de Vigo para a súa propia universidade que se crea con esta lei.

Miren, en Galicia existen sete graos de ADE, de Administración e Dirección de Empresas, e coa creación desta universidade seguen existindo sete graos, seguen existindo os mesmos, non se duplica este grao, non se duplica nada, recupéranse os títulos, desadscríbense da Universidade de Vigo e adscríbense á Universidad Intercontinental de la Empresa. Polo tanto, non se duplican estes títulos, señorías. E, no resto das titulacións propostas, pois evidentemente son complementarias e non reiterativas.

Pero, en todo caso, xa que vostedes falan de duplicidades, menten cando din que duplicar títulos é ilegal. Xa lles preguntei en anteriores ocasións e, dende logo, señor Lourenzo pois, efectivamente, quen fai un bo pinchacarneiro é vostede, porque as sentenzas do Tribunal Constitucional crean xurisprudencia. Polo tanto, se crean xurisprudencia, efectivamente, hai que telas en conta. Por iso lles recomendo que a volvan a ler, que volva a ler outra vez a Sentenza, a 74/2019, do 22 de maio, do Tribunal constitucional, porque desde logo, se a len, desde logo, darase conta de que esa é a realidade.

De todas as formas, se a realidade da universidade pública, con moitos títulos duplicados e triplicados, se isto fose ilegal, como din vostedes, en aplicación da lei que vostedes inventan habería que pechalas entón, pregunto, digo eu, porque efectivamente no sistema universitario hai moitas titulacións duplicadas. Polo tanto, a sentenza, que crea xurisprudencia, indica que non se poden prohibir, por lei, as universidades privadas, impartir titulacións xa existentes na pública. Polo tato, a sentenza é moi clara, e o que vostedes piden é totalmente ilegal. E, efectivamente, como acaban de citar vostedes aquí, os dous grupos da oposición, a Lei de universidades galega, que é unha das leis máis restritivas que operan no sistema universitario español, indica claramente que as titulacións deberán ser complementarias e non reiterativas, tanto para a universidade pública como tamén para a universidade privada.

E nesta liña está a traballar a Xunta de Galicia coas universidades, como se acaba de acordar coa implantación do grao e do máster interuniversitario de intelixencia artificial para que sexa complementario e non reiterativo.

Miren, os prexuízos ideolóxicos a verdade é que se ven perfectamente en todas as emendas, todas as emendas que vostede plantexaron están orientadas a poñer controis adicionais a este proxecto por tratarse dunha iniciativa privada galega. Vostedes presentaron unhas emendas ideolóxicas que non son obxecto desta lei, porque falamos dunha lei que é de recoñecemento dun procedemento administrativo onde están validadas xa todas as propostas que vostedes fan. Polo tanto, esta lei de recoñecemento sería suficiente con tan só un artigo, é unha lei de regulación, que se adapta e que cumpre toda a lexislación autonómica, estatal e tamén os seus decretos de desenvolvemento. Pero vostedes fan unha insistencia das emendas co obxecto de pedirlle a esta universidade máis informes e en pedirilles máis controis dos que teñen noutras comunidades, e esta insistencia acredítase polo gran número de emendas pre-



sentadas, son 36 emendas para oito artigos. Quere dicir que están pensadas deliberadamente na mesma liña das emendas á totalidade. Polo tanto, insisten vostedes para autoxustificarse presentando tanta emenda porque saben que a normativa vixente é a que é e temos enriba da mesa un proxecto serio, riguroso e que está validado polo propio ministerio.

Chegan vostedes á insistencia de chegar ao ridículo coas emendas de que sexa o Parlamento o que controle esta universidade privada, cando saben que non hai base legal para facelo. Parece que propoñen facer unha norma distinta para que a universidade privada teña máis ataduras, e sobre todo tendo en conta que van en contra da lexislación.

O Bloque Nacionalista Galego presenta unha serie de emendas, na emenda número 3 propoñen vostedes suprimir o Instituto de Universidade de Investigación. É un sinsentido, é absurdo, sobre todo porque, se suprimimos o instituto onde se fai investigación, dende logo, ¿onde se vai desenvolver, polo tanto, esa investigación cando está regulada no artigo 10 da Lei orgánica de universidades? Pero é que, ademais, na emenda seguinte piden vostedes aumentar a financiación, non sei con que, se se suprime ese instituto de investigación. Propoñen tamén vostedes que sexa o Parlamento o que supervise a actividade desta universidade. É un disparate que sexa o Parlamento o que propoña a revogación, porque o artigo 21 da lei galega xa define claramente este procedemento. Esta emenda busca manipular a realidade, sementando a idea de que non hai controis, de que a Xunta non vai facer inspeccións e poñendo en dúbida o labor da Administración autonómica. Parece que vostedes —xa llelo dixen no debate anterior— sospeitan dos funcionarios públicos e parece que o que están plantexando aquí é que se cree unha unidade paralela neste Parlamento para supervisar esta universidade.

E, efectivamente, falan vostedes, tamén emendan de incrementar os fondos dos ingresos destinados a bolsas de estudos. Polo tanto, xa lles insistín en que, ao ser unha fundación, todos os beneficios se reinvesten na propia fundación a través de becas e de investigación.

En todo caso, a porcentaxe destinada a becas está por riba do que destinan outras universidades privadas. E, por certo, que as becas se adxudican en función do rendemento académico e tamén das condicións socioeconómicas, tendo prioridade os alumnos con menos ingresos económicos, e que achegará becas ao 25 % do seu alumnado.

En canto ás emendas do Partido Socialista, pois parece máis ben unha emenda á totalidade do traballo desenvolvido polo Goberno central, porque non deixa de ser paradoxal. Pretenden vostedes emendas para facer unha regulación cando o regulamento xa existe e xa está moi claro, e onde están recollidos perfectamente os plans de igualdade, que se rexen por esta lei as universidades públicas, e tamén o plan de normalización lingüística, xa está recollido señor Lourenzo, non é preciso incorporalo a unha lei de regulación. Por iso lles digo que vostedes plantexaron esta lei, que é de regulación dun procedemento administrativo, para intentar xustificar a súa ideoloxía, para intentar xustificar os seus argumentos, que están cargados de compoñente ideolóxico.

Polo tanto, trátase dun proxecto solvente, como dicía ao principio, que mesmo o Estado non puido rexeitalo. O Goberno do Estado validou este proxecto, ¿ou é que tamén, señora Díaz



—que vostede, pareceume entender que esta lei é ilegal— cuestionan vostedes o informe do Goberno do Estado? Pois, se non o cuestionan, a verdade é que non o podo entender.

Mire, o Estado vén de informar 19 proxectos de universidades privadas, das que 16, efectivamente se informaron negativamente. Tan só tres foron aceptados e deses 3, que representan o 15 % das solicitudes, un deles é o da Universidad Intercontinental de la Empresa. A verdade é que eu pois de verdade que non entendo, se non se fían do seu Goberno, un Goberno que efectivamente presidido tamén por un graduado en doutorado na universidade privada, non sei se non se fían do ministro tamén, que tamén é profesor de múltiples universidades privadas e relixiosas.

Remato xa, señor presidente. O proxecto presentado pola Universidad Intercontinental de la Empresa podemos consideralo como unha nova oportunidade para Galicia. Así o ve este grupo parlamentario. Unha oportunidade que non lle vai custar un só euro ao servizo público universitario de Galicia, un proxecto que é una oportunidade para atraer talento do exterior, para evitar que o talento galego busque outras comunidades para o seu desenvolvemento e unha oportunidade para crear emprego e calidade para o noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais. Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señor voceiro do Partido Popular, nós temos un presidente do Goberno que polo menos titulado non sei, graduado non sei por que universidade, non me intereso polos seus currículos pero polo menos sabe que para ser ministro ou ministra non é necesario opositar. *(Aplausos.)*

Falaba vostede de falsidades —non, dígoo porque o presidente do seu partido tamén ten creo que algún título nunha universidade privada—, falaba vostede de falsidades do noso grupo; falsidades as que acaba vostede aquí de expoñer durante 15 minutos, e falsidades e trampas, ademais. A primeira é que di que a Xunta de Galicia ten unha aposta firme pola ensinanza universitaria e demais. Non recuperamos aínda o orzamento do ano 2009 en educación e en ensanzas universitarias, aínda non o recuperamos. Hai que ver, hai que ver a partida de orzamentos e despois aí verao. Aínda non se recuperaron.

Segundo, falan da aposta pola universidade pública; significa, vese, ou un signo de que existe esta aposta é unha nova conxelación das taxas universitarias. ¿Quen soporta esa conxelación das taxas universitarias se non son as universidades? ¿Quen son os que soportan esa conxelación? As universidades non ven dende logo repercutida esa conxelación das taxas que decide o Goberno galego no plan galego de financiamento, porque hai que lembrar que esa conxelación supón ano tras ano unha merma de ingresos nas universidades públicas. Repito, non se ve repercutido nos propios orzamentos nin nese plan galego de financiamento, así



que non enganen con esas taxas universitarias, que, por certo, nos parece moi axeitado, unha medida moi axeitada. Pero o que teñen que facer é achegarlles os recursos que perden as universidades públicas por esa merma de ingresos. Deixen vostedes entón de confundir, de enganar, non sei, de dicir aquí nesta Cámara parlamentaria todas esas falsidades.

Falou da duplicidade, que tomei aquí tamén nota. Miren vostedes, a lei é de 2013, a Lei galega do sistema universitario público galego, e a partir de aí é cando se comezan a restrinxir as duplicidades nas tres universidades públicas. Eu non sei se vostede terá que enviar unha nota de prensa despois ou darlle unha chamada ao reitor da Universidade de Vigo, porque dá a impresión, despois do que dixó, de que a Universidade de Vigo vai quedar sen os seus títulos de Administración e Dirección de Empresas, xa llelo explicarán vostedes a eles.

E, dende logo, nós seguimos dicindo que non argumentou esa duplicidade, serán vostedes os que teñan que ler ben ese artigo da súa propia lei, da súa propia lei, ler ben ese artigo para comprendelo e si fala desa non duplicidade como requisito para abrir novas universidades.

Seguindo o procedemento correcto, porque se supón que nesta quenda temos que falar das emendas, das emendas do Bloque Nacionalistas Galego, non temos nada que obxectar, xa o dixemos na comisión. Pensamos que, en esencia, tanto o Bloque Nacionalista como nós —digo en esencia, á vista destas emendas—, entendemos este proxecto de lei do mesmo xeito, salvo algunha cuestión puntual concreta, as súas propostas son tamén as nosas e, de feito, se se admitisen as súas e as nosas, dende logo esta lei melloraría moito a súa redacción.

A cuestión, e iso é o que nos preocupa e iso é realmente o que preocupa o PSdeG, é que con esta lei se lles vai abrir a porta a todos os proxectos privados que para a educación superior poidan xurdir no noso país, e iso sábeno perfectamente, porque non pode haber despois máis garantías noutro proxecto de lei para a ensinanza universitaria privada.

E isto é así, porque non quixeron ser nesta primeira lei o garantistas que debían na aceptación dunha iniciativa privada que é de todo innecesaria. A ver como dicimos, con esta lei de mínimos, que ademais incumpre a legalidade, insistimos, incumpre a legalidade, van poder frear calquera outra universidade privada que apareza. E ese precedente perigoso será a súa responsabilidade, a deste grupo parlamentario, a do Grupo Parlamentario Popular, tamén a do seu grupo parlamentario e tamén a do Goberno do señor Feijóo.

A realidade é que, durante a crise e todos os anos posteriores, os gobernos do PP rebaixaron o gasto en educación, que aínda non se recuperou, aínda non se recuperou. Por iso non parece de recibo aprobar unha universidade privada cando o Goberno da Xunta desatende as súas obrigas coa universidade pública e coa mocidade galega. Pretenden deixar así ir esmorecendo pouco a pouco, a pouquiños, o sistema público universitario, de maneira que, a medida que van medrando as esixencias para a universidade pública, vanse facendo máis laxas —e verémolo, e verémolo— lamentablemente os requisitos para a privada.

Apoien as iniciativas privadas que desexen, pero primeiro coiden o que é de todos e de todas. Incrementen o financiamento, como así llelo estamos pedindo neste grupo parlamentario para o período 2022–2026, para o Sistema Universitario Galego, sobre todo o estrutural, tal



e como piden os tres reitores. Favorezan contratos estables de persoal docente e investigador, e tamén do persoal de administración e servizos, para rexuenerar un cadro de persoal absolutamente envellecido, e vostedes saben disto mellor ca nós.

Incrementan as bolsas, melloren as posibilidades e condicións de contratación e estabilización do persoal investigador e atendan as sucesivas demandas estruturais, infraestruturais que a universidade pública solicita, solicita dende hai anos ademais.

Aquí é, señoras e señores do Partido Popular onde o Goberno galego debера centrar todos os seus esforzos.

Pola nosa banda, nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galgo, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

É curiosa esta facilidade do Partido Popular de vir aquí neste tipo de debates a facer anuncios, prédicas grandilocuentes e, ao mesmo tempo que din unha cousa, fan absolutamente o contrario.

E chama a atención, señor Rodeiro, que vostedes xusto a súa maneira de potenciar e fomentar a universidade pública é darlle a alfombra vermella á universidade privada. Pero é que é o mesmo mecanismo que vén de dicir de agradecer o esforzo do profesorado de ensino medio que vimos de ver neste Parlamento, no mesmo día no que temos na prensa o peche de máis de 30 unidades de educación infantil e primaria en todo o país. *(Aplausos.)* Polo tanto, o primeiro que cumpriría poñer entre aspas é que cada vez que o Partido Popular, cada vez que pon en valor calquera destes elementos é para empezar a preocuparse.

E despois fala vostede, señor Rodeiro, das trabas que se lle pon á iniciativa galega. E, claro, eu creo que vostedes, señores do Partido Popular, foron os únicos que non se enteraron neste país de que ABANCA xa non é capital galego. E non é capital galego porque vostedes llo regalaron ao señor Escotet por 8.000 millóns de euros nunha das operacións máis vergoñentas da historia recente do noso país. *(Aplausos.)* Regalaronlle o aforro galego e agora pretenden regalarlle a universidade galega.

E, claro, aquí slogans pois resulta que facemos os da oposición. O CES está dicindo exactamente o mesmo que viñamos nós aquí a traer, ¡pero seica son slogans! Os reitores das universidades nos seus informes é que o poñen dunha maneira absolutamente nidia, transparente, cristalina, negro sobre branco. É tan doado como pararse uns minutíños a ler o que din os informes das universidades públicas galegas, pero resulta que son slogans, como slogans son os das organizacións sindicais, como slogans son os posicionamentos dos organismos das organizacións estudantís, todo slogans agás o grandísimo sentido de Estado cando lle pon a alfombra vermella ao señor Escotet do Partido Popular. E, claro, é que sentido de Estado hai que demostralo,



non se trata de vir aquí a predicalo. Artigo 13.g que di que hai referencias... e porque, se leu o epígrafe o encabezamento dese artigo da lei do SUG, fala de que é para a creación de novas universidades. E, polo tanto, cando o Partido Popular está creando unha nova, permitindo unha lei que lle dá paso a unha nova universidade privada e incumpre o que está nese artigo, pois loxicamente eu creo que hai un conflito, como así trasladaron por outra banda os reitores e as universidades públicas, que supoño que non serán sospeitosos tamén de vir aquí con slogans. Pero, claro, agora gústame, señor Rodeiro, que fose un pouquiño máis cauto cando fai referencias a esa sentenza, pero é que fala de xurisprudencia. Ollo á barbaridade xurídica, eh, porque é digna de estudo e de mención. Que unha sentenza que fai referencia a unha lei de Aragón anule *ipso facto* artigos da lei galega do SUG. É como se alguén di que no Estatuto de Valencia e no Estatuto de Andalucía pois quedan anulados porque hai artigos similares do Estatut catalán. É unha barbaridade de dimensións épicas, señor Rodeiro. (Aplausos.) A lei do SUG está en vigor e, polo tanto, hai que cumprila, e se non están de acordo co que se contempla nese artigo pois recórrana e adopten as medidas que teñan que tomar.

E despois falamos de calquera cuestión que veña aquí en defensa da universidade pública pois trátase de vir aquí a facer ideoloxía, facer política, e nós dicímoslle claro que si, é que dende o Grupo do BNG vimos aquí a facer política. O que é verdadeiramente preocupante é que o Grupo do Partido Popular parece que veña aquí a facer negocios para os seus amigos, como o señor Escotet tramitando proxectos de lei coa alfombra vermella para que se monten este tipo de chiringuitos no noso país.

E, polo tanto, cando se fala das iniciativas para as bolsas, por exemplo, o que estabamos a poñer enriba da mesa é a capacidade para negociar unha cuestión de que por exemplo entre o 15 % e o 35 % puidésemos chegar a algún tipo de acordo, pero o que estaba enriba da mesa era o que ía primar. Se por unha banda ía primar a conta de resultados do señor Escotet, a conta de resultados de ABANCA, ou pola outra banda ía primar o interese daquel alumnado que quixese optar.

Vese que o papel do Partido Popular foi claro, o aliñamento foi claro e foi claro por unha cuestión evidente, coa que iniciabamos este debate. Porque, de fondo, disto hai un debate, claro que si, ideolóxico: o debate daqueles que cren na universidade pública e daqueles que non, o debate das persoas que cren na cohesión social e o debate daqueles que sistematicamente en todos os niveis educativos van dando pasos para a privatización do sistema do ensino público galego, neste caso para a privatización do Sistema Universitario Galego.

Que non teña ningunha dúbida de que, cos reitores, coa universidade pública e cos axentes sociais da comunidade universitaria, nos terá en fronte deste proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, bo día de novo.

A verdade é que, señor Lourenzo, vostede fai un bo exercicio de embarullar tamén a lexislación, e eu recoméndolle que mire tamén o artigo 164 da Constitución, sobre todo cando se declara inconstitucional unha lei e que efectos ten sobre as demais. *(Aplausos.)*

De verdade que, despois de escoitalos de novo, a conclusión a que chego é que vostedes neste asunto posiciónanse en contra de Galicia. Falamos dunha oportunidade, como lles dixen, que non vai custar un só euro ao sistema universitario público. Polo tanto, se non vai custar un só euro, vostedes o que veñen aquí é a entorpecer. E reitérome en poñerlle ataduras a esta universidade privada en fronte doutras comunidades autónomas, e para iso embarullan e tamén fai vostede ben pinchacarneiros, señor Lourenzo, con este asunto.

Desde logo que non sei se teñen como obxectivo que Galicia perda esta nova oportunidade, de verdade, dáme a impresión de que vostedes prefiren que esta nova oportunidade dun investimento tan importante en materia de educación paréceme que prefiren que vaia para outra comunidade autónoma e que se invista isto noutra comunidade autónoma onde gobernan vostedes ou onde teñen vostedes socios de goberno. Porque, dende logo, falamos dunha fundación que creará talento e tamén emprego de calidade.

Pero vostedes teñen que aclararse con tanta contradición, dígollo de verdade, porque no Padroado de ABANCA os representantes do Partido Socialista e das Mareas votaron a favor de constituír esta universidade. Votaron a favor tamén de constituír desta universidade os representantes da Deputación da Coruña e os da Deputación de Lugo, onde cogobernan vostedes cada vez que perden as eleccións. *(Aplausos.)*

E tamén votou a favor no Padroado de ABANCA o Concello de Vigo. Non sei se o señor Caballero, alcalde de Vigo, cambiou de opinión nestes días ou desde aquela cando deu instrucións para votar a favor. A verdade é que non sei que cambiou no Partido Socialista, porque cando o portavoz socialista ou o anterior portavoz socialista, o señor Leiceaga, e todo o seu Grupo Parlamentario Socialista votaron a favor da resolución terceira, aprobada no debate de política xeral do 27 de setembro de 2019, de instar a Xunta de Galicia á incorporación de novas universidades sempre que se cumpra a lei.

E eu xa sei que vostedes desconfían dos informes, once informes de funcionarios públicos da Xunta de Galicia. Entendo que poidan desconfiar, pero ¿é que tamén desconfían vostedes dos informes da Conferencia General de Política Universitaria do Goberno de España?, ¿non se fían vostedes do ministerio? ¿Vostedes non comparten o que facía o Partido Socialista de Andalucía, que creou tres universidades privadas? ¿Non están de acordo coa etapa do Goberno anterior de Zapatero, que tamén aprobou unha avalancha de universidades privadas? ¿Pero non están de acordo co que di o ministro Castells a favor das universidades privadas? Dende logo que sigo sen entender o que cambiou no Partido Socialista.

E, en canto ao BNG, a grande aportación que fai é facer un chamamento a incumplir a lei, están vostedes en contra das leis, están vostedes en contra de todo e, dende logo, vostedes veñen a facer aquí un plantexamento hoxe radical, populista e trasnoitado. E a verdade é



que o Partido Socialista, que me choca e me chama a atención, pois hoxe vén aquí a practicar un seguidismo do Bloque Nacionalista Galego que, dende logo, camiñan vostedes no sentido contrario.

Señor Lourenzo, cando minta póñase de acordo coa súa xefa, póñase de acordo para mentir dos recortes. Porque vostede fala de 440 millóns de euros en recortes e a súa xefa fala de 800; home, só é unha diferenza sinxela pero unha diferenza tan ampla. Póñanse de acordo, porque o maior recorte da historia nesta comunidade autónoma fixérono vostedes con 2.000 millóns de euros de pufo que lle deixaron no bipartito durante a época de maior bonanza económica. *(Aplausos.)*

Eu xa sei, señor Lourenzo, que vostede segue cos slogans do capital, e do negocio, e de non sei cantas cousas. Bueno, falamos dunha fundación que non se pode vender, que está garantido que quede en Galicia e que se dedique á educación superior. Mire, a aposta pola universidade pública non é incompatible co feito de que Galiza consiga por primeira vez na súa historia unha universidade privada de servizo público no marco dunha fundación sen ánimo de lucro de interese galego e que ademais inviste en educación superior, que crea emprego de calidade e que efectivamente vai ampliar a oferta da educación universitaria. Unha iniciativa que incrementa a posibilidade de poder escoller, de poder elixir os estudantes, o 23 % dos estudantes españois elixen a universidade privada. Non sei que é o que teñen vostedes en contra. Mire, estamos falando da oitava universidade laica de España en forma de fundación sen ánimo de lucro e, polo tanto, creo que é unha boa nova.

E dende logo que o Goberno galego aposta polos estudantes e pola universidade pública, porque temos as taxas universitarias máis baixas de España, somos a terceira comunidade de España que máis financia a universidade pública. E houbo un récord histórico, señor Lourenzo, un récord histórico como nunca houbo na Xunta no ano 2020 e no ano 2021 coa maior transferencia de fondos á universidade pública. E en Galiza mantéñense conxeladas esas taxas universitarias que representaron 200 millóns de euros desde que se implantou esta medida de aforro ás familias galegas. Pero se o ministro de Universidades pon en valor e dille a outras comunidades autónomas que tomen o exemplo e que tomen o espello de Galicia en canto ao prezo das matrículas. O gasto no Sistema Universitario Galego en relación co seu PIB é do 0,78, moito por riba da media de España, que se sitúa no 0,50. E durante a crise económica, e recoñecérono os reitores e escoitaron vostedes os portavoces da Comisión de reactivación que o plan de financiamento foi moi importante para apoiar os seus estudantes asegurando a igualdade de oportunidades e para dar estabilidade ás universidades. E iso recoñecérono os propios reitores.

Miren, estudar un crédito universitario en Cataluña custa 22,69 euros, facelo en Galicia custa a metade, 11,78. *(Murmurios.)* Isto quere dicir que estudar en Galicia custa a metade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODEIRO TATO: ...que facelo noutra comunidade autónoma.

Máis nada, señor presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, dona María Corina Porro Martínez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, DE SANIDADE, POLITICA SOCIAL E EMPREGO: Grazas, presidente.

Señorías, antes de presentar o ditame da comisión, penso que é xusto resaltar a vontade de diálogo e de chegar a acordos de todos os grupos tanto na tramitación desta proposición de lei como da que debateremos ao seu remate. Esta forma de traballar é a que nos permite camiñar xuntos a prol da igualdade e a loita contra a violencia machista en todas as súas formas.

A Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 10 de febreiro de 2021, e a súa admisión a trámite efectuouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 16 de febreiro. Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 23 de marzo abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 10 de maio, e acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego.

As emendas ao articulado, presentadas e admitidas a trámite, foron un total de 25: 22 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 3 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. A Comisión 5ª, na sesión do 27 de maio, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, constituída nesa mesma data, que, despois das 3 reunións seguintes coa asistencia das relatoras señora Prado del Río, señora Rodil Fernández e señora Díaz Varela, elaborou o informe coas recomendacións definitivas que emitiron con data do 23 de xuño.

Posteriormente, a Comisión 5ª, na sesión do pasado 1 de xullo, aprobou por unanimidade o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria coa incorporación de 14 emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 5 delas transaccionadas, e 3 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 1 delas transaccionada, así como as correspondentes emendas técnicas e cuxo texto consta, ademais da exposición de motivos, dun artigo único dividido en dous apartados e dúas disposicións derradeiras.



Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, da proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día, ou boa tarde, xa non sei que hora é de novo.

A verdade é que hoxe, como xa fixemos tamén en comisión, debemos comezar por felicitar-nos os tres grupos parlamentarios polo consenso, a boa disposición e o entendemento do traballo en ponencia tamén. Foron debates construtivos e a verdade é que dende o PSdG si vimos e entendemos unha vontade xeral de sumar, e iso é moi de agradecer en materia de igualdade e ademais nunha materia como a que nos trae hoxe aquí.

Eu tampouco quero deixar de comezar agradecendo a colaboración para con nós nestes meses de mulleres universitarias e de asociacións de investigadoras tamén, nomeadamente, Amid e Investigal, que coas súas achegas e propostas construtivas conseguiron que esta proposición de lei mellorase notablemente. Claro está que con esta lei damos un paso importante, pero certo é tamén que non está todo o camiño feito. Pero, bueno, si temos andado, comezamos hoxe o camiño correcto.

Teito de cristal, teito de diamante, teito de cemento, chan pegañento, síndrome do inspector, efecto tesoira, tubaxe que gotea... Todas estas novas expresións definen a situación de desigualdade a que se enfrontan continuamente as mulleres que queren facer carreira na ciencia, carreira na investigación, carreira na universidade. E combater estas expresións, que son máis que expresións porque son realidades, combatelas de maneira efectiva só se pode facer lexislando. Só así aseguraremos o cumprimento de medidas que garantan a igualdade real, a xusta e necesaria participación das mulleres en condicións de igualdade no ámbito científico.

A pretensión é clara: temos que rachar, temos que lexislar para rachar coas cifras que falan da escasa presenza de mulleres nos cargos de goberno de universidades e tamén en orga-



nismos públicos de investigación. Temos que rachar con eses teitos de cristal da carreira investigadora, e tamén rachar coas fendas de xénero no acceso a axudas e recursos humanos e proxectos de I+D+i e contratos de investigación.

E os datos son moi preocupantes, e é certo que xa os expuxemos aquí nalgunha outra ocasión, pero non vén mal lembralos e ademais traemos algún outro. Segundo a UNESCO, menos do 30 % de quen investiga en todo o mundo son mulleres. E as que o fan nas áreas coñecidas como steam —ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas— teñen menos publicacións, reciben unha remuneración moi inferior polas súas investigacións; e, dende logo, non avanza tanto na súa carreira como os homes.

A proporción de mulleres no conxunto do persoal investigador mantense ademais tamén por debaixo do 40 %. En Galicia no ano 2010 —por coller unha cifra como referencia— había 3.506 mulleres —sempre con datos do IGE— traballando en I+D, en 2019 —é o dato máis recente— eran 3.096, 400 mulleres menos. Pero é que, se falamos de mulleres investigadoras, en 2010 eran 2.226 e en 2019 son 1.889.

Nas universidades galegas, ¿que pasa nas universidades galegas?, pois que hai unha diferenza de máis de 10 puntos entre a porcentaxe de mulleres matriculadas e de homes. Neste contexto ademais na área de coñecemento, por exemplo, de enxeñaría e arquitectura as mulleres representan só o 26,5 %, mentres que na de ciencias da saúde —a dos coidados, xa o dixemos aquí ao longo desta lexislatura marcada por unha pandemia— somos o 72,7 %. Ademais, as mulleres en carreiras como Informática, por exemplo, só somos o 12 % e é unha cifra que cada vez vai sendo peor a medida que van pasando os cursos académicos.

En Galicia ademais só hai un 22,4 % de mulleres catedráticas. E, pese a ser máis no PDI —ou sexa, no persoal docente e investigador—, tamén somos menos profesoras titulares, non chegamos ao 40 %. O noso país ademais presenta unha brecha de xénero de 17,6 puntos porcentuais que se vai facendo maior a medida que imos ascendendo no escalafón. O curioso ademais é que somos as autoras de máis da metade das teses que se len cada ano, somos doutoras pero despois non nos contratan. Ou decidimos, polas razóns que xa falamos aquí moitas das veces, continuar coa nosa carreira e por iso hoxe é tan importante que esteamos aquí. É tamén moi escasa a presenza de mulleres nos cargos de goberno de universidades e organismos públicos de investigación, e aínda atopamos fendas de xénero no acceso a axudas, a recursos humanos e proxectos de I+D+i e contratos.

E de novo tamén queremos falar aquí unha vez máis das novas investigadoras botando man dun informe recente da Unidade de Muller e Ciencia do ministerio. Que explica que, lonxe de gozar de mellores oportunidades, comprobamos como o problema da desigualdade na mocidade é agora aínda maior. ¿Por que? Pois porque non rompemos aínda as redes de poder masculinizadas, tecidas ao longo de todas estas décadas aínda arraigadas na comunidade científica.

Porque é certo que, a pesar de que a participación das mulleres na carreira científica é maior, as súas posibilidades de promoción seguen a ser diferentes e peores que as dos seus compañeiros homes. O debate sobre as causas xa o tivemos aquí nalgunha outra ocasión neste



Parlamento nestes últimos meses, como digo, meses de pandemia nos que se puxo de manifesto —non só nós, tamén os tres reitores galegos así o poñían de manifesto— esta desigualdade e o seu agravamento. Unhas causas nas que hoxe non incidiremos porque do que se trata hoxe é máis de falar de solucións que de causas.

E ata aquí a situación, unha situación francamente desesperanzadora. E, como tan desesperanzadora nos parece, é importante pór o foco nesta cuestión e, como sempre advertimos, apelar á obrigada transversalidade da igualdade a toda a acción política. Porque, se as mulleres non figuramos e as nosas condicións vitais non son atendidas, non chegaremos nunca a esa igualdade tan ansiada, a esa igualdade real. De aí a importancia do consenso que hoxe vimos poñer de manifesto, agardo que sexa así, de compartir esta sensibilidade neste Parlamento. Non está todo feito, dicimos, nin moito menos e debemos ver os froitos, pero dende logo xa demos un primeiro paso.

Correspóndeme tamén nesta quenda expoñer as nosas emendas a esta proposta lexislativa e falarei, creo que me dá tempo a falar de todas elas, de feito vaimos sobrar tempo, foron 22 as que presentamos, das que nove foron aceptadas e cinco transaccionadas. Entre as aceptadas ou transaccionadas, figuran as que incluían a necesidade de regular a perspectiva de xénero, ademais de na investigación e na universidade, tamén na transferencia de coñecemento, algo que nos parecería importante. Tamén o fomento, outra das iniciativas aprobadas é o fomento da creación de cátedra sobre cuestión de xénero nas universidades galegas, que a formación do persoal universitario e investigador en materia de xénero e de prevención da violencia machista deixe de ser unha posibilidade para pasar a ser unha garantía, o que quere dicir que agora quen queira formarse nesta materia agardemos que sexa todo o mundo, quen queira formarse vai poder facelo, hai que asegurar que esta vez xa se vai poder facer.

Así tamén outra das emendas é a de garantir o acceso á ensinanza universitaria e á investigación das mulleres con diversidade funcional e o fomento de novas tecnoloxías que faciliten a súa integración.

No apartado referido aos intervalos temporais que non teñan impacto negativo para a persoa interesada nos procesos de selección ou de avaliación da súa traxectoria académico-profesional, tamén dende o PSdeG considerabamos necesario que fosen tamén contabilizados os períodos de inactividade por razóns de violencia de xénero e así foi incluído. Tamén se aceptou que as universidades e centros e institucións de investigacións galegos deban dotarse, e isto é esencial, consideramos que é esencial que deban dotarse de protocolos e establecer medidas de colaboración interinstitucional para a detección precoz de violencia de xénero, de apoio ante calquera forma de violencia contra as mulleres.

Incluímos tamén coas nosas emenda que a Administración autonómica inclúa como tempo de inactividade investigadora o gozado por permiso de garda con fins de adopción ou acoillimento e tamén por calquera tipo de acoso ou por razóns de violencia machista, de violencia de xénero.

No tocante á avaliación dos méritos, currículo e traxectoria académica nas convocatorias públicas de I+D+i e máis concretamente na ponderación do tempo da actividade investiga-



dora, nós solicitabamos, facendo nosos os desexos das asociacións de mulleres investigadoras, e como hoxe ademais puxo de manifesto a valedora do pobo, que esa reivindicación previamente foi elevada á valedora do pobo, nós solicitabamos que na lei quedase reflectido de maneira concreta que esa ponderación se fixera en valores porcentuais, tendo en conta a porcentaxe de inactividade con respecto ao tempo total obxecto de avaliación e que no caso das maternidades cada fillo ou cada filla computase como mínimo como un ano.

En todo caso, non se aceptou esta emenda, pero si se transaccionou nesta cuestión, finalmente os tres grupos chegamos a un acordo que, aínda que é menos ambicioso que o que pedíamos, certo, si cremos que se dá un paso adiante cunha transacción que xa introduce na lei os termos factor corrector e períodos de inactividade investigadora e que, sumado ao que xa propoñía o proxecto orixinal desta proposición de lei, dá unhas garantías que ata o de agora non existía para estas mulleres investigadoras, mulleres universitarias.

Agora o que queda é agardar que o Goberno autonómico, como así nos foi trasladado, e non temos que desconfiar, agardemos e estaremos moi vixiantes, pero que faga efectivo este punto e que para iso conte, iso si, coas asociacións de investigadoras, que teñen moito que dicir nesta cuestión e, ademais, sempre con ánimo construtivo.

E como hai que explicar tamén entre as non aceptadas, porque entendemos xusto explicar todo o noso traballo, que non foi pouco nesta ponencia e que pretendían ser achegas construtivas pero non foron aceptadas, figuran as que..., unha por exemplo que, igual que as cátedras, reclamada o fomento de especialización de postgrao e de doutoramento en estudos de xénero. O Partido Popular apelaba á autonomía universitaria, pero o certo é que os plans de estudos si que se acordan co Goberno autonómico, pero en definitiva seguiremos pedindo ou reclamando.

Tamén pedíamos que se garantira que en todas as fases dos proxectos de investigación se incorporase unha análise de xénero, parecíanos moi importante, e que se incorporase a perspectiva de xénero nas disciplinas mediante a docencia sobre o alcance e significado da igualdade.

Tampouco se aceptou que se incorporasen propostas curriculares en materia de perspectiva de xénero e tampouco se aceptou o apoio, a creación de asociacións, programas, institutos ou seminarios que agrupen, que asocien mulleres investigadoras.

E, por último, isto a nós si que nos parecía esencial; seguiremos, como digo, reclamando neste Parlamento, tampouco aceptaron que as persoas membros de comités e tribunais avaliadores tiveran que recibir un adestramento básico sobre a identificación dos posibles negos de xénero nestas avaliacións. Temos presentada unha proposición de lei que dalgunha maneira xa trata este punto, así que aínda haberá algunha outra oportunidade de aprobalo.

Pero en definitiva, e xa remato, malia a súa non aceptación destas emendas, certo que a maior parte si foron aceptadas ou non transaccionadas, en esencia o texto aprobado si pensamos que converte un artigo da actual lei nunha sorte de articulado que agora si vai garantir a igualdade real, no ámbito universitario da investigación e da transferencia de coñecemento.



Se ata o de agora a realidade é que era a xustiza quen resolvía esas situacións de discriminación que sofren, que sufrimos as mulleres, este novo marco lexislativo será, ou así o agardamos, quen estableza os límites e as medidas correctoras das desigualdades que aínda hoxe existen.

E nada máis pola nosa banda. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bon día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe imos aprobar, culminando xa co proceso de tramitación, unha lei que é pioneira, que sitúa este país unha vez máis á vangarda da igualdade de xénero, que o fai ademais nun ámbito que é estratéxico para o desenvolvemento económico, para o desenvolvemento social e para o desenvolvemento humano deste país, como é o ámbito científico e investigador, e hoxe imos, ademais, aprobar por unanimidade un proxecto de lei, unha lei que é o resultado dun enorme traballo colectivo, esas cousas que non abren grandes portadas dos xornais, que o fai máis a gresca moita veces banal, pero que son as cousas precisamente que nos fan avanzar como país e que nos converten a Galiza nun país mellor, máis xusto, máis democrático e que reconece dereitos fundamentais da metade da poboación que son (*Aplausos.*) as mulleres.

E eu non quería comezar doutra maneira a miña intervención que agradecendo, primeiro, o traballo dos servizos da cámara e moi especialmente á letrada, a Puri, por todo o traballo que fixo tamén e a axuda que nos ofreceu aos grupos, a todos os grupos no proceso de tramitación da lei. Quero agradecer tamén aos demais grupos parlamentarios, nomeadamente personalízalo nas dúas persoas que formaban parte da ponencia, a señora Noa Díaz e a nosa Paula Prado, polo traballo tamén que fixeron, por todo o esforzo e a xenerosidade que os demais grupos amosaron. Pero para algo que para o BNG era moi importante, dixémolo tamén na primeira ocasión en que debatemos, que era manter o espírito co que o BNG formulaba, propoñía, esta proposta de lei Ángeles Alvariño que se mantén no texto que hoxe votaremos e aprobamos, e iso tamén creo é importante reconecelo e salientalo nesta intervención. E, por suposto, estender moi especialmente ese agradecemento en nome do Grupo Parlamentario do BNG ás investigadoras e científicas de InvestiGal, do Grupo de Traballo de Igualdade e Conciliación de InvestiGal, que ademais temos a sorte de que nos acompañen hoxe no debate dúas delas, Elena Lendoiro e Vansesa Valdíglesias, que nos están seguindo a través das pantallas, que saudamos e damos a benvida a este Parlamento. O que queremos é agradecerlles o seu traballo, o seu esforzo, a súa xenerosidade, asesorándonos, apoiándonos e impulsando en definitiva esta lei que hoxe non sería unha realidade sen elas. (*Aplausos.*)

E tamén queríamos personalízalo, é o resultado dun traballo e dun esforzo colectivo, pero tamén é verdade que hai un nome propio que está detrás desta lei, e nós queríamos desde o



BNG tamén facerlle ese recoñecemento que María de la Fuente, que foi a persoa cuxa loita nos trouxo até aquí, que abriu o camiño cun enorme esforzo e unha loita que sabemos que é e que foi moi dura, pero que resulta imprescindible para que hoxe esteamos aquí neste hemisiciclo a piques de aprobar unha lei que non só di que non se pode discriminar as mulleres por ser nais no ámbito científico e investigador, senón que establece legalmente os mecanismos para que así sexa, para que ese dereito fundamental a conciliar, a coidar, a ser nais e a continuar coas nosas carreiras profesionais así sexa garantido.

Nós quixemos, nestes quince minutos que temos como grupo parlamentario para defender a nosa posición de voto, darlles a elas tamén a palabra, e pedímoslles que nos remitisen un texto para complementar e completar a nosa intervención e eu quero darlles hoxe aquí a palabra. Isto que vou ler é delas, non é noso. «Dende InvestiGal, Rede Galega pola Investigación, e en particular dende o Grupo de Traballo de Igualdade, Xénero e Conciliación, queremos manifestar os nosos parabéns aos grupos da Cámara, queremos, ademais agradecer polo apoio ás mulleres científicas e por promover a Lei Ángeles Alvariño e a todas as persoas, entidades, asociacións e sociedades que asinaron o manifesto de InvestiGal e apoiaron que se debatese e aprobase esta lei.

Hoxe é un día de celebración, avanzamos cara a unha sociedade máis igualitaria, tolerante e diversa. A diversidade é riqueza, é valor. Grazas á Lei Ángeles Alvariño, cremos firmemente que as mulleres podemos avanzar hoxe con pasos máis firmes. As desigualdades no ámbito científico reflíctense en cifras, son unha realidade que limita o talento humano e o seu potencial. As mulleres abandonan paulatinamente a carreira profesional, o que se coñece como a tubaxe que pinga, e ademais o acceso aos niveis máis altos da carreira investigadora está limitado en base ao ben coñecido teito de vidro, definido pola escasa presenza de mulleres que acceden a postos de responsabilidade e que ten como efecto espello as súas bases no chamado chan pegañento das institucións.

A desigualdade entre homes e mulleres tamén se mide en termos de visibilidade e recoñecemento do seu traballo. Hai unha gran falta de referentes femininos, e os descubrimentos das mulleres tenden a considerarse menos importantes ou de menor valor. Como sociedade, non nos podemos permitir que haxa mulleres que teñan que renunciar ao seu desenvolvemento profesional porque son invisibilizadas ou discriminadas. Perdemos con iso talento, perdemos todas e todos a visión da metade da humanidade, a capacidade de enfrontar problemas comúns desde diferentes ángulos e de avanzar como sociedade. Cada caso no que se vulneran os dereitos das mulleres, no que se cuestionan as súas capacidades e aptitudes, no que se impide o pleno desenvolvemento profesional é tremendamente doloroso e temos o deber de evitalo.

Tomar conciencia da situación é o primeiro paso para buscar solucións; porén, todos eses avances non estarán completos sen un marco normativo para garantir a igualdade de oportunidades».

Rematan elas: «Hoxe gañamos todas e todos. Grazas». E eu engadiría: hoxe poñemos as bases dese marco normativo que ten a obriga de garantir que, efectivamente, se respecta esa igualdade de oportunidades entre todas e entre todos.



Ese foi o obxectivo —agora volvo á nosa intervención— cando impulsamos desde o BNG esta proposta de lei. Un obxectivo que era moi claro, que era moi concreto e moi conciso, que era garantir que neste país, que aquí en Galiza ningunha muller teña que volver escoller entre ser nai ou ser científica, que en ningún caso ningunha muller, pero tampouco ningún home, porque non renunciámos a que asuma a metade da humanidade a tarefa que lle corresponde por coidado, que ningunha persoa, en definitiva, en Galiza que decida ter crianza se vexa penalizada ou condicionada na súa carreira investigadora, na súa carreira profesional. Cremos sinceramente que o texto que hoxe debatemos, coas mudanzas que se introducion durante os traballos, grazas ás achegas dos demais grupos, cumpre con ese obxectivo e mesmo foi enriquecido por esas emendas.

Hoxe este país, cremos desde o BNG, dá un enorme paso adiante, un salto de xigante enorme e establece por lei a obriga de todos os organismos públicos ou privados, incluídas as universidades, os centros de investigación, pero tamén a propia Xunta, de que todos eles teñan a obriga de introducir mecanismos correctores nas distintas convocatorias para que se garanta que ese tempo de coidado non supoña unha discriminación nos procesos de avaliación.

E digo que Galiza dá un paso adiante enorme, un salto de xigante porque non hai ningunha outra lei, ningunha no Estado español nin en ningunha comunidade autónoma nin en ningún país da Unión Europea que recolla isto de maneira tan específica, tan concreta e con tanta claridade. (*Aplausos.*)

E cremos sinceramente que ese é motivo de orgullo e que temos que parabenizarnos colectivamente por seguir situando este país á vangarda das políticas de igualdade de xénero, e facelo ademais —insisto moito nisto— nun ámbito que é estratéxico para o presente pero sobre todo para o futuro económico, social, cultural e humano de Galiza, como é o ámbito científico e investigador.

Demostramos, unha vez máis —dixémolo xa na Comisión e quero volver subliñalo agora—, demostramos hoxe sacando adiante por unanimidade esta lei, unha vez máis, que neste recuncho do Atlántico para o que ninguén olla as máis das veces van avanzando as cousas sen présa pero sen pausa en moitos ámbitos, como é o da igualdade de xénero. E iso é tamén un motivo para seguir sentíndonos tremendamente orgullosos de ser galegas e de ser galegos. Pero tamén quero deixar aquí constancia dese tremendo orgullo de facer parte do Bloque Nacionalista Galego e de ter impulsado o nacionalismo, en concreto, esta lei.

En definitiva —non quero estenderme moito máis—, hoxe votamos e aprobamos xa de maneira definitiva esta Lei Ángeles Alvariño, que estou segura de que seguirá chamándose así, Lei Ángeles Alvariño, recoñecendo, recordando e sobre todo visibilizando os nomes propios das que nos permitiron chegar até onde estamos hoxe, iso que no mundo anglosaxón se coñece como *heart story*, esa historia protagonizada por nós, polas mulleres. Hoxe con esta aprobación definitiva da Lei Ángeles Alvariño facemos o noso país, facemos Galiza, un país máis xusto, un país máis democrático, un país máis equitativo. E agardamos, esperamos e confiamos en que sirva de espello para que outras comunidades autónomas, para que o propio Estado español e outros países da nosa contorna e do mundo poidan ollarse, mirarse nela e avanzar con nós.



Antes falábase de utopías, alguén que coñecía ben as utopías e falou e escribiu moito delas era Eduardo Galiano. E a min gustaríame recordar hoxe unha das frases —creo— máis inspiradoras deste autor, que coñecía e tiña unha relación ademais moi importante co noso país. Decía Eduardo Galiano que «*son cosas chiquitas*», pequeniñas, que non acaban coa pobreza, que non nos sacan do subdesenvolvemento, que non socializan os medios de produción nin de cambio, nin expropian as covas de Alí Babá, pero que quizais desencadeen a conciencia de facer e a traduzan en actos; porque ao fin e ao cabo actuar sobre a realidade e cambiala, aínda que esixa un pouquiño nada máis, é o que nos demostra cada día que a realidade é transformable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten agora a palabra polo Grupo Parlamentario Popular a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías, é importante non desperdiciar a capacidade intelectual da metade da poboación; pensen en cantos misterios máis se resolverían se todas as mentes capaces que traballan nun problema se duplicasen e inclúsen tanto homes como mulleres. Esta é unha célebre reflexión da xenetista Marla Sokolowski, de Canadá, que nos dá pé hoxe para comezar o debate do Informe de ponencia da proposición de lei para garantir a igualdade real das mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Eu tamén dende aquí quero agradecerlles aos dous grupos parlamentarios da Cámara, ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego, a súa xenerosidade, porque o consenso non se pode dar se non hai xenerosidade polas partes. E creo que nesta proposición de lei, na tramitación, na ponencia todos, todas, por dicilo máis axeitadamente, todas fomos xenerosas e puxemos os intereses das mulleres por riba dos intereses partidistas. E iso é o que verdadeiramente hoxe nos ten que facer sentir orgullosas de ser representantes do pobo de Galicia.

E dicía tamén a señora Rodil que agradecía aos servizos da Cámara, e nós tamén agradecemos, especialmente á letrada da Comisión, a Puri, porque sen ese servizo, sen ese asesoramento letrado pois en moitas ocasións atopariámonos nun calexón sen saída. E ela puña luz cando estabamos un pouco atascadas e a verdade é que hai que agradecer tamén ese asesoramento tan importante para este traballo.

E tamén falar de María de la Fuente. Señora Rodil, vostede lía un texto que lle fixeron chegar as investigadoras, ese grupo InvestiGal, nós témonos reunido tamén con diferentes grupos de investigadoras e tamén con InvestiGal para que esta proposición de lei fora o máis axeitada posible, o máis axustada á realidade e ás necesidades das investigadoras. E tomei nota así rapidamente dunha frase que dicía vostede en boca delas: «Estes avances non estarán completos mentres non se estableza un marco normativo que os contemple». E é unha realidade,



porque todas na pasada lexislatura mantivemos debates sobre o calvario que sufriu María de la Fuente e o longo camiño que tivo que percorrer no ámbito da xustiza para que lle deran a razón. E conseguíuna nunha sentenza que por desgraza hoxe é papel mollado para algunhas institucións que nun momento determinado mudaron as bases das convocatorias en base a esa sentenza, pero que en convocatorias posteriores volveron dar pasos a atrás. Por tanto, creo que hoxe en Galicia nos estamos convertendo nun faro para iluminar ese camiño que ten que levar outras administracións a ter un marco lexislativo que garanta que estes avances sexan unha realidade. Porque, polo que se ve, a sentenza, que debería ser inescusable e non deberían vela como algo puntual ou para aquela cuestión determinada, senón como unha cuestión de ámbito xeral e que se ten que aplicar a todas as convocatorias posteriores a ela. Pero como iso pois, polo que se ve, non é posible, cando dicimos que España é un país que ten moitísima lexislación avanzada no ámbito da igualdade, que temos unha prolixa lexislación que garante a igualdade legal, polo que se ve, non se garante en moitas ocasións a igualdade real. E por iso hai que seguir lexislando, e cando ás veces se di: non, é que hai moitísima lexislación, bueno, pois polo que se ve aínda non é suficiente. E hoxe a aprobación deste texto lexislativo amosa que, efectivamente, facía falta regular por lei esta cuestión.

Cando se propuxo esta iniciativa lexislativa dende o Partido Popular non o dubidamos nin un segundo, eramos conscientes da necesidade de introducir modificacións neste Decreto lexislativo 2/2015, do 2 de febreiro, modificacións que, como dicía, desen un paso máis no avance cara á igualdade real. E no Partido Popular tamén somos conscientes de que a traxectoria profesional e investigadora das mulleres conta con innumerables obstáculos, pero dous fundamentais, que son a maternidade e a conciliación. Por desgraza, non son obstáculos exclusivos das mulleres no mundo da investigación, por desgraza hai moitos ámbitos profesionais onde as mulleres se atopan con estes obstáculos e é imprescindible facer e tomar medidas e seguir traballando en aras de seguir eliminando estes obstáculos.

Pois ben, a proposición de lei tiña tres artigos que modificaban en esencia o artigo 20 do Decreto lexislativo 2/2015, e o fin era introducir mecanismos correctores e obxectivos nas convocatorias de I+D+i para evitar a discriminación e/ou a penalización en caso de maternidade, paternidade e permisos temporais por embarazo, coidado de persoas dependentes e/ou lactación. Pois ben, dende o grupo parlamentario que sostén o Goberno queremos tamén poñer en valor o que se está a facer neste ámbito dende a Xunta de Galicia. Aínda que a universidade goza de autonomía para adoptar medidas en materia de igualdade, consideramos importante o avance que se conseguiu grazas á colaboración entre a Xunta e as universidades en materia de fomento e divulgación da igualdade no sistema universitario galego. En materia de investigación, nas convocatorias do ano 2021, axudas predoutorais e posdoutorais, introducíronse unha serie de melloras con respecto ás convocatorias anteriores e dirixidas precisamente a evitar esas discriminacións de xénero. Por primeira vez este ano introducíronse criterios obxectivos, novidosos e diferenciadores que non existen en ningunha outra convocatoria de investigación de ningunha outra comunidade autónoma pero tampouco do Estado. Agora calquera persoa investigadora pode escoller se se presenta á convocatoria deste ano ou da do vindeiro 2022 segundo máis lle interese en función da súa situación persoal e particular. Ata o de agora só se podían presentar a unha das dúas e sempre que tivera obtido a avaliación positiva, que era obrigatoria, requisito que quedou eliminado. Por tanto, a Xunta está aplicando por primeira vez xa unha flexibilidade que duplica as po-



sibilidades de elección de calquera investigador e rebaixa os requisitos para acceder a un contrato de formación posdoutoral.

Galicia é a única comunidade do Estado que por primeira vez instaurou unha puntuación adicional para compensar as persoas candidatas que estean por baixa laboral, por razón de maternidade, paternidade ou calquera outra razón médica. E isto fíxose para rachar coa discriminación á hora de acceder a estas bolsas.

Cómpre lembrar que estas convocatorias se fan de xeito consensuado cos departamentos de investigación das universidades para o deseño do texto final, e que precisamente estes departamentos valoraron moi positivamente as medidas novidasas implementadas. E, como dicía antes, este grupo parlamentario reuniuse con algunhas investigadoras, con grupos de investigadoras e tamén con representantes de InvestiGal, e valoraron moi positivamente estes avances. E tamén trouxeron máis propostas para seguir avanzando na consecución da plena igualdade.

Unha das emendas que nós presentamos foi ao apartado c) do artigo 20 bis), modificado polo artigo 2 da proposición, que establecía un sistema de ponderación pechado. Isto suscitou bastante controversia porque parecía que o Grupo Parlamentario Popular quería eliminar ese sistema de ponderación. E nada máis lonxe da nosa intención, ao contrario, o fin era que ese factor de corrección garantira realmente a igualdade de oportunidades pero en cada unha das bases das convocatorias de axudas que en cada caso corresponda. Parecíanos máis axeitado que cada convocatoria regule os seus propios factores correctores, e se o facemos por lei e se hai algún desaxuste ou se produce algunha cuestión que non se prevía na lei pois é moito máis complicado facer unha modificación. Porque teríamos que volver traer a lei ao Parlamento para a súa modificación e o trámite parlamentario pode tardar como moi pouco 2 meses, mes e medio, sendo o máis rápido posible. Pero se isto nos colle nun momento no que, por exemplo, cerca de final de ano, cando están en vigor todas as bases de convocatorias das administracións, pois podía supoñer un prexuízo importante para as investigadoras nese momento. E, por tanto, consideramos máis oportuno que cada convocatoria tivera ese factor corrector na súa convocatoria.

E chegamos, finalmente, a un texto de consenso entre os grupos parlamentarios e tamén falado coas investigadoras para que fixeran as consideracións que crían oportunas. E, bueno, unha vez chegado a un texto de consenso, creo que temos que parabenizarnos de que este sexa principalmente un dos escollos salvados na lei e que ao final satisfai a todo o mundo.

En Galicia, grazas á vontade política do consenso deste grupo maioritario, porque hai que lembrar que é verdade que un dos motores da proposición foi o Bloque Nacionalista Galego, pero o grupo maioritario tamén tiña moito que dicir. E, se o grupo maioritario non tivese admitido a trámite ou, téndoo admitido a trámite, tiveramos modificado en esencia toda a proposición de lei pois hoxe non estaríamos falando nestes termos. E eu quero poñer en valor esa xenerosidade da que antes falaba de todos os grupos e fundamentalmente do grupo maioritario.

O factor de corrección que en cada caso corresponda e que permite compensar os períodos de inactividade investigadora e garantir a igualdade de oportunidades hoxe é unha realidade



no texto lexislativo. Non hai ningunha lexislación nin ningunha convocatoria, non só en España, senón en Europa, señorías, en Europa.

Eu estiven mirando outras convocatorias a nivel europeo e ningunha ten un sistema tan axeitado para garantir a igualdade de oportunidades por lei. Galicia é pioneira e isto é un éxito colectivo, de todas as forzas políticas con representación nesta cámara.

¿Onde estaba a dificultade para establecer esa baremación nas convocatorias investigadoras? Pois a dificultade estaba en que o que se barema aí son méritos, non é tempo traballado, que é o obxectivo; un traballa seis meses ou un ano e estamos acostumados a ver convocatorias nas que 0,10 puntos por ano traballado. Non, estamos falando de méritos, de publicacións, de estancias no estranxeiro. E establecer un factor de corrección nese ámbito podía provocar unha desigualdade, intentando corrixir outra desigualdade. Por tanto, aquí é onde creo que estaba a dificultade técnica máis importante da lei, e creo que aí conseguimos chegar a un texto que, insisto, satisface e intenta garantir a igualdade de oportunidades.

Analizando as propostas do grupo de InvestiGal, habería outras posibilidades: que se tiveran en conta as baixas ou que se flexibilizaran os criterios para poder realizar o proxecto, de tal xeito que cremos que o mellor foi esa decisión, que cada convocatoria estableza o criterio máis axustado ao caso concreto.

Pero centramos o debate bastante neste asunto, pero eu creo que tamén é importante destacar outros artigos da lei que tamén conquiren avances fundamentais. A lei é moi ambiciosa; por exemplo, o artigo 1.1.f) di: «Garantir que os tempos dedicados ao desfrute de permisos ou con reducións de xornada por razóns de conciliación, o coidado de menores, familiares ou persoas dependentes non repercutan negativamente na formación e carreira docente investigadora».

O punto 2.a) cando establece que «as universidades teñen que garantir o cumprimento do principio de non discriminación por razón de xénero, tanto directa como indirecta, e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente investigadora. Ou o apartado c): «Para deseñar métodos de avaliación de calidade científica e académica non discriminatorios por razón de xénero». Ou cando o apartado f) di explicitamente que «nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académica profesional, os intervalos temporais dedicados ao desfrute de permisos e con reducións de xornada por conciliación, coidado de menores ou dependentes deberán ser excluídos se provocan un impacto negativo para a persoa interesada».

E tamén hai outro apartado importante, que é o artigo 2, apartado a) que di: «A Administración autonómica deberá computar —este verbo é moi importante— como tempo de inactividade investigadora o tempo desfrutado de permiso e maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo».

Pois ben, señorías, con esta lei, hoxe Galicia estamos indo moito máis alá que calquera outra lexislación, máis alá do que establece o Estado na Lei 14/2011 da ciencia, tecnoloxía e innovación na súa disposición adicional décimo terceira, e a realidade é que a día de hoxe esta lexislación de 2011 está sen desenvolver, está sen regular como se deben ter en conta estas



circunstancias que en Galicia si hoxe regulamos e, por tanto, creo que hoxe é un gran día, porque hoxe en Galicia estamos dando un gran paso no avance cara á igualdade real.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas; neste caso, correspóndolle ao Bloque Nacionalista Galego e ao Grupo Parlamentario Popular. Xa llo expliquei á señora Díaz Varela. Polo tanto, ten en primeiro lugar a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Dúas reflexións. En canto ás emendas, nós efectivamente apoiaremos as emendas que mantén vivas o Partido Socialista, fixémoslo tamén no debate e en comisión, parécenos que enriquecerían o texto, pero en todo caso eu quería rematar a nosa intervención con dúas reflexións de carácter máis amplo sobre o conxunto da lei. O primeiro, é que os dereitos non poden quedar a expensas das vontades, da boa vontade dun goberno ou dunha persoa que dirixa un equipo, ou un grupo, ou unha institución, ou un organismo público, de que teña máis ou menos sensibilidade, de que teña máis ou menos perspectiva de xénero neste caso, ou máis ou menos formación. E a maneira de garantir que non queda á arbitrariedade das persoas que pasan polos sitios ou que teñen responsabilidades nun determinado momento, é dicir, a maneira de conseguir que os dereitos se garantan e sexan reais e efectivos é incorporalos no ordenamento xurídico, como estamos facendo aquí hoxe. Por iso, e collo ao fío da intervención que facía a señora Prado, por iso insistimos tanto nese artigo 20 bis nese apartado c), en como se concretaba e como se recollía esa obriga de ter que computar como factor de corrección e que esa computación fose a través da ponderación. Precisamente polo caso que a señora Prado... ao que facía referencia, eu tamén o facía na primeira intervención, que é o caso de María de la Fuente e que despois desa sentenza que lle daba a razón e recoñecía os seus dereitos e que obrigaba a entidade que os vulnerara, que era o instituto Carlos III, a ter que volver a repetir esa avaliación sen discriminar a ela ou calquera outra persoa, cando volven sacar as convocatorias volven sacalas igual. A maneira que temos desde a parte que nos toca a nós como galegas neste Parlamento de garantir que iso non poida acontecer aquí en Galiza en ningún caso é precisamente avanzando con esta lei, e facelo con esa claridade e con esa concreción, non suxeita a interpretacións ou a excesivas interpretacións, como se recolle no artigo 20 bis. De aí a insistencia tamén e a teimosa, por dicilo dalgunha maneira, nos conceptos. Sobre todo para evitar que se poidan seguir dando as situacións que se daban hoxe e que motivaron as queixas diante da valedora do pobo dalgunhas das científicas e que motivaron tamén o traballo que nos trouxo até aquí de InvestiGal e das investigadoras e científicas galegas.

E, nese sentido, a segunda reflexión hoxe que sae xa aprobada é esta lei. O tempo que fixa a propia lei na súa disposición final é un prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor para que se adapten todos os organismos, as institucións, as entidades públicas e privadas, a propia Xunta de Galiza, que teñan eses tres meses para adaptarse ao que establece a normativa. Nós imos estar moi vixiantes, pero tamén instamos, para non romper o ton, o que instamos é precisamente desde o BNG tanto a Xunta de Galiza como as universidades públicas como calquera organismo público ou privado que forme parte e teña algo que dicir



nestas convocatorias, na carreira profesional en definitiva, das científicas e investigadoras do noso país, que se poñan a traballar xa para que, a partir da entrada en vigor xa real e efectiva deses tres meses de adaptación, as convocatorias que saian publicadas en Galiza estean perfectamente en liña co que dispón ou disporá a partir de agora o noso ordenamento xurídico e que, polo tanto, se garantan de maneira real e efectiva os dereitos fundamentais e os dereitos humanos da metade da poboación de Galiza. Non somos un colectivo —con todo o respecto para quen leve gafas—, non somos persoas que levan gafas, somos a metade da humanidade á que se lle negan e vulneran —desculpen a brincadeira—, pero somos a metade da humanidade á que se lle están vulnerando e negando dereitos humanos, dereitos fundamentais, e hoxe damos un pasiño máis aquí desde Galiza para que esa situación deixe de selo no noso país. E desde o BNG tamén o dixemos na comisión e reiterámolo agora, empezamos a traballar desde xa para que estes cambios normativos cheguen no Congreso dos Deputados ao ordenamento xurídico do Estado español e agardamos que tamén outros países da nosa contorna e do mundo sigan este camiño que abrimos hoxe aquí.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Como primeira cuestión, dicía a señora Rodil que non só podemos deixar as cousas na vontade política de cumprilas ou non, pero é que a vontade política é fundamental tamén, señora Rodil, porque o ordenamento xurídico efectivamente xa regula que a maternidade non pode ser un factor discriminatorio, por iso a María de la Fuente lle dan a razón nos tribunais, porque o ordenamento xurídico xa contempla a non discriminación po razón de xénero, neste caso pola maternidade. O que si é importante é que, ademais do ordenamento xurídico e ademais do marco normativo, haxa vontade política. E eu poñía en valor a vontade política da Xunta de Galicia cando xa está poñendo en marcha convocatorias que teñen factores de corrección para evitar este tipo de discriminación sen necesidade dun marco normativo como o que hoxe aprobamos. Se isto é importante, digo que isto é importante porque ademais centra máis as cuestións e corrixe un pouco esas situacións que se puideran dar, pero non é porque o ordenamento xurídico non o contemple.

Respecto ás emendas do Partido Socialista, a verdade, é que xa temos falado disto, señora Díaz. Vostedes presentan unha serie de emendas que para nós entran un pouco no que é a autonomía universitaria, é unha invasión da autonomía universitaria. Por exemplo a emenda 5 di: «Fomento de especialización de postgrado e doutoramento en estudos de xénero». A Xunta de Galicia non pode intervir nese deseño, son propios das universidades. E na emenda número 4: «Garantirase que en todas as fases dos proxectos de investigación se incorpore unha análise de xénero ou sexo». Isto xa lle dixemos que non se pode, é inabarcable que en todas as fases dos proxectos se faga ese tipo de valoración de paridade, non ten ningún sentido. Hai que facelo no momento inicial e, a partir de aí, no proxecto segue. Vostede na súa emenda 8 tamén di: «Desenvolver medidas de apoio específico para a mocidade investiga-



dora». Tampouco especifican cal é o tramo de idade desa mocidade, ¿que entendemos por mocidade?, non dixo nada.

Despois na emenda 10: «Incorporar a perspectiva de xénero nas disciplinas e áreas do coñecemento mediante a docencia e a investigación sobre alcance e significado da igualdade entre mulleres e homes». Ou a 11: «Incorporar propostas curriculares en materia de perspectiva de xénero e de igualdade».

Ben, consideramos que son invasión da autonomía universitaria e única e exclusivamente nós non podemos apoiar estas emendas por esta cuestión.

Quero rematar unha vez máis poñendo en valor o consenso dos grupos parlamentarios en aras de alcanzar con este texto lexislativo que hoxe aprobamos unha igualdade real. A igualdade ten que ser un lugar de encontro e non unha trincheira ideolóxica que os partidos utilicen como arma arreboladiza contra o adversario, porque no ámbito da igualdade estou segura de que hai máis cousas que nos unen das que nos separan.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Mantéñense unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e, para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, dona María Corina Porro Martínez.

A señora PORRO MARTÍNEZ: Grazas de novo presidente.

Señorías, a proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no rexistro do Parlamento con data 1 de marzo de 2021, co número de asento 11.910 e a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 2 de marzo.

Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 13 de abril, abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 28 de maio e acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª.

As emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 12, 8 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 4 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. A Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 10 de xuño, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, constituída nesa mesma data que, despois das dúas reunións seguintes, coa asistencia das relatoras señora Prado del Río, señora Rodil Fernández e señora Díaz Varela, elaborou o informe coas recomendacións definitivas que emitiron con data 23 de xuño.



Posteriormente a Comisión 5ª, na sesión do pasado 1 de xullo, aprobou por unanimidade o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, coa incorporación de 6 emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 2 delas transaccionadas e 4 subsumidas, e 4 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 3 delas transaccionadas, así como as correspondentes emendas técnicas, e cuxo texto consta, ademais da exposición de motivos, dun artigo único dividido en catro apartados e unha disposición adicional, unha rogatoria e dúas derradeiras. Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, da proposición da lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boas de novo.

«Non o vas volver ver na vida». «A túa nai é unha zorra». «Na vosa familia sodes todas unhas putas». «Es tan parva coma a túa nai». «Se me deixas, quítoche os nenos. Non os vas ver máis. Xa verás o que lles vai pasar, vou facer que te odien».

Isto que acaban de escoitar é o que moitas mulleres vítimas de maltrato e persoas próximas a elas, nomeadamente menores, escoitan a diario nas súas casas. Gritos, insultos, dano físico e psicolóxico, ameazas. En definitiva, manter o medo ou o terror na muller a través do dano a quen mantén con ela algún lazo de afectividade. E esa muller, que sente dor e sufrimento lóxico, sente tamén unha culpabilidade que a leva a soportar este calvario por medo a que desemboque nunha fatal situación.

Esta é, señorías, a realidade que viven diariamente miles de mulleres no noso país. Isto é a violencia vicaria, o dano que exerce o home maltratador a través doutras persoas, porque sabe que danalas é asegurar un dano á muller do que non se vai recuperar xamais. É a forma máis silente e máis invisible da violencia machista, e é o que hoxe traemos a este Parlamento para a súa aprobación.

Teño que comezar, despois deste comezo, si que quero comezar poñendo en valor o acordo dos tres grupos parlamentarios que, en materia de violencia machista, deixamos fóra toda a confrontación e imos unidas no que sen dúbida será un respiro para moitas mulleres. Porque, recoñecendo a violencia vicaria como unha forma máis de violencia machista, haberá mulleres que si se atrevan a denunciar a súa terrible situación, ou mesmo a rachar con esa relación máis que tóxica que probablemente leven padecendo anos.



Teño tamén, que sempre me esquezo, que agradecer ao servizo da Cámara, nomeadamente de Puri a letrada, que grazas a ela este proceso foi dende logo de tramitación máis sinxela.

A violencia de xénero é efectivamente a manifestación máis cruel da desigualdade que existe entre mulleres e homes con independencia do seu nivel, do seu nivel social, cultural, económico, tanto das persoas que a exercen como das persoas que a padecen.

En sentido estrito, o vicario asóciase a persoas que realizan unha función en substitución doutra. Isto en sentido estrito; xa que logo, a vicaria é, como vimos expoñendo, unha forma de violencia cara á muller que conceptualiza e instrumentaliza as persoas achegadas como obxectos para arroxalos contra a nai ao seu antollo.

Estamos falando da nai, xa falaremos despois doutros casos. Aparece na maior parte dos casos tras o divorcio ou tras a denuncia de malos tratos de violencia de xénero, e o obxectivo último é seguir maltratando a muller a través de quen, unha vez separada a parella, por exemplo, ten acceso, que son normalmente os fillos e as fillas, a través dos cales saben que causarán un dano irreversible a estas mulleres que foron aguantando ese maltrato, esa violencia por eles e por elas. Na súa máxima expresión, efectivamente ese home asasina esas persoas, pero non ten que ser así, e agora mesmo o explicaremos.

O que sempre é coincidente, sempre é coincidente é a crueldade coa que actúan, que só pretende, unicamente pretende paralizar esa muller.

Quero explicar aquí as nosas emendas, que foron un total de 8, como xa explicou a presidenta da comisión, e que con 6 transaccionadas ou subsumidas melloraron dende logo pensamos que moi notablemente o alcance do pretendido.

E digo isto en tres sentidos. Por unha banda, para o Grupo Socialista, para o PSdeG era vital especificar que a violencia vicaria non é calquera violencia, é aquela que se exerce sempre co único obxectivo de facer dano á muller. Porque ese é o único propósito, a través de terceiras persoas, das persoas máis queridas para ela, danar a muller, provocarlle un dano inmenso ademais de tamén tela aterrorizada. E esa foi unha das emendas que nós propuxemos.

Por outra banda, coas nosas emendas ampliamos o alcance desa violencia vicaria que se propoñía no texto, entendendo que esta violencia non ten que ter só como consecuencia o homicidio ou asasinato. O texto inicial formulaba só a violencia exercida con resultado de morte, pero a realidade é que a violencia vicaria non necesariamente ten que dar como resultado unha morte. A violencia vicaria é tamén exercer violencia a través do dano físico ou psicolóxico, sobre todo o psicolóxico, exercido sobre as persoas achegadas a elas, efectivamente e normalmente os e as menores, sexan os seus fillos e fillas, pero non só sobre eses menores. E do que se trata, como dicimos, é de causar un dano á muller.

Porque, se ben o homicidio ou asasinato é certo que é a situación máis extrema, lamentablemente son moitos outros, de feito a maioría, os casos de homes que utilizan as persoas achegadas á muller para ir exercendo ao longo do tempo unha violencia silente, como dicíamos ao principio.



As situacións poden ser moi diversas, xa falamos e xa as explicamos aquí algunha vez, é instrumentalizar os nenos e as nenas para facer dano ás nais. ¿E como? Bueno, non sendo negligente nos coidados ou na hixiene tamén deses nenos e nenas durante as visitas, chegando tarde ás entregas, vexando ou insultando a nai ou a súa familia diante deles. Manipular eses nenos e esas nenas, pero tamén outras persoas adultas achegadas ás mulleres para que as vixíen ou as controlen, falándolles negativamente delas, insultándoas ou restándolles autoridade, e moitas veces tamén atemorizando a través de violencia psicolóxica ou física esas persoas próximas.

É acaído tamén explicar que neste senso se están a dar pasos no Estado. Xustamente cando estabamos tramitando en Galicia esta proposición de lei, aprobábase no Congreso unha disposición adicional, por certo co voto favorable dos tres grupos que estamos nesta Cámara, e unha disposición adicional na lei de protección da infancia e da adolescencia contra a violencia, que modifica a Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e que incorpora a violencia vicaria, aquela que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade, e así foi, ese era o senso da nosa emenda que modificaba o texto orixinal.

E, en terceiro lugar, propoñiamos tamén, o PSdeG propoñía tamén a eliminación do artigo que establecía que a maneira de acreditar a violencia vicaria fose a sentenza condenatoria do asasinato ou homicidio. Evidentemente, en consonancia co anterior que dixemos, poderíamos pensar por exemplo nun caso recente como o das nenas das Illas Canarias, ese caso no que a xuíza determinou nun auto a violencia vicaria, ou sexa, xa unha xuíza con todas as evidencias determina que hai violencia vicaria nese caso, pero obviamente non pode haber unha sentenza condenatoria. Pensemos que pasaría entón en casos semellantes a ese, por tomar un como referencia, no que o home segue desaparecido e, como digo, por tanto nunca poderá haber unha sentenza condenatoria.

Dito isto, é certo que o resto dos grupos entenderon a nosa proposta e, a pesar de que si decidiron manter a referencia a esa sentenza condenatoria, tamén se engade que pode existir calquera outro documento que a acredite, algo que aínda así ao noso entender xa existía no articulado da lei, pero, bueno, o resto dos grupos igualmente preferiron mantelo e lóxicamente a maioría parlamentaria manda e non puxemos tampouco máis obxección.

Teño que dicir ademais, como xa dixen tamén nas reunións da ponencia e tamén na comisión, que a pesar de que hai acordo, porque nesta materia ten que haber acordo e ten que haber acordo sempre, que ao noso grupo nos parecía máis xusto, falando destas últimas cuestións de que estou falando, para non establecer distintos tipos de niveis de violencia, eliminar a mención expresa ao homicidio ou asasinato, porque aínda que é a forma máis extrema, como dicimos, non é a máis habitual e, deste xeito, parécenos que se está a poñer o foco, parecíanos que se está a poñer o foco nun feito concreto ou establecendo diferentes tipos de violencia. Nós propoñiamos deixalo en calquera tipo de violencia e non facer esa mención expresa.

En todo caso, o que si agradecemos é que houbese consenso en entender que a violencia vicaria ten tristemente moitas caras e non todas elas acaban en morte. Por iso, como digo,



deamos un paso máis coas nosas emendas e, tomando como referencia o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a lexislación tamén neste senso e nalgunha outra comunidade autónoma, avanzamos en recoñecer a violencia vicaria cando se exerce un dano do tipo que sexa, sempre coa intención de provocar dor e sufrimento na muller maltratada.

Non é o debate hoxe, sabemos que non é o debate, pero tamén haberá que falar de forma exhaustiva da posibilidade ou... este grupo quería traer aquí este debate da posibilidade de que os maltratadores continúen a ver nesas visitas os seus fillos e fillas. Anulando esa posibilidade, estaremos poñendo freo tamén á violencia vicaria. Non a toda, pero dende logo si á que exercen eses homes maltratadores sobre os seus fillos e fillas, porque o réxime de visitas suelen ser o espazo no que a violencia vicaria se manifesta case sempre. Temos que ter en conta que un maltratador nunca será un bo pai.

Ademais, segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, o pasado ano só no 3,01 % dos casos —só no 3,01 % dos casos!— se cancelaron os réximes de visitas como medida cautelar. Nese senso a xustiza, e dende a política, dende os grupos políticos debemos esixilo, ten que actuar con contundencia e de aí, como vimos tamén reclamando, a importancia da formación obrigatoria en materia de xénero no eido da xustiza.

A Lei orgánica de protección integral á infancia, a que xa fixemos mención, incorpora neste senso varias medidas, por exemplo a que reforma o artigo 94 do Código civil, que incorpora o rexeitamento dun réxime de visitas respecto do proxenitor que estea incurso nun proceso penal por violencia doméstica ou por violencia de xénero. Pero, bueno, hai que continuar traballando neste senso.

Como digo, este non é o debate hoxe, nin probablemente sexa un debate nesta Cámara, pero si debera comezar un debate social no que tamén todos e todas nós deberamos estar de acordo, e agardo que así sexa.

En esencia, e xa vou rematando, hoxe non estamos máis que cumprindo co Convenio de Istambul, que define violencia contra a muller como todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade na vida pública ou privada. Hoxe estamos dando por fin cumprimento a este Convenio de Istambul.

E, xa para rematar, tamén quería, dende este grupo parlamentario, mostrar a nosa satisfacción ou parabenizarnos por acordarnos, máis ben non só por acordarse, senón por non emendar ningún dos outros dos grupos a proposta inicial de que esta modificación lexislativa teña carácter retroactivo. É crucial que esta modificación lexislativa teña carácter retroactivo. Non entenderíamos, dende logo, que non fose así; é unha cuestión de xustiza social para con todas esas mulleres que levan anos sufrindo ese maltrato e que lamentablemente as acompañará durante toda a súa vida.

Pola nosa banda, nada máis.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Estamos a punto de aprobar a lei que vai recoñecer a violencia vicaria como unha forma de violencia de xénero, eu diría que posiblemente na súa forma máis extrema, a máis cruenta e retorcida de terrorismo machista. Con este paso adiante, as mulleres e os menores que sufran violencia vicaria terán unha maior protección ao consideralas para todos os efectos vítimas de violencia de xénero, porque sabemos que ese estatuto dá máis dereitos, tamén dá máis axudas, dá máis apoio e dá máis protección. E, polo tanto, eu o que primeiro quero é agradecer o apoio e recoñecer as aportacións feitas tanto polo Grupo do Partido Popular como polo Grupo do Partido Socialista nas deputadas Paula Prado e Noa Díaz, cuxa colaboración vai permitir que esta proposta lexislativa, que nun primeiro momento impulsou o BNG, pois que dea paso a converterse nunha lei de todos e todas deste Parlamento, logrando que Galiza se sitúe na vangarda legal na loita contra a violencia de xénero, e tamén recoñecer que este paso adiante en último extremo realmente de quen é mérito é colectivo das mulleres e do feminismo que levan tanto tempo dando a batalla polo recoñecemento da loita contra a violencia machista. *(Aplausos.)*

E hoxe é un deses momentos nos que demostramos que a política pode mellorar a vida das persoas, nos que escoitamos e actuamos para protexer a quen máis o precisa e estou segura de que hai moitas mulleres que senten que este Parlamento é o que debe ser: a súa casa e un lugar no que atenden as súas demandas e no que se traballa para protexelas e amparalas ante unha situación pola que ninguén debería pasar.

En definitiva, hoxe neste Parlamento damos un paso importante na loita contra a violencia machista e na defensa do dereito das mulleres a ser libres e iguais. Ao longo de todo o planeta, cada día, cada minuto polo simple feito de ser mulleres, estamos sometidas a unha violencia de xénero que nos discrimina e que nos agride. Unha violencia que no caso máis extremo mata, e todo isto ante un sistema administrativo, político, xudicial e policial que é incapaz de impedir que teñamos que soportar un dos exemplos máis evidentes de violación de dereitos humanos, como é a violencia machista.

Desde o ano 2013, no conxunto do Estado español houbo 41 casos de violencia vicaria. O 90,4 % foron fillos e fillas asasinadas polos seus pais biolóxicos para exercer sobre as nais a maior das torturas que poden imaxinar, que é arrebatarlles o ser que máis poden querer, e eu desde logo creo que é imposible imaxinar a dor que pode sentir unha muller nese momento, e temos que poñer todo o que estea nas nosas mans para previr este tipo de situacións.

Como menos, hoxe podemos darlle consolo a moitas e podemos ofrecelles a moitas mulleres e tamén aos menores unha maior protección a través dunha lei que o que ten que dotarnos é de máis ferramentas para poder axudalas, precisamente con ese estatuto de vítima de vio-



lencia machista, e, desde logo, corríxese unha inxustiza, porque deixaba a moitas desamparadas no peor momento e no peor dos escenarios posibles.

Agora terán recoñecido por lei ese dereito á axudas económicas, laborais, sociais, psicolóxicas e estarán baixo o amparo do protocolo de actuación previsto para as mulleres que sofren violencia machista.

Quero resaltar que o texto final que imos votar, que se enriqueceu durante o trámite da pomenencia, o que fai é modificar a Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero con tres aportacións que nós consideramos claves. A primeira é establecer unha definición de violencia vicaria máis ampla e máis concreta, desde o noso punto de vista, que a que se recolle no ámbito estatal. Nese sentido, a lei galega pasa a considerar violencia vicaria como violencia machista para todos os efectos, homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre os fillos e fillas da muller.

Tamén se recoñece que hai outros casos nos que poden ser persoas estreitamente unidas a elas e cal é a finalidade, que é causar dano psicolóxico precisamente por quen fora o seu cónxuxe ou parella, aínda que non tiveran unha relación de convivencia.

En segundo lugar, esta modificación incorpora unha nova forma de acreditar a violencia vicaria como violencia machista, en concreto esa sentenza condenatoria de orde penal ou de calquera orde xudicial que establece que a muller sufriu violencia vicaria en calquera das modalidades definidas nesta lei. Nós cremos que é importante que isto se manteña, porque o que fai é ampliar como se poden recoñecer as fórmulas de violencia machista, que non limita as que xa estaban previstas na lei e que, polo tanto, é algo que suma e que, en todo caso, ten un sentido que se manteña neste texto.

A terceira cuestión que queremos resaltar e que nos parece unha aportación clave é precisamente a retroactividade da lei, de maneira que todas as mulleres que no pasado sufriron esta forma tan terrible de terrorismo machista queden amparadas polo Estatuto da vítima de violencia de xénero, porque nos parece un acto de xustiza con todas elas.

É evidente que esta lei o que fai é aplicar na práctica moitos dos que xa viñan recoñecendo informes e xurisprudencia dos tribunais, que recolle tamén o Convenio de Istambul e que pon fin a unha situación que para nós era incomprensible por inxusta pero tamén, desde o punto de vista ético, intolerable.

Igualmente, pois tamén é certo que había un recoñecemento no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero relativo ao tema da violencia vicaria e a nós tamén nos parece positivo que se vaia avanzando en todos os ámbitos, porque sabemos que é relevante que as leis teñan un contido que se axuste o máis posible a definición.

E en última instancia tamén sabemos que as leis por si soas non solucionan os problemas, sendo moi importantes, e todas as leis de violencia de xénero foron pasos adiante á hora de visibilizar e loitar contra a violencia machista. Pero sabemos que as leis necesitan recursos. Concretamente a clave para nós é que ten que haber máis recursos para educar en igualdade



e que vaíamos á raíz do problema, que é o uso da violencia como un elemento de control das mulleres e onde sabemos que temos que camiñar cara a unha sociedade onde exista igualdade e onde se respecte o dereito das mulleres a ser libres.

Pero tamén sabemos que hai neste camiño pasos intermedios importantes, e un clave é que haxa máis recursos para a detección precoz da violencia de xénero e tamén da violencia vicaria, e pensamos que neste punto é importante facer unha reflexión. Segundo os datos da macroenquisa que fixo o Ministerio de Igualdade no ano 2020, fálase de que no Estado español hai 1,6 millóns de nenos e nenas que viven en fogares onde a súa nai sofre violencia machista e, polo tanto, eles tamén están nun contorno de violencia.

Os propios especialistas están dicindo que a violencia vicaria non segue un parámetro ou un patrón que se poida meter nun modelo matemático e que os casos de violencia vicaria están presentes no día a día con ameazas, con control cara á muller, a través dos seus fillos e fillas. E dinnos que hai signos previos, cando os menores volven á casa da nai con prendas rotas despois de ter unha visita co pai ou de custodias compartidas, mesmo que hai casos onde se lles interrompen os tratamentos médicos durante o período de estancia co maltratador, ou mesmo cando este fala mal da nai diante dos nenos ou nenas, ou utiliza as menores para que insulten a muller.

E todos estes casos é importante que teñamos mecanismos e recursos para poder detectar, actuar e evitar pois que teñamos males maiores. E é necesario que haxa un esforzo importante por mellorar estes mecanismos de detección precoz, porque sabemos que é unha ferramenta útil para poder preservar o dereito das mulleres e tamén das crianzas a vivir sen violencia.

Señorías, quero rematar esta intervención precisamente coa voz das mulleres que pasaron por unha experiencia deste tipo e que creo que é importante que a recoñezamos porque nos fixeron e nos achegaron un informe que elaboraron a partir das súas propias reflexións, valoracións e opinións.

Precisamente neste informe, etas mulleres pediánnos que actuásemos para poñer fin ao seu desamparo en aspectos tan variados como o xurídico, o psicolóxico ou o económico.

Pediánnos que fixeramos un exercicio de empatía para comprender a devastación que queda durante anos e anos. Pediánnos que dentro das nosas competencias impulsáramos cambios para educar en igualdade, para defender a quen o precisa e para responder con medidas axeitadas que atallen os problemas antes de que se produzan. Son palabras de mulleres que pasaron pola peor das experiencias e que temos que saber que se sentiron desamparadas, desprotexidas, pero a pesar de todo isto tiveron a xenerosidade e a capacidade de falarnos desta situación dun xeito construtivo para pedirnos que busquemos solucións.

Modestamente, penso que hoxe con esta lei lles estamos dicindo que as escoitamos, que as entendemos e que damos pasos adiante para protexelas e para avanzar cara a unha sociedade máis igual e máis respectuosa cos dereitos das mulleres. Porque con esta lei estamos poñendo ao seu alcance solucións para axudalas a saír adiante despois dunha experiencia dramática coa que teñen que aprender a vivir para sempre; solucións para aquelas que se vexan



obrigadas a cambiar de lugar de residencia, que sabemos que nos casos máis extremos son moitas, porque soportar a carga emocional psicolóxica é moi difícil, e o anonimato é unha ferramenta que teñen para poder sobrecolleerse e elevarse ante tanta dor; e tamén solucións para poder ter un medio de vida, porque hai moitos casos no que o *shock* emocional as invalida para poder seguir traballando, moitas perden o traballo e quedan nunha situación de realmente de moitísima vulnerabilidade.

Eu creo que hoxe moitas desas mulleres senten que neste Parlamento hai un foco de esperanza porque lles estamos tendendo a man, estamos aprendendo da súa experiencia e sobre todo estámolles dando dereitos que ata o de agora non tiñan. E iso é o que fai grande unha lei, que dá dereitos máis alá do que un goberno de turno quere facer, e creo que desde a acción política a loita contra a violencia de xénero necesita moito máis que minutos de silencio ou fotos de solidariedade.

Hoxe damos un gran paso adiante pero queda moito traballo por facer e queda moito para reforzar a protección, o dereito das mulleres a vivir sen violencia e que poñamos todos os medios para evitar que casos de violencia de xénero, de violencia vicaria cheguen a producirse. E eu precisamente tamén creo que é importante que recordemos ese informe que nos trasladaban mulleres vítimas de violencia vicaria no noso país no que dicían que hai cuestións ás que debemos darlles unha resposta urxente. Que é preciso que os traballadores e as traballadoras dos xulgados, da policía, dos servizos sociais, dos CIM teñan formación específica en violencia de xénero capaz de facer valoracións de risco eficaces e reais; que haxa protocolos de actuación ante casos de violencia vicaria que contemple casos, cuestións tan básicas como a de comunicar os propios feitos a vítima, a asistencia sanitaria ou psicolóxica, porque sabemos que a asistencia psicolóxica nos casos máis extremos é unha asistencia que non é a ordinaria, que son terapias moi custosas e longas e que aí tamén hai moito que mellorar. Pedíannos un protocolo para os medios de comunicación que facilite a cobertura dos feitos, pero preservando a intimidade e a privacidade das vítimas evitando o sensacionalismo, a sobreexposición e a presión mediática non buscada nin desexada, ou tamén nos falaban da creación doutro tipo de axudas, como bolsas de traballo para moitas, e tamén axudas para cargas económicas derivadas da traxedia, como gastos de xestión, seguros, avogados, recursos, trámites administrativos e xurídicos.

Sabemos que hai sempre na loita contra a violencia, moito que facer, que esta lei non é o final do camiño, pero si que é un paso adiante cara a unha meta dunha sociedade libre de violencias machistas, e por iso señorías eu quero hoxe acabar a miña intervención en nome do Bloque Nacionalista Galego volvendo a agradecer as aportacións de todos os grupos a esta lei, que ao final non deixa de ser unha porta á esperanza e tamén para recoller o guante que nos lanzaron moitas mulleres neste país que pasaron por unha situación durísima, e que é un orgullo que este Parlamento tamén lles dea unha resposta na que as escoitemos e na que lles tendamos a man.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.



A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Elizabeth Yardley, directora do Centro de Criminoloxía Aplicada da Universidade de Ciencias Sociais de Birmingham, levou a cabo unha investigación sobre pais que asasinaron os seus fillos e fillas no Reino Unido dende os anos oitenta durante os períodos de visita, ou cando eses fillos ou fillas estaban ao coidado deles, e dende entón o número deste tipo de crimes foi aumentando cada ano. Yardley chamoulles *aniquiladores da súa familia*. Decía que para estes homes o divorcio e a perda da súa familia son vividos como un ataque á súa masculinidade, e matar os seus fillos é unha forma impactante e dramática de berrarlle ao mundo: miren o poderoso que son.

Non estamos a falar de homes aos que os traizoan os nervios ou que tiveron un pronto ou un impulso. Non, non señorías, non se lles foi das mans. Falamos de homes violentos, de homes narcisistas, que consideran que a muller e os seus fillos e fillas son meros obxectos que non merecen estar se non os poden dominar e non lles pertencen.

En pleno século XXI, non temos erradicada da nosa sociedade a expresión máis cruel da desigualdade: a violencia contra as mulleres. Dende as expresións máis sutís e cotiás ata as máis atroces e encarnizadas que culminan coa violencia extrema, a eliminación da vida.

Hoxe debatemos o ditame da ponencia da proposición de lei que reforma a Lei 1/2007 para a prevención e tratamento integral de violencia de xénero. Propoñíase modificar o artigo 3, que define as formas de violencia de xénero, e incluír a violencia vicaria, como unha forma máis de violencia de xénero ás descritas no texto lexislativo. Xa temos a violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia sexual e abusos sexuais, acosos sexual, tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación.

Pois dentro das formas de violencia de xénero hai unha especialmente sádica e desapiadada, que é a denominada violencia vicaria. É a que é exercida sobre os fillos e fillas para facer un dano irreparable na nai, matar un fillo en vida para que ela viva secuestrada pola dor da súa ausencia e da súa cruel morte.

En Galicia xa tivemos algún episodio terrible de violencia vicaria, o do asasino de Moraña, o sádico, frío e calculador David Oubel, que todos e todas lembramos con estremecemento. Encólleseme o corazón só de lembralo, igual que o caso de Valga, que non eran fillos e fillas, senón que era familia directa, era a nai e era a irmá da vítima. E que, por desgraza, nestes últimos tempos é un tipo de violencia que está de plena actualidade, xa que estamos a revivir a dor nunha situación terrible, onde son protagonistas dúas nenas, Ana e Olivia, e dende aquí todo o noso cariño e solidariedade para a súa nai, así como para todas as nais que sufriron ou sofren cada día este tipo de violencia.

A incorporación das emendas e o debate en ponencia enriqueceron enormemente o texto inicialmente presentado, e as aportacións dos grupos foron incorporadas co asesoramento dos servizos xurídicos da Cámara, aos que lles agradecemos especialmente o seu traballo, pois conseguimos elaborar un texto lexislativo tecnicamente impecable, preciso, rigoroso e claro, que aborda todas as posibles situacións que neste ámbito puideran darse. Isto xurdiu



bastante debate na ponencia, porque como efectivamente dicía a señora Díaz, a Lei da infancia fai unha inclusión alí nunha disposición final sobre a violencia vicaria, pero aquí queriamos medir moito as palabras, porque efectivamente non só queriamos que o asasinato e o homicidio fosen incluídos como violencia vicaria, senón tamén calquera tipo de violencia. Esas expresións que se teñen manifestado xa no debate, como «vouche quitar os nenos», ou violencia psicolóxica sobre os nenos, iso xa é violencia vicaria.

E falaba a señora Díaz dos documentos de acreditación desa violencia, pois non só unha sentenza, non só un auto, senón tamén a partir de mañá un informe psicolóxico dun neno ou dunha nena que sofre violencia vicaria pode ser xa o primeiro paso para ir a un xulgado a determinar que ese neno ou esa nena está sufrindo violencia por parte do seu pai e se converte en violencia vicaria cara á súa nai.

Consideramos importante abordar esta forma de violencia desde un punto de vista, como dicía, máis amplo, non só o último, o máis dramático, o irreversible: a morte, o asasinato. Cremos que é importante incluír todo o resto de tipo de violencias que se poidan exercer, sobre a nai e sobre os nenos, porque calquera tipo de expresión, dicía antes a señora Díaz algunha, pero a primeira que adoitan dicir cando están nun proceso de separación ou divorcio é: «se me abandonas, quitareiche os nenos». Iso xa é violencia vicaria, iso xa está provocando dor na nai e na muller, que ademais a está secuestrando ás veces na propia relación. É dicir, está provocando que esa nai non dea o paso para separarse dese home porque está secuestrada por esas ameazas, porque o que máis lle importa nese momento son os seus fillos, protexer os nenos e as nenas que viven con ela, os seus fillos e fillas, e por iso moitas veces a propia violencia vicaria é un cárcere en vida para as nais que a sofren.

Na práctica diaria en moitas ocasións atopamos homes que xamais se ocuparon do coidado dos seus fillos e fillas durante a relación de parella e, á hora do divorcio ou a separación, reclaman a custodia compartida e incluso algúns a custodia plena, invocando unha falsa equidade no coidado dos fillos e fillas que non existiu antes, porque a súa verdadeira intención non é coidar deses nenos ou desas nenas, senón continuar maltratando a muller, agora ben a través dos fillos e das fillas. E por iso a custodia compartida xa está prohibida nos casos onde preexiste unha situación de violencia de xénero. E creo que, a partir de mañá, unha vez que entre en vigor, mañá ou nestes días, unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia*, todas estas cuestións teñen que ser tidas moi en conta por todos os tribunais de Galicia. Cando se dea unha custodia compartida ou un réxime de visitas, hai que ter moi en conta, hai que escoitar moito as nais e hai que facer unha análise pormenorizada de a quen se lle deixan eses fillos e fillas, en mans de quen os deixan e cales son as verdadeiras intencións dese pai.

O Grupo Parlamentario Popular amosamos a favor de introducir na lexislación galega esta forma de violencia dende o primeiro momento, pero debemos engadir que en Galicia, aínda que non estivera na lexislación, o Goberno galego xa estaba poñendo os medios necesarios á disposición desas vítimas e xa se viña facendo a través de actuacións na materia dende hai anos; como digo, dende o ano 2015. Por iso, señora Díaz, en ningún caso cuestionamos a retroactividade, porque, insisto, en Galicia xa se estaba facendo.



E quero destacar que no Grupo Parlamentario Popular non só nos limitamos a admitir a trámite o texto lexislativo, senón que enriquecemos a lei e introducimos algunhas modificacións que foron incorporadas.

A violencia vicaria é a violencia instrumental contra as mulleres desprazada sobre o que máis queren, normalmente sobre os fillos e fillas, pero tamén sobre a familia máis directa. E, como dicía, en Galicia xa dende o ano 2015 e sen dispoñer dunha lexislación específica autonómica nin dun marco regulador estatal, xa garantimos ás vítimas de violencia vicaria consideradas como vítimas de violencia de xénero todas as axudas e servizos da nosa competencia asociados a esta condición, e non só cando se trataba de fillos ou fillas da vítima, senón tamén de familiares directos.

Xa estaban facendo uso de todos os recursos de apoio, de todas as axudas que se aplicaban ao estatuto da vítima, incluída tamén a atención psicolóxica especializada, señora Pontón. Por iso, na ponencia apoiamos a consideración de que as nais de fillos asasinados polos seus proxenitores, os orfos e orfas de nais asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas sexan recoñecidos tamén como vítimas de violencia de xénero.

Pero dende o Grupo Parlamentario Popular quixemos ir máis alá, como dicía antes, e unha vez admitida a trámite emendamos para incluír nese recoñecemento a violencia exercida sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe, ou porque mantivo con ela unha relación análoga de afectividade, aínda sen convivencia.

Como dicía antes, quero destacar —e creo que é moi importante, porque é un avance fundamental— que non só estamos falando de violencia vicaria cando hai un asasinato ou un homicidio; calquera outra forma de violencia exercida sobre os fillos e fillas da muller ou calquera outra persoa estreitamente unida a ela a partir de agora vai ser considerada violencia vicaria.

Galicia, unha vez máis, está sendo das primeiras en lexislar sobre violencia vicaria, aínda que estas mulleres e cativos vítimas xa levan sendo recoñecidos como tales e beneficiarios das axudas en servizos á disposición do Estatuto da vítima dende o ano 2015.

Consideramos que este paso de xigante, señorías, ten que ir acompañado dunha actuación de verdadeiro compromiso pola igualdade do Goberno de España. Xa o falamos en comisión, señora Díaz. É importante que o Goberno de España cumpra o Pacto de Estado, que non parchee a Lei integral de violencia de xénero, que faga unha verdadeira modificación e actualización da lei de 2004 ao ano 2021. Hai moitas medidas do Pacto de Estado aínda por cumprir e creo que é importante que dende o Estado se poña o paraugas para que todas as comunidades autónomas teñamos unha mesma dirección e non esteamos aquí lexislando en 17 sitios distintos.

Remato xa. Unha vez máis quero poñer en valor a vontade política e agradecer aos grupos parlamentarios esa vontade de consenso, esa xenerosidade, e creo que hoxe é unha proba no ámbito da igualdade de que se pode chegar a acordos e gustárame que non só neste ám-



bito fose posible, senón noutros que son importantes para Galicia tamén poidamos conquistar acordos e consensos importantes que supoñan avances na nosa sociedade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, nós simplemente, xa o expresei na miña primeira intervención, non imos apoiar a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas, porque consideramos que non ten moito sentido. Nós temos unha lei que xa no seu momento foi unha lei moi avanzada, porque permitiu a acreditación de violencia de xénero sen ter sentenza e, polo tanto, abría moitas vías para o recoñecemento da violencia de xénero. Entendemos que esa lei se aplica a todas as formas de violencia e polo tanto á violencia vicaria, e o feito de que se incrementa ese recoñecemento a través dunha sentenza penal lonxe de restar o que suma en todo caso é en eficacia e en previsión, e eu simplemente quero rematar esta intervención agradecendo o traballo de todo o mundo, o recoñecemento e o impulso que o feminismo lle ten dado á loita contra a violencia machista, e quedándome con que hoxe neste Parlamento imos acordar unanimemente unha lei que é un paso para darlle algo de luz e esperanza a moitas mulleres que viviron unha situación que eu, desde logo, creo que a aspiración que debemos ter colectivamente é que nunca ninguén nunca máis teña que volver vivila, e sobre todo cun impulso que neste momento é responsabilidade do Goberno e é que o Parlamento aproba leis pero, evidentemente, os gobernos teñen que poñer todo da súa man para poder executala.

E, neste ámbito, o importante é que haxa impulso real á prevención, que teñamos máis medios e máis recursos e sobre todo que non nos olvidemos de que a violencia é un medio que se utiliza para intentar dominar as mulleres, e que temos que traballar por unha Galiza con mulleres libres.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

Déanlle voz ao escano, por favor, da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Efectivamente, eu a verdade é que non tiña previsto intervir agora porque pensei que non estaba viva esa emenda e chagaramos ao acordo de introducir, de transacionar que non só a sentenza,



senón calquera documento que acreditara a violencia; como dixeran na miña intervención, mesmo un informe psicolóxico pode acreditar, unha vez que entre en vigor a lei, que existe violencia vicaria, e, por tanto, a nosa lei é moi avanzada neste sentido, a nosa lei, o título que identifica unha muller como vítima de violencia de xénero vai máis alá incluso que a lei estatal, un simple informe de Servizos Sociais é suficiente para acreditar que unha muller é vítima de violencia de xénero.

E, como dicía antes, creo importante e fundamental cumprir o Pacto de Estado e que ese é un dos retos tamén señora Díaz que está por determinar, e é importante que se modifique e que se actualice a lei de 2004 porque no Pacto de Estado está incluído ese título habilitador, ese título que recoñece unha muller como vítima de violencia de xénero.

Creo que este, hoxe demos un paso importante; por desgraza non vai ser o último que demos neste sentido, pero creo que é importante para seguir avanzando na conquista dos dereitos das mulleres e na conquista da igualdade real, a pesar de que cada día seguimos tendo máis lexislación e máis marcos normativos que a amparan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Vamos esperar a que entre todo o mundo porque creo que esta ocasión merece que voten todos os deputados. Foi un gran exemplo de esencia de parlamentarismo bo.

Para min foi moi bo, que quere que lle diga, isto de chegar así a un consenso como se chegou pois é magnífico. Entón, vamos esperar a que entren todos os deputados e deputadas para votar.

(Pausa.)

Vamos esperar porque os tempos foron acurtados, só falta un deputado, pero a min gustaríame que votaran todos. Vamos esperar, non pasa nada, é un minuto só. Xa aparecerá.

(Pausa.)

Non o damos localizado. Non sei. Van aparecendo máis. Faltan moitos deputados. Faltan moitos deputados. Están faltando moitos deputados e a min gustaríame que esta votación fose unha votación de todos os deputados. Esperamos un segundo se pode ser. ¿Cal é o problema?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Como tres?

Por iso, pero foi porque se acurtaron os tempos. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Non se calculou porque se acurtaron. ¡Por favor! se teñen tanto interese en que voten, pero vamos esperar un minuto máis a ver se poden votar. ¡Por favor!, non creo que sexa tan complicado. Home, por favor, dúas leis tan importantes hai que votalas.



Non, isto eu faríao en calquera sentido, creo que hai leis que...

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Non, non, ipor favor!

¿Non temos noticias?

Se o problema non é que teñamos mais ou menos, se vai saír por unanimidade. O problema é que a min me gustaría que votasen todos os deputados, pero se non é posible non é posible

Comezamos votando os textos lexislativos.

Votación do proxecto de lei e das proposicións de lei

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esta emendas.

Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

E, por último, votamos o Ditame da Comisión, coas emendas que se incorporaron antes.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e cultura, sobre o Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 33.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Continuamos coa votación das emendas e do Ditame emitido pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Sométense en primeiro lugar a votación as emendas mantidas polo Grupo Parlamentario Socialista, que son a 4, 5, 8, 9, 10, 11, 17 e 18.

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia é Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 34.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

E votamos agora o Ditame da comisión coas emendas incorporadas.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Continuamos coas votacións, neste caso das emendas mantidas e do ditame emitido pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votamos agora o Ditame da comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e agora continuamos co Pleno, neste caso coa de mocións.

Señor Arangüena, ¿para que quere a palabra?, ¡por favor!

¡Perdón!, déanlle voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Quería deixar constancia da nosa repulsa pola forma en que se manipulou a votación da lei de universidade privada. (*Aplausos.*) Porque, señor presidente, e quero deixar constancia, vostede dixo que faltaba un deputado do PP e non era certo, agardou ata que estivo presente a maioría para aprobar esta lei. Faltaban cinco, seis ou sete. (*Aplausos.*) Por tanto, señor presidente, manifestamos a nosa repulsa por esa manipulación.

O señor PRESIDENTE: Paréceme correcto. O que lle podo garantir é que na miña cabeza só estaba a votación do [...]. O demais é interpretación. Pode crerme. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Son un home nese sentido bastante leal. Pode vostede interpretar o que queira e deixa constancia. Agora, esta Presidencia neste caso non actuou con maldade; teríao feito... Bueno, iso é interpretable.

¡Perfecto!



Vamos co punto das mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital

Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Efectivamente, evitou vostede, señor presidente do Parlamento, que acontecese un feito sen precedentes posiblemente nesta Cámara, pero eu tamén quero deixar constancia ademais desa oposición do Bloque Nacionalista Galego a como se instrumentalizaron os tempos para que tivese maioría absoluta o Partido Popular na votación da Lei de universidade privada, non instrumentalizar as dúas leis de igualdade para intentar tapar decisións políticas. *(Aplausos.)*

E imos agora co debate da moción. Hoxe traemos desde o BNG esta moción referida á renda da inclusión social de Galiza, na que defendemos medidas en dous sentidos ou con dous propósitos. Primeiro, a condonación ou bonificación ao cento por cento das contías reclamadas pola Xunta ás persoas perceptoras desta prestación económica, como saben, ás que se lles están a reclamar cantidades importantísimas de diñeiro, que oscilan entre os 3.000 e os 5.000 euros, despois de que se lles concedese con carácter retroactivo o ingreso mínimo vital. Están a ser tratadas estas persoas como auténticas defraudadoras e non o son, non son defraudadoras. Elas e eles non son responsables dunha situación xerada única e exclusivamente polas administracións, polos gobernos galego e español, que nin informaron sequera as persoas beneficiarias nin as traballadoras sociais de que esta situación podía darse no caso de que o ingreso mínimo vital lles fose recoñecido e os cobros desa prestación, unha vez recoñecida, se retrotraesen desde que tiñan dereito.

Nin sequera as comunicacións oficiais remitidas ás persoas beneficiarias en cada unha das provincias do noso país foron iguais a esas persoas beneficiarias e como podían defender os seus dereitos diante da administración. Tampouco se informou de igual maneira en Lugo que en Pontevedra, ou en Ourense que na Coruña.

Que se lles reclamen cantidades que oscilan, insisto, entre os 3.000 e os máis 5.000 euros a persoas que perciben pouco máis de 400 euros ao mes é un auténtico despropósito. Porque estas persoas non actuaron de maneira fraudulenta ou contraria a dereito, non o fixeron de maneira ilegal, non intentaron roubar do erario público nin reciben unha esmola que dependa da graza dos gobernos.

As prestacións económicas como a Risga ou o ingreso mínimo vital son un dereito de garantía mínima de ingresos para persoas en situación de pobreza e exclusión social, algunhas



delas con menores a cargo. E dirán, dirá o Grupo maioritario e o Partido Popular: é o que pon a lei, estamos facendo o que pon a lei, e o que vostede propón no primeiro punto é ir en contra da lei e está pedíndosenos pouco máis que delincamos. Ou tamén dirán: coas medidas impulsadas pola Xunta de Galiza é suficiente, que esas medidas son prorrogar durante 30 meses ese pago de diñeiro debido, ou bonificar ata o 50 % das contías a familias que teñan persoas menores de idade a cargo.

Pois ben, desde o BNG negamos a maior; primeiro porque efectivamente é o que pon a lei de 2013, pero as leis non son as táboas de Moisés, iso o primeiro. Poden polo tanto modificarse, e de feito a Lei de inclusión debería ter sido modificada xa a proposta da Xunta de Galiza desde hai meses.

Oportunidade de facelo, e ademais oportunidade impulsar esa reforma da Lei de inclusión social de maneira áxil, de maneira rápida, de maneira exprés, diríamos, tiveron por exemplo coa Lei de acompañamento aos orzamentos. Naquel debate, no que eu tiven a oportunidade de actuar como voz do Grupo Parlamentario Popular, dixen Popular, como... (*Risos.*) (*Murmurios.*) é que estamos... non. Repito outra vez, naquel debate no que eu actuei como portavoz do Grupo Parlamentario do BNG, dixémoslles que tiñan que ter actuado e que tiñan que ter modificado e aplicado esas modificacións dentro dese mecanismo naqueles aspectos que tiñan moito a ver ademais coa situación vinculada ou derivada da crise económica da pandemia. Se así fose, se se tivese aproveitado ese mecanismo absolutamente excepcional e que nós criticamos constantemente en canda un dos debates, pero se naquel momento se tivese aproveitado esa Lei de acompañamento para facer unha reforma exprés da Lei de inclusión social de Galiza e evitar ese suposto cobro indebido ás persoas ás que se lles recoñecía con posterioridade o dereito a cobrar o ingreso mínimo vital, hoxe estaríamos sen dúbida falando dunha situación ben diferente.

Pero é que ademais esas bonificacións previstas pola Xunta de Galiza, chegan apenas aos fogares con menores a cargo, como lles indicaba o 50 % para aquelas familias con menores a cargo, e non son nin de lonxe a maioría dos fogares que perciben a renda de inclusión social de Galiza, a Risga.

Lembremos os tres casos que nós traíamos desde o BNG no debate da interpelación. ¿Lembran eses tres casos que puxemos desde o BNG?, un deles matrimonio de emigrantes retornados maiores de 65 anos, que cobran 550 euros de Risga ao mes, que viven nunha vivenda de aluguer pola que pagan 290 euros, e nin tan mal pagar 290 euros, veremos en que condicións se atopa a vivenda, reclámanselles 5.341 euros por parte da Xunta de Galiza. ¿Saben vostedes canto tempo terían que aforrar?, que aforrar todo, que aforrar eses 550 euros que cobran ao mes da Risga. ¿Saben canto tempo terían que aforrar todo o que ingresan para poder pagarlle á Administración un diñeiro que non defraudaron, que non malversaron, que non lle roubaron a ninguén, porque é unha situación, insisto, xerada pola Administración, da que non son responsables estas persoas? ¿Saben canto terían que aforrar? ¿Cantos meses? Pois falamos dun aforro practicamente de dez meses aforrando o único ingreso que perciben nesa casa, insisto, con dúas persoas maiores de 65 anos. Nin pagas facturas, nin pagas aluguer, practicamente nin comes nin vistes para devolverlle un diñeiro á Administración que ti non defraudaches, que ti non roubaches e para poñer solución a unha situación da que non es responsable en ningún caso.



Iso é o que hai, e aínda temos que oír a conselleira de Política Social, lembrarán vostedes comigo, que se queixe de que traemos este debate desde o BNG dúas veces. A nós o que nos renxe é que non se estea falando diso todos os días neste país, porque se lles están reclamando, insisto, cantidades que van máis alá dos 5.000 euros, que falamos case de 1 millón de pesetas, a persoas que chegan cunha man por diante o outra por detrás a fin de mes.

E nesa situación que pon directamente as administracións en contra da poboación máis vulnerable, que pon toda a maquinaria da Administración en contra das persoas en peor situación económica e da que queremos falar hoxe e poñerlle solución para que non siga acontecendo. Nesta situación ten responsabilidade a Xunta, tamén o Goberno español, dixémolo xa no debate da interpelación. Nós insistimos nas propostas, en que hai que aplicar de maneira automática esa pasarela para que as persoas perceptoras das rendas autonómicas sexan beneficiaras de maneira automática do ingreso mínimo vital, porque cumpren con creces as condicións. Non estaríamos falando de que se lles regalase nada, e por suposto que a xestión pase a ser de carácter autonómico, no noso caso ao Goberno galego, para facer máis eficiente o proceso de tramitación.

Pero desde o BNG, dixémolo tamén na interpelación, creemos que hai que ir máis alá impulsando unha modificación da lei de inclusión social de Galiza que permita superar as carencias actuais da Risga, máis alá do seu carácter incompatíbel co ingreso mínimo. E aí centramos unha parte importante das propostas.

En primeiro lugar, brindar a Risga facéndoa complementaria co ingreso mínimo vital e camiñando cara á garantía de ingresos nun contexto que non é hoxe o que tiñamos no século pasado, e que polo tanto hoxe ter un contrato de traballo e un salario non significa que teñas os ingresos suficientes para poder vivir nunhas condicións dignas.

Por iso, o que propoñemos é superar os actuais tramos que compoñen a Risga para crear dúas modalidades diferentes de prestación. Unha, unha renda mínima de inclusión social e laboral dirixida a aquelas persoas que non teñen traballo, para que sexa unha garantía de ingresos, pero doutra banda crear unha renda complementaria de ingresos do traballo dirixida a aquelas persoas que, tendo ese contrato laboral, que tendo un salario, non chegan a fin de mes nin poden garantir unhas condicións de vida dignas á súa familia, ao seu fogar ou a si mesmas.

E un elemento que para nós é central e que debe abordarse nesa reforma da Lei de inclusión e que ten a ver coa garantía dun dereito básico, dun dereito fundamental como é o dereito á vivenda, que é hoxe o principal factor de exclusión social no noso país, ademais de terse convertido nun ben absolutamente destinado á especulación. Isto non é algo que diga esta deputada ou o Grupo Parlamentario do BNG, senón que o di alguén nada sospeitoso, quero pensar, como Cáritas.

Hai que crear polo tanto —é o que propoñemos— unha prestación complementaria de vivenda, dirixida a cubrir as necesidades habitacionais das persoas preceptoras da renda de inclusión social, e acabar cunha indecencia como a que se está producindo actualmente no noso país, que é que na Lei de inclusión social de Galiza se di que as axudas para o comple-



mento do aluguer teñen que chegar ao 25 % do IPREM, e que hoxe a propia Xunta de Galiza, como moito, fai que cheguen ao 10 % ou ao 15 % do IPREM no caso de que existan menores a cargo.

Se se cumprise a Lei de inclusión, falaríamos de axudas de 141 euros ao mes para pagar o aluguer, pero hoxe a realidade é que como moito cobras 80 euros se tes menores a cargo; 80 euros para unha persoa que teña un aluguer medio no noso país, 400, 450, 500 euros nas cidades de Vigo ou da Coruña, son absolutamente insignificantes e pírricos.

Este é o panorama, nós cremos que o que temos que mudar, e así o intentamos, polo menos abrir o debate, e con isto remato, é cambiar o enfoque, cambiar o paradigma sobre as garantías de ingreso, sobre as rendas de garantía de ingresos, porque son dereitos, non son esmolos e, polo tanto, o que deben é garantir unha vida en condicións dignas a quen as necesita.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

Señorías, daba comezo, como ben relataba agora a portavoz nacionalista, a interpelación do pasado Pleno que hoxe substancia esta moción coa resposta da conselleira, a mesma dicindo o seguinte, e cito textual: «Pensar que teñamos repetir todo. Sorpréndeme que nos volvamos a ver neste hemicycle a debater o mesmo que hai un mes». Un mes, digo eu, 30 días, o tempo é relativo, e soubémolo ben sobre todo no tempo de confinamento, que a algunhas persoas lles pasou rápido, a outras persoas non tan rápido, porque tiveron que pasar unha agonía na que os días non daban chegado, e fanse máis e máis lentos a medida que se vai achegando a data de fin de mes porque os cartos non chegan, porque o aluguer ou a hipoteca come gran parte dos ingresos familiares e hai que seguir tirando como sexa ata final de mes e poder cobrar ao mes seguinte, e volta a empezar a mesma espiral.

Os e as dirixentes no noso país precisan dunhas aptitudes e actitudes claves para poder gobernar Galicia, e máis nun momento de crise sociosanitaria sen precedentes na historia recente. Pero a Consellería de Política Social, como outras, require unha *sine qua non*, e esa é a sensibilidade. Sensibilidade para poder optimizar o desempeño da xestión sobre o benestar das persoas, e non é de recibo que coa que está a caer a consellería dea comezo a un discurso queixándose de que neste Parlamento se fagan propostas para resolver os problemas económicos de centos e centos de miles de familias en Galicia. Non é de recibo, non é xusto que a máxima dirixente de políticas sociais en Galicia pretenda xogar a «ollos que non ven», porque, se o Goberno galego continúa a ser negacionista da realidade que vive o pobo, non existirá diagnose, e sen diagnose non hai solución.



E a conselleira falaba dun mes, e eu falo de máis dun ano dende que o ingreso mínimo vital deu luz á antesala dunha das patas do noso estado do benestar, xunto con outras como a Lei de dependencia. Foi unha axuda que naceu nun dos peores momentos de crise e nun tempo de récord; a conselleira queixábase do que ela denominaba parcheos. Pero non son parcheos, señoría, son melloras na amplitude da norma para chegar a máis persoas.

¿Como pode falar así a máxima responsable das políticas sociais? É que non comprendemos que nunha situación de pandemia mundial, nun caos e crise descoñecida, sen precedentes, este Goberno, o Goberno estatal á parte sacaba os ERTE adiante, á parte sacaba normas moi duras, restricións moi duras para salvagardar a seguridade da cidadanía, creaba un dereito regulado en tempo récord. ¿Como se pode criticar que se modifique sucesivamente a modo de mellora? É increíble.

O que tiña que facer neste sentido o Goberno galego coa conselleira de Política Social á fronte é facer o mesmo, modificar, como xa propuxemos, a Lei de inclusión, traballar pola mellora do benestar da xente en momentos moi duros. Medidas excepcionais, claro que si, porque non entendemos por que a negativa do cambio, ¿por que?, ¿por que non cambian a lei de inclusión?, ¿por que non se ten feito xa para facilitar a complementariedade da Risga e do ingreso mínimo vital? A conselleira leva meses dicindo que si o queren facer, pero que non o fan porque o ingreso mínimo vital tivo modificacións *a posteriori*, como é normal nunha norma nova. E, primeiro, ¿que ten que ver iso para modificar a lei autonómica? E, segundo, a renda autonómica é a que ten a traba a ser incompatible co ingreso mínimo vital. Polo tanto, temos aquí a solución ao problema. Terceiro, as modificacións que se fagan do ingreso mínimo vital non atentan contra a compatibilidade con que *de facto* nace esta norma. Polo tanto, o ingreso mínimo vital nace como unha oportunidade para chegar a eses rincóns onde as rendas autonómicas como a Risga non chegaban, por iso nace para ser compatible con todas elas e optimizar forzas xuntas. Pero en Galicia é a norma galega a que impide a complementariedade e, polo tanto, é Galicia a que ten que traballar e modificar a propia norma.

Hai quen di que unha das mellores definicións de intelixencia é a capacidade para adaptarse aos cambios; fagámolo, fagámolo nunha das cuestións máis importantes para a reconstrución de Galicia.

Ademais, isto xa o sabía o Goberno galego dende un primeiro momento, pero non fixo nada, o Goberno galego sabía que chegaría o momento no que miles de persoas recibirían un cobro indebido con carácter retroactivo que terían que reclamar. O Goberno galego sabía o tremendo prexuízo que este feito ocasionaría ás familias neste tipo de situacións, pero continuou todo este tempo xogando unha vez máis a ollos que non ven, actuando unha vez máis como negacionistas dunha situación que atenta contra a reconstrución tan necesaria para Galicia. E xa se falou aquí no pasado Pleno de que outras comunidades autónomas xa fixeron reformas e adaptaron as súas rendas autonómicas ao ingreso mínimo vital, facendo uso do que comentaba, da intelixencia na xestión adaptándose ao cambio, para exprimir e optimizar o máximo posible todos os recursos independentemente da Administración da cal procedan, como por exemplo Aragón, pola que regulan a prestación aragonesa complementaria do ingreso mínimo vital, entre outras.



O feito é que en Galicia a día de hoxe non se está complementando o ingreso mínimo vital e non se modificou a normativa autonómica despois de hai máis dun ano da creación do ingreso mínimo vital. E, en vez de poñerse a traballar, a consellería amosa unha vez máis que este Goberno non está á altura das circunstancias nun momento moi duro, criticando unha vez máis o dereito como o ingreso mínimo vital, que en tan só pouco máis dun ano de vida xa cobre máis galegos e galegas que a renda de inclusión que levaba décadas funcionando. (*Aplausos.*) E aínda queren xestionar dende aquí o ingreso mínimo vital, señorías do Partido Popular. Iso si, queren xestionar o ingreso mínimo vital, din, pero coa boca pequena, porque de xeito oficial nada de nada, nin por parte da conselleira formalmente, nin no Congreso por parte dos deputados galegos do Partido Popular, como sería o normal e o rigor.

En fin, porque o PP di unha cousa nos medios, outra nos cauces oficiais, outra en Galicia e outra cando están en Madrid, e así a confianza da cidadanía vaise perdendo tristemente en asuntos tan sensibles como este, señoría.

Preocúpanos tamén que a máxima responsable de Política Social en Galicia descoñeza o contido da propia lei do ingreso mínimo vital na súa disposición adicional quinta, onde especifica textualmente: «*En razón de la especificidad que supone la existencia de haciendas forales, asumirán las funciones y servicios correspondientes*», referíndose loxicamente ás comunidades forais do País Vasco e Navarra, que non están incluídas no sistema de financiamento autonómico español. E, se a conselleira o descoñece, pode ir a onde nos mandou ao Grupo Socialista cando preguntamos os datos de falecementos por residencias, a Google, porque isto si que aparece en Google, non como os datos de falecementos por residencias, que non aparecen. (*Aplausos.*)

Preocúpame se é realmente isto por descoñecemento ou por distorsionar a verdade por falta de argumentos neste debate. Pero a conselleira debe aplicar máis o traballo dentro das súas competencias e menos a confrontación co Goberno central, que, repito, xa chega máis a galegos e galegas co ingreso mínimo vital estatal nun ano que o Goberno galego coa súa propia renda implantada dende hai décadas. E incluso, tras décadas funcionando, a renda galega Risga ten fallos como os sinalados pola valedora do pobo no seu último informe, que xa se falou hoxe aquí de que ten fallos como por exemplo onde se alerta que o Goberno galego permitiu embargos a familias perceptoras de Risga, cunha situación de vulnerabilidade económica e sendo prestacións inembargables. E isto sumado ás miles e miles de familias, como xa se comentou aquí o pasado Pleno, onde o Goberno galego transformou estas familias en morosas, reclamando o cobro indebido do ingreso mínimo vital, por non cambiar a lei de inclusión no seu momento cando llo propuxemos dende o Grupo Socialista e seguir mantendo por cabezonaría, porque non entendemos por que é incompatible a Risga co ingreso mínimo vital, que compartimos tamén, como comentaba a portavoz do Grupo Nacionalista, que se debe condonar esta débeda a estas familias.

E aínda comentan e se atreven a pedir xestionar o ingreso mínimo vital, cando non son capaces nin de xestionar a renda autonómica de xeito eficiente e con rigor, cando noutras comunidades autónomas a propia renda de inclusión autonómica cobre o 30 % da poboación en situación de pobreza, en Galicia só chegamos ao 6,9 % de galegos e galegas nesta situación.

O que ten que facer o Goberno galego é traballar con maior axilidade nas cuestións que de verdade afectan ás persoas e investir todos os recursos que o ingreso mínimo vital lle está



aforrando nos presupostos ao goberno galego nas familias con menores a cargo. Porque temos que ser conscientes de que na comparativa do mapa nacional saímos perdendo significativamente en canto ao índice de pobreza infantil, señorías, e iso é algo que non nos podemos permitir n século XXI. Por iso, xunto á proposta que xa fixemos o ano pasado de cambiar a lei de inclusión para permitir a complementariedade do ingreso mínimo vital, hoxe insistimos en que os fondos que o ingreso mínimo vital aforra nos presupostos autonómicos deben ser investidos de xeito urxente en cuestións como a loita contra a pobreza infantil, non invisibilicemos o drama que están a vivir tantos menores en Galicia. Propuxemos tamén un plan potente contra a pobreza infantil en Galicia, porque somos conscientes da herdanza da pobreza, e de que os nenos que hoxe sofren pobreza mañá serán adultos con menos posibilidades, e así os seus fillos e sucesivamente nunha espiral de inxustiza, de desigualdade social que non nos podemos permitir. Rompamos esta cadea de desigualdade e traballemos de xeito responsable coa cidadanía que representamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente; presidenta, neste caso.

Boa tarde, señorías.

En relación á votación sobre os textos lexislativos, gustárame aclarar que o presidente da Mesa, a Presidencia da Mesa nese momento ocupada polo vicepresidente, chamou esta mañá mesmo á señora Rodil e ao señor Arangüena —precisamente os que se queixaron desta situación— para garantir que estaban todos os deputados e deputadas dos seus grupos para a votación da CRTVG. *(Aplausos.)*

Parece mentira que a estas alturas se aproveite ou se queira aproveitar unha demora na votación para gañar tempo e gañar unha votación do que non se gañou nas urnas. *(Aplausos.)*

Gustárame empezar a miña intervención lembrando que esta moción se presta pouco ou debería prestarse pouco a demagogias, inexactitudes e rendibilidade política. Porque estamos a falar de persoas moi vulnerables, persoas receptoras da Risga que cobraron de forma involuntaria pero indebida dúas prestacións incompatibles entre si. O peor é que son elas as que se teñen que responsabilizar dunhas demoras do Goberno do Estado na tramitación do ingreso mínimo vital, sendo a Xunta quen tratou de evitar desde o primeiro momento este prexuízo para elas. Hai quince meses, o presidente Feijóo e a conselleira de Política Social, pensando no beneficio das galegas e dos galegos posibles beneficiarios en ingreso mínimo vital pediron en diferentes ocasións e en diferentes xuntanzas co Goberno de España que foran as autonomías quen xestionaran esta nova axuda.

Con este fin, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo á disposición do Estado 30 anos de experiencia en xestión da Risga, unha estrutura administrativa rodada e unha fotografía ní-



tida da realidade social da nosa comunidade. A resposta do Goberno de Pedro Sánchez a esta proposta foi non.

Partindo da base de que legalmente non existe outra opción máis que reclamar estas contías, a Xunta propuxo ao Goberno central empregar a vía da compensación directa ás comunidades autónomas para evitar esta duplicidade e protexer así as familias máis vulnerables de Galicia. Pero a resposta do Goberno de Sánchez volveu ser non. En vista das negativas, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo púxose a traballar para paliar no posible as consecuencias desta obriga legal e argallou mecanismos para facilitarlles a vida ás persoas afectadas e plan-
texou dúas opcións:

Opción 1: habilitar un prazo de 30 meses para subsanar esta duplicidade.

E opción 2: posibilitar a condonación da débeda ata unha contía do 50 % do Iprem anual, 3.4000 euros que é o máximo que está permitido, nos casos de familias especialmente vulnerables e con menores a cargo.

No que respecta ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia, o Goberno da Xunta xa está a traballar nesta modificación normativa para adaptar a lei á realidade actual e estao a facer en estreita colaboración coas entidades sociais e cos profesionais que traballan no sector.

A finalidade da reforma é adaptar a Risga e as axudas de inclusión social a un novo contexto xurdido coa posta en marcha do ingreso mínimo vital, co obxectivo principal de que a tramitación desas axudas sexa a máis rápida e o máis áxil posible.

Outros obxectivos da reforma son:

Por unha banda, a creación de programas e complementos que poidan apoiar as persoas perceptoras do ingreso mínimo vital no seu proceso de inclusión social activa, xa que nesta nova prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico e non acompañamento técnico.

Por outra banda, a redefinición da propia Risga para continuar coa mellora da cobertura daquelas persoas que por distintos motivos non poidan acceder ao ingreso mínimo vital.

Cómpre destacar que parte das cuestións que plantexa a moción que estamos a debater concordan no esencial coa normativa actual: 1. Xa existe un complemento de alugueiro nas bases da Risga. E 2. Aínda que non hai dúas Risgas diferenciadas en función de se a persoa perceptora está en activo ou en desemprego, si se permite compatibilizar a renda galega co traballo, e existen tramos que teñen por obxecto fomentar a empregabilidade, son os chamados tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

Outro asunto importante a ter en conta é que en Galicia non se extingue a Risga polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao ingreso mínimo vital, senón que unicamente se dá esa suspensión cando se ten constancia da concesión efectiva do ingreso mínimo vital, e



sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das pensións non contributivas e aquel que, de conformidade coa normativa vixente en Galicia, permitiría recibir unha Risga complementaria.

Neste punto, quero pararme para lembrar que, durante a implantación do ingreso mínimo vital, a Xunta tomou a decisión de manter a protección das persoas en risco de exclusión todo o tempo que foi necesario, cubrindo así o atraso do Estado na tramitación da nova prestación nacional anunciada a bombo e platillo, pero que hai familias en Galicia que esperaron meses e meses por cobrar e outras que aínda están esperando.

Señora Rodil, vostede pregunta cando se vai modificar a Lei de inclusión de Galicia, e créanos que ao Goberno galego lle gustaría ter unha data concreta, pero non a ten. E sinto anunciarlle que non a vai ter ata que o Estado clarifique a normativa do ingreso mínimo vital esta sexa definitiva.

Entenderá vostede e o resto das súas señorías, e supoño que compartiremos, que modificar a nosa Lei de inclusión para adaptala á implantación do ingreso mínimo vital non ten sentido mentres este non estea totalmente definido por parte do Goberno de España.

Lembren, señorías, que o real decreto lei que se aprobou para regular o ingreso mínimo vital tivo que ser parcheado en seis ocasións e, despois de 30 prórrogas, aínda se está negociando a lei que aprobará definitivamente a prestación.

Esta chapuza de tramitación nun tema tan sensible como o do que estamos a falar é o que está a atrasar a actualización da lei de Galicia e do resto das comunidades autónomas.

En todo caso, si sabemos que a Xunta iniciará a tramitación desa modificación no terceiro trimestre deste ano, tal e como informou a conselleira de Política Social nesta mesma Cámara.

Con respecto á reclamación da implantación dunha pasarela automática entre a Risga e o ingreso mínimo vital que vostedes propoñen, quero aclarar que o Goberno galego comparte a idoneidade da ferramenta, e por iso lle solicitou ao Goberno central a súa implantación en Galicia. ¿E saben que contestou o Goberno do Estado? Que non.

Iso si, a Xunta solicitou as pasarelas con todas as garantías para as familias afectadas, xa que o transvase automático e inmediato do expediente que vostedes propoñen pode provocar prexuízos económicos a moitas persoas, como por exemplo a familias con varios fillos ou que perciben complementos ou tramos da Risga, que verían reducida a súa contía de prestación se non se analizan os seus expedientes de forma individualizada.

Por último, como todos sabemos, xa que a Xunta xa ten solicitado formalmente en distintas ocasións asumir a xestión do ingreso mínimo vital en Galicia, e a resposta do Goberno do Estado foi non.

Señora Rodil, vostede na súa intervención do Pleno anterior acusaba a conselleira de escorrer o vulto ante esta situación. Miren, para que quede claro que isto non é así, vou facer un pe-



queno resumo das medidas que adoptou a Xunta e o Goberno galego en relación coa Risga e o ingreso mínimo vital.

En primeiro lugar, alertar varias veces e en varias xuntanzas o Goberno central das dificultades da implantación en Galicia do ingreso mínimo vital; ofrecer as plataformas galegas da Risga ao Estado para a tramitación da nova axuda estatal; solicitar a tramitación directa do ingreso mínimo vital desde Galicia; solicitar a coexistencia das dúas axudas mentres se xestionaba o cobro da nova prestación estatal; solicitar a pasarela automática con garantías para os perceptores; propoñer a compensación directa dos pagos indebidos entre administracións para evitar molestias ás persoas máis vulnerables; manter o pago da Risga mentres chegaban os cartos do ingreso mínimo vital aos petos dos galegas e das galegos en risco de exclusión; iniciar as xestións para a modificación da Lei de inclusión social de Galicia; artellar mecanismos de devolución ou condonación para que o 80 % das persoas que recibiron as súas axudas poidan condonar total ou parcialmente o seu reintegro.

E agora voulle facer un resumo do que fixo o Goberno central.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señora Suárez.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: ...este é moi curto, son tres, non a todo.

Isto si é negacionismo, señora Otero, o negacionismo é o do Goberno central, que dixo non a todas as propostas que fixo Galicia. *(Aplausos.)*

O que si me gustaría...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Suárez.

O que si me gustaría... Dez segundos. O que si me gustaría deixar claro antes de rematar a miña intervención é que eu non teño dúbida de que todas e todos os deputados deste Parlamento temos un mesmo interese: protexer as persoas máis vulnerables de Galicia, que ninguén é máis que ninguén na defensa dos dereitos das persoas en risco de exclusión social, e que a preocupación por elas non é propiedade de ningunha sigla política e de ningunha ideoloxía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Suárez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Bloque Nacionalista Galego, autor da moción, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu voulle agradecer, señora Suárez Sarmiento, con carácter previo algo, e é que nos resolvese a dúbida de por que estivemos esperando aquí máis de cinco minutos para poder votar, e é



que non lles daban as contas. (*Aplausos.*) Resolveunos a dúbida. Efectivamente, nós non queremos gañar aquí o que non gañamos nas urnas, por citar literalmente a súa frase. Nós o que pedimos é estar todas e todos atentos, sabendo da complexidade tamén dos plenos coma hoxe. (*Aplausos.*) Que é difícil, asegúrolllo e dígollo con experiencia persoal, que é difícil estar aquí debatendo sobre unha cuestión tan complexa sen comer, non?

Eu, algunhas cuestións a respecto da moción, dos puntos e das propostas que traemos na moción, que eu, claro, escoitándoa a vostede, e xa tamén escoitando a conselleira, pois non sei se levarlle a Néstor Rego a proposta de reforma da Lei de inclusión social de Galiza para que a tramite o Congreso, porque, escoitándoos a vostedes, parece que é unha competencia do Goberno español que sexa incompatible a Risga, a renda de inclusión social de Galiza, co ingreso mínimo vital. Nós non defendemos aquí a Pedro Sánchez, o Goberno de España ou o Partido Socialista, que ten o seu grupo parlamentario para defenderse. Pero eu dígolles unha cousa, o Real decreto lei 20/2020, que regula o ingreso mínimo vital, que o crea desde o principio, desde o principio, non con sucesivas modificacións, que eu estou de acordo con vostede en que a modificaron moitas veces. Pero é que na súa orixe, no seu texto orixinal xa prevé a súa compatibilidade coas rendas autonómicas. O que é un problema, o que é unha pexa é a incompatibilidade que está recollida na Lei de inclusión social de Galiza da Risga con outras. Pero é que iso é así desde o ano 2013. Ninguén podía levar a sorpresa, cando no ano 2020 se publica en xuño o Real decreto lei que crea o ingreso mínimo vital, que esta situación se fose dar.

¿Quen ía sorprenderse? Se o sabiamos todos, e unha parte, por exemplo —xa que se facía onte un ano das votacións—, unha parte da campaña no que tiña a ver coa tramitación da renda de inclusión social de Galiza era precisamente que propostas tiñamos os grupos parlamentarios, as forzas que estamos hoxe representadas neta Cámara, para garantir a compatibilidade e complementariedade da Risga.

Entón, home, que agora nos fagamos os sorprendidos ou que queiramos escorrer o vulto, que é o que levan facendo vostedes máis de un ano... Insisto no que dicíamos na interpelación coa conselleira. E agora, claro, daqueles polvos estas lameiras. Pero, ¿ao lombo de quen? De quen cobra apenas 423 euros de media, que é o que se cobra por unha Risga en Galiza ao que se lle está reclamando por parte do seu Goberno da Xunta de Galiza, sen comelo nin bebelo, sen ter culpa ningunha, 5.300 euros.

E, ademais, aquí podemos abrir unha interpretación de que é o que pon a Lei de inclusión social de Galiza. Porque o que di é que calquera tipo de incumprimento que supuxese a reintegración de diñeiro non debidamente cobrado vai con cargo á propia prestación unha vez se renova. E aquí o que se lles está pedindo é que, sen ser perceptores xa da Risga, porque son receptoras do ingreso mínimo vital, teñan que pagar esa débeda ou ese cobro indebido, como di a Xunta de Galiza.

Hai recursos administrativos interpostos por unha parte importante desas 2.000 persoas ás que se lles está reclamando un cobro indebido. Pero nós o que pedimos aquí desde o Bloque Nacionalista Galego é que non se volque a Administración contra as propias persoas e que sexamos capaces de que a Administración recoñeza un erro por si mesma cometido, e que non ataque con iso os dereitos das persoas máis vulnerables que temos no noso país.



¿E é facer política? Si, pero dirémolo vinte e unha mil veces, claro, é que somos un Parlamento. ¿Isto que é? ¿El club de la calceta ou un guateque? (*Aplausos.*) De verdade, é que que se nos acuse de facer política, non sei... no poder Lexislativo... pois no sofá da miña casa, que quere que lles diga, ou no Twitter, non. Aquí, aquí e nas rúas. E iso non significa apropiarse de nada. Oia, ten vostede todo o dereito de traer cantas iniciativas consideren oportunas desde o Partido Popular para defender os intereses e os dereitos das persoas perceptoras da Risga. Teñen toda a lexitimidade do mundo e 42 escanos, que xa os quixéramos os demais.

E, por último, simplemente dúas cuestións. Non é certo, e díxeno na miña primeira intervención, non é certo que a situación, tal e como está regulada a Lei de inclusión e a Risga, hoxe xa exista ese complemento de aluguer ou esa compatibilidade coas rendas de traballo. Volvo insistir no que dixen, a Lei de inclusión di que se pagará o 25 % do IPREM como complemento de aluguer, e só se está pagando entre o 10 % e o 15 %, o 15 % no caso de que teñas menores a cargo. Estase cobrando e está así regulado no decreto. Non minto, por se a alguén lle interesa e non cre, artigo 21.5 da Lei de inclusión social de Galiza.

E, despois, a Risga só é compatible coas rendas do traballo durante seis meses, e vas perdendo cartos cada mes até que desaparece aos seis meses. Ti podes ter un contrato que non che chega cun salario para cubrir o mes, e o único que fai a Xunta é ir quitándoches un pouquiño, un pouquiño, un pouquiño, e ti podes seguir traballando na máis absoluta precariedade, que a Risga aos seis meses desaparece. E iso non é garantir dereitos.

E volvemos unha e outra vez a repetir —e con isto remato— o mesmo, este é un debate tamén para cambiar de paradigma e cambiar o enfoque sobre o que supoñen as rendas de garantías de ingresos, que non son unha esmola, que non son un regalo, que son un dereito fundamental para garantir unhas condicións de vida dignas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodil.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos ao debate da segunda moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia

A esta moción presentóuselle unha emenda por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:*

Emenda de adición



Engadir no punto 2 in fine o seguinte texto:

«que deberá ser remitido ao Parlamento no prazo máximo de tres meses.»

Emenda de adición

Engadir no punto 3 in fine o seguinte texto:

«que deberá ser remitido ao Parlamento no prazo máximo de tres meses.»

Emenda de adición

Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para reclamarlle que cumpra co financiamento do 50% da Lei de dependencia tal e como establece a lexislación vixente.»

Para formular a moción, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

Daba comezo o pasado Pleno, a raíz da nosa interpelación para mellorar o acceso aos dereitos das persoas con dependencia, a conselleira na súa resposta falando da Pirámide de Maslow, comparando as necesidades das persoas con dependencia coas escalas superiores desa pirámide, cando en realidade é todo o contrario. Do que estamos a falar é das necesidades básicas da vida das persoas, ou sexa, da propia base.

É por iso que os representantes que aquí estamos, os representantes da cidadanía galega, temos a responsabilidade e o deber de dar voz a estas persoas, porque cando chegue o momento da vida dunha persoa, na que ten dificultades para erguerse, para comer ou para incluso asearse, non ten espazo para outras como a reivindicación ou a facilidade de protesta que pode ter unha persoa coas súas necesidades básicas cubertas e plenas facultades.

Por iso pensamos que este é un debate xusto, necesario e de todos e todas. Porque en Galicia unha persoa que solicita os seus dereitos a través da Lei de dependencia ten que agardar máis dun ano de espera, ou o que é o mesmo, máis do dobre do que a propia lei dita. Porque en Galicia ese tempo se multiplica aínda máis se o recurso solicitado é unha praza de atención residencial, xa que ten que pasar outro filtro máis a través do programa de asignación de recursos, e nalgúns casos chega a 550 días, nada máis e nada menos. ¡Incrible!

Porque en Galicia unha persoa que opte por este recurso, este mesmo recurso, unha residencia, o máis probable é que teña que desprazarse, como tamén indican os titulares, incluso a 150 quilómetros do seu lugar de orixe, o que eu chamo unha deslocalización emocional, porque con iso desfaiase non só o arraigo emocional, o vínculo co seu lugar de orixe, senón a dificultade tamén das visitas tan importantes por parte dos seus familiares, que por mor



das restricións da Covid soubemos da importancia que teñen non só para saúde física, senón emocional das persoas maiores.

Porque en Galicia observamos como a máxima responsable de políticas sociais presume de incrementar moito as valoracións á custa da calidade das mesmas, ao facer moitas delas por teléfono. ¿Como se pode valorar unha persoa, repito, como sempre digo, o exemplo gráfico como é valorar unha persoa con xordo-cegueira por teléfono? ¿Como se pode facer iso? Iso pasou e está pasando en Galicia. ¿Por que en Galicia o Goberno de Feijóo aplaudiu e consentiu os recortes na financiación do Estado, a dependencia na cotización e pagas das persoas que coidan aos seus familiares con dependencia? Porque en Galicia saben moi ben as nais con fillos enfermos ou con dependencia que se lles dixo dende o Goberno do Partido Popular que, se querían seguir cotizando, que o pagaran do seu bolsillo, ata que chegou o Goberno socialista de Pedro Sánchez e recuperou a cotización das persoas que coidan os seus familiares dependentes. *(Aplausos.)*

E, repito, este debate non pode ser só das persoas dependentes e das súas familias. E é unha cuestión que afecta ao conxunto da cidadanía, e repito, por dúas cuestións: primeiro, por empatía e, segundo, porque só o tempo decide a quen lle tocará vivir unha situación similar. O feito é que as políticas sociais en Galicia chegaron febles á pandemia, porque suspendemos respecto á media nacional en moitas cuestións clave para afrontar a reconstrución das persoas máis vulnerables en Galicia, algo que ten que ser primordial no noso país. E, para saber como están os servizos sociais competencia do Goberno galego, é necesario ver dende unha óptica máis ampla. E a realidade é que en relación á media estatal suspendemos en dotacións de profesionais nas estruturas básicas en servizos sociais, suspendemos na cobertura de porcentaxe de poboación potencialmente dependente e na atención por dependencia. Suspendemos na cobertura de persoas baixo o umbral da pobreza coa renda galega de reinserción respecto ao resto de rendas a nivel estatal, e, ademais, a contía de prestación é inferior á media estatal. Suspendemos no número de prazas residenciais de financiamento público para persoas maiores; suspendemos na cobertura de servizo de axuda a domicilio e na teleasistencia, servizos tan importantes para as persoas que viven soas. Hai que ter en conta tamén que estamos a falar de Galicia, que é unha das comunidades autónomas máis envellecidas do noso país.

Suspendemos en prazas residenciais e diúrnas e ademais ocupacionais para persoas con discapacidade. Pero tamén suspendemos en prazas de acollida para mulleres e os seus fillos vítimas de violencia machista. Ademais, a xestión do Goberno galego do Partido Popular posiciona Galicia como unha das comunidades autónomas que menos inviste por persoa potencialmente dependente de toda España. O impacto acumulado para o gasto público estatal das medidas de recorte do Real decreto 2012 do Partido Popular, asinado por Rajoy, supuxo un recorte de —repito— 6.322 millóns de euros, a puñalada de 6.322 millóns de euros, que deixou ferida de gravidade a Lei de dependencia. Ademais, o cálculo dos recortes nas prestacións económicas, a maioría, como saben, a paga por coidar os fillos, eses pais e nais que coidan os seus fillos con dependencia, ou fillos ou fillas que coidan os seus pais con dependencia, foi de 2.175 millóns de euros, á custa de eliminar a cotización destas coidadoras e fulminar ou recortar a súa paga como persoas que coidan os seus familiares enfermos ou con dependencia.



Pero, ademais, o número de persoas beneficiarias sobre o total da poboación dependente en Galicia tamén é un dos máis baixos de todas as comunidades autónomas de España. E o máis chamativo, que xa o comentamos no pasado Pleno, é que Galicia, que é unha das comunidades autónomas máis envellecidas, sexa a última de toda España en canto a solicitudes sobre o total de poboación dependente. ¿Por que os galegos e as galegas desisten en solicitar as axudas para dependencia? ¿Por que? Temos que reflexionar sobre o que está pasando. ¿Que é o que falla?

Dende o Partido Socialista por iso consideramos fundamental apostar por un incremento de persoal que resolva as valoracións e expedientes de dependencia, un incremento de persoal significativo, tanto nos equipos de valoración de dependencia como nos equipos que resolven o programa individual de atención, así como o programa de asignación de recursos.

Ademais, hai que ter en conta os fondos que chegaron e chegarán a Galicia —repito—, algúns, moitos deles que afectan ás políticas sociais en Galicia, que é ben triste que o Goberno galego nin os mencione. Polo fondo Covid 735 millóns; 235 millóns para axudas a autónomos e empresas; 17 millóns de axudas extraordinaria Covid, máis de 17 millóns do fondo social extraordinario Covid; case 2 millóns para becas de comedor; 7.800.000 para programas de atención a familias con pobreza infantil; 45 millóns para dependencia; 10.700.000 para facilitar a conciliación; máis de 61 millóns para a formación profesional para o emprego; 167 millóns para fomentar o emprego na xuventude, tan importante para a reconstrución en Galicia; 169 millóns para políticas activas de emprego. Hoxe, o Goberno galego conta con máis fondos que nunca, pero a potencia sen control, señorías, do Partido Popular non serve de nada. Temos que poñer cabeza e control deses recursos para optimizar ao máximo as políticas que determinarán o estado do benestar dos galegos e galegas nos próximos anos. É vital e fundamental. Non esquezamos nunca que, para que a reconstrución da nosa comunidade funcione, é preciso conectar todas as áreas do Goberno coas políticas sociais e a sanidade, que son claves para blindar a poboación máis vulnerable e, unha vez feito isto, seguir escalando no resto de áreas.

Por iso, xa dende o ano pasado solicitamos aumentar o número de persoal dos equipos de dependencia, para evitar as interminables listas de espera que impiden ás persoas máis vulnerables acceder aos seus dereitos. Ademais, é necesario que a Consellería de Política Social elabore un informe detallado dos cadros de persoal do equipo de valoración de dependencia, así como a previsión do aumento de técnicos, de ser o caso, que así o vaian facer, que é o que estamos solicitando, un incremento significativo. Tamén é fundamental realizar un informe sobre os datos de listas de expedientes sen resolución de grado de PIA en 2019 e en comparativa con 2020, para así saber como influíu tamén a pandemia. Así como o listado de expedientes solicitado sen inicio do expediente no SIGAP. E o mesmo, tamén, sobre o número de expedientes pendentes no programa de asignación de recursos do ano 2019 e 2020, todo iso antes de que remate o 2021.

Esa é a nosa proposta que agardamos que se poida cumprir. Porque o presidente galego sempre estivo de acordo con Mariano Rajoy en que a dependencia non era viable, e así o demostrou apoiando os recortes que tanto dano fixeron as persoas con dependencia, pero quizais, ¿e por que non?, a pandemia sirva de punto de inflexión para que Feijóo comprenda que non



é cousa duns poucos, senón de todas as persoas. Hoxe temos saúde, mañá ¿quen sabe? Calquera persoa pode ser susceptible de ter unha enfermidade, converterse nunha persoa dependente ou ter un familiar a cargo cunha dependencia. Por iso é cousa de todos, o futuro determina a quen lle tocará, agora máis que nunca, existen fondos e temos unha oportunidade máis que nunca, con máis fondos que nunca para facer algo polas persoas máis vulnerables en Galicia e reverter todos os recortes que o Partido Popular fixo. É de xustiza e é o momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bon día de novo.

Nós imos apoiar desde o BNG esta proposta, introducimos unha serie de emendas que agardamos que se teñan en consideración. En todo caso, imos apoiala de todas as formas e explicarei o sentido das nosas emendas nesta intervención.

Pero si que con carácter previo para situar, aterrizar un pouco o debate, a min gustaríame dar unha cifra que creo que por si mesma xa nos debería facer reflexionar.

En Galiza no ano 2020 faleceron 693 persoas en lista da agarda de dependencia, nove para ser valoradas e a inmensísima maioría, 644, agardando niso que lle chaman o limbo, agardando para acceder aos servizos ou prestacións aos que teñen dereito recoñecido, pero aos que non teñen acceso. Iso dá 13 persoas falecidas á semana en 2020 esperando por algo, o que teñen recoñecido no papel, pero ao que non teñen acceso; 13 persoas á semana. Iso fixo, polo tanto, que se reducise a listaxe de agarda; tanto é así que das 2.087 persoas que saíron desa lista de espera, dese limbo da dependencia, o 22 % foi por falecemento e non pola xestión da Administración. E abro unha paréntese: estamos nun ano marcado irremediabilmente pola pandemia. Pero, se collen vostedes os informes dos anos anteriores 2019 e 2018, verán que hai moitísimas, centos de persoas que morren cada ano cun dereito recoñecido por lei, recoñecido tamén no proceso de tramitación, pero ao que non se lles dá acceso.

E, efectivamente, hai anos as cousas estaban moito peor, moito peor. No ano 2014, sen ir máis lonxe, nesa lista de agarda había 30.000 persoas, pero a realidade é que hoxe hai 5.000, máis de 5.000 persoas aínda agardando por eses dereitos recoñecidos no papel pero aos que non se lles permite acceder a eles. Con iso debera estar todo dito para que este debate se centrara en como acabar con esa situación, en que medidas poñer enriba da mesa para que non aconteza iso, porque é unha vulneración de dereitos fundamentais, de dereitos tan fundamentais como



son os dereitos sociais que garanten unha vida digna a persoas dependentes. En Galicia hai case, insisto, 5.000 persoas agardando, ¿agardando a que?, podemos preguntarnos. ¿A que esperan os seus dereitos? ¿Dereito a que?, tamén se preguntarán. Dereito a unha praza nunha residencia pública, dereito a unha praza nun centro de día, dereito ao Servizo de Axuda no Fogar, ou a asistencia persoal, dereito a unha libranza por coidado, etc., que son servizos fundamentais para poder garantir condicións de vida dignas a persoas dependentes.

No BNG insistimos moito en que non son números ademais, igual que diciamos no debate anterior, non son cifras, non son estatísticas, son persoas de carne e óso con nomes e apelidos ás que se lles negan dereitos e que non poden medirse ao peso. Non poden medirse ao peso, porque, ademais, son dependentes e familias que teñen que buscar a vida diante desas demoras, diante deses incumprimentos e da ausencia da Administración. Porque hai que facerse preguntas: ¿Quen coida cando non hai un servizo público? ¿Quen asume a ausencia da Administración e, polo tanto, da solidariedade interxeracional da que tanto se fala agora a través da rede de servizos públicos? Tamén llelo digo eu, normalmente as familias, fundamental, case en exclusiva, as mulleres, que, ademais de traballar fóra da casa, entran pola porta e segues traballando para garantir un mínimo coidado e atención a unha persoa que non pode, porque depende doutra para facer actividades tan básicas como levantarte, asearte, comer e pode ter unha xornada de, pois non sei, de ver a tele ou xogar ao tute se podes.

Insisto, non son persoas, son persoas de carne e óso, son persoas con nomes e apelidos, non números, non cifras e non estatísticas. E hoxe traemos varios casos concretos tamén para visibilizar cal é esta situación. Veciña de Compostela que, ademais, nos contaba a semana pasada, porque aquí hai problemón enorme co SAF no Concello de Santiago. O tema da dependencia é un escándalo maiúsculo, dicíanos. Cito, abro aspas, literalmente: «levamos oito meses sen noticia dende que solicitamos a revisión ao grao 2, dous anos despois de solicitar o grao 1 e telo concedido, a día de hoxe nin temos axuda nin cobramos a libranza. Disque en xullo cobraremos o correspondente a maio. O mesmo pasa coa revisión a grao 2. Seis meses e sen saber nada de nada. Os importes da libranza son insultantes, 240 euros, cando dúas horas de asistencia privada nos cobra 670. Evidentemente, existe un abuso nos prezos das empresas homologadas porque saben que recibimos axuda da dependencia. Custa máis dúas horas de asistencia que o que cobra meu pai de pensión, non hai por onde coller este tema». Pecho aspas. Insisto, ¿quen coida, quen se ocupa mentres de garantir os dereitos ante a ausencia da Administración?

E este caso concreto desta veciña de Santiago poden vostedes atopalo referenciado no informe da valedora que se acaba de debater esta mañá aquí, páxina 237. En setembro de 2020 —e cito literalmente o informe da valedora, data dese informe ao que ela se refire— na Coruña e Ferrol estábanse a resolver as solicitudes en prioridade das dependencias, sen prioridade de novembro de 2019, dez meses despois. En Santiago as de febreiro de 2019, un ano e sete meses despois. En Lugo as de agosto de 2019, un ano e un mes despois. En Ourense as de xuño de 2020, tres meses despois —estes son os únicos que cumpren a lei—. En Pontevedra, as de outubro de 2018, en 2020; as de outubro de 2018, 23 meses despois. En Vigo, as de novembro de 2018, 22 meses despois. Dígolles porque o saben, pero por lembralo, que a Lei de dependencia de 2016, 2006, perdón, establece un período máximo de tres meses para poder ser valorada e incorporada ao sistema de axuda á dependencia. Os atrasos non



afectan ademais a todas as valoracións, senón ás estándares, isto é, a aquelas que non teñen ningún motivo para lles dar prioridade de acordo coa normativa vixente.

Antes da pandemia, cita tamén a valedora, antes da pandemia o persoal que se contratou para o reforzo dos EVO de discapacidade en Lugo, Ourense e Ferrol foi dunha persoa, unha persoa. ¡Unha! Para Compostela dúas, igual que na Coruña, e onde si se reforzaron un pouco máis foron aquelas que hai máis dun ano de lista de espera, practicamente dous anos no caso de Vigo. Esa é a mesma resposta que se nos deu ao noso grupo a través de reposta escrita por parte da Administración.

O que non podes é intentar resolver un problema dunha lista de agarda de practicamente un ano contratando un único persoal para que atenda toda a provincia, como é a provincia de Lugo que, para facerse así unha imaxe do que representa, é máis que todo o Principado de Asturias, por se alguén aínda está un pouco descolocado.

Nós imos —insisto— apoiar a moción do PSOE, está en liña con iniciativas que temos tamén presentado desde o noso grupo no Parlamento, para reclamar ese incremento do persoal que integra os equipos de valoración e das resolucións dos PIA, e tamén para dar maior transparencia ao sistema de dependencia en Galiza, que basicamente é o que propón dos puntos 2 a 4 esta moción a través da publicación deses informes. A emenda que nós presentamos é fixar un prazo de tempo un pouco máis concreto, se a portavoz do Partido Socialista ten a ben aceptala, que é que se remitan eses informes ao Parlamento de Galiza nun prazo máximo de tres meses.

E, por último, quería facer unha reflexión xeral. Os dereitos sociais son dereitos fundamentais, e o que queda pendente —igual que o son a educación, o dereito á educación ou o dereito á saúde— queda pendente desprezar esa rede pública de servizos que se coñece como o estado do benestar. Aterralo na realidade da xente e que teñas garantido, non só formalmente no papel, que tes dereito a unha asistencia no fogar ou a un asistente persoal se es unha persoa con dependencia, unha persoa con discapacidade, senón que de maneira real e efectiva chegue ese servizo público a todas as persoas que o necesiten, que chegue en tempo e que chegue en forma. Porque demorar un ano ou máis as valoracións, os recoñecementos e o acceso aos servizos nese limbo que é o par desas persoas dependentes, o que supón é unha vulneración deses dereitos. E ademais séntense moitas delas abandonadas pola propia Administración.

Linlle unha vez á xuíza, que seguro coñecen, Paz Filgueira, cando era xuíza daquela do xulgado específico de violencia machista, falando de igualdade e de loita contra a violencia de xénero, dicía: «os dereitos custan cartos». E, efectivamente, os dereitos custan cartos e aí as administracións teñen que poñer como mínimo o que lles esixe a lei. E aí hai que recordarlle, que é a outra emenda de adición que presentamos desde o BNG, ao Goberno de España que ten que poñer o 50 % do custo da Lei de dependencia. Iso é así desde o ano 2006, está recollido na lei e nunca, nunca desde a entrada en vigor e a aprobación desa lei se cumpriu. E aí teñen responsabilidade os dous, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista. Nós agardamos que se cumpra, non co BNG, non co Parlamento de Galiza, senón coas persoas dependentes e persoas con discapacidade, que non poden estar 23 meses agardando para poder acceder aos recursos aos que teñen dereito por lei.



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señorías que me precederon no uso da palabra, os máis vulnerables, eses que din defender cando se disfrazan de progresistas, cando dan unha rolda de prensa, ou mesmo ás veces que interveñen aquí, son os máis ignorados cando vostedes, cando ambos teñen a opción de gobernar.

E métoos no mesmo saco e digo ambos porque en moitas ocasións e en moitas institucións se manteñen e se arroupan mutuamente.

Escoiteinas atentamente, señora Ortega e señora Rodil, para ver se atopaba con algo novo no seu discurso. E non, é o mesmo discurso de sempre. E, aínda que cos seus argumentos parecen defender os galegos, o certo é que cos seus feitos nesta Cámara os están a traizoar deseguido.

Mire póñolles un exemplo rapidamente. Galicia, as galegas e os galegos, fomos os grandes ignorados nos últimos orzamentos xerais do Estado. A pesar de todas esas cifras que nos relatou hoxe, señora Ortega, a verdade é que castigaron sen piedade os cidadáns galegos, pero con maior dureza, señorías, aqueles que están a sufrir agora mesmo unha situación de vulnerabilidade, tamén os maiores e as persoas dependentes dos que estamos a falar hoxe. E non a vin protestar a vostede.

Mire, en contraste con esta situación, podo afirmar, e con satisfacción, que si hai gobernantes que coñecen a realidade do pobo e que traballan para paliar as súas necesidades. A Xunta aprobou os orzamentos máis grandes da historia de Galicia, orzamentos que se están a ver reflectidos en todos os ámbitos e en todos os sectores do noso país.

Pero, se falamos de servizos sociais, señorías, os orzamentos incrementáronse un 15,3 % respecto ao 2020 e un 90 % máis ca no 2009. Un dato moi significativo se quixesen facer unha boa lectura del.

Por iso o meu grupo non vai admitir, señora Ortega, que diga que o Goberno galego non aposta polos dereitos das persoas, porque ou lle bailan os números ou está faltando á verdade deliberadamente.

Mire, as políticas sociais neste país foron medrando en intensidade ano tras ano desde que os cidadáns galegos os fixeron abandonar a vostedes, na primeira ocasión que tiveron, aquel Goberno de coalición que tiveron que sufrir durante catro longos anos.



Piden hoxe aumentar o persoal dos equipos de valoración da dependencia. Ata hoxe pensei que tiñamos nisto un amplo consenso. Pero sinceramente gustárame saber onde estaban cando o outro día a conselleira de Política Social estaba falando desde este atril, porque deu resposta, señora Ortega, nomeadamente ás catro preguntas que vostede lle formulou na súa interpelación. ¿Vaise reforzar o persoal dos equipos de valoración para a dependencia? E contestoulle un si rotundo. Pero foi máis aló. Explicoulles polo miúdo en que consiste o Plan de choque da dependencia, que a vostedes os ten tan intranquilos. Un plan que a Xunta xa deseñou e porá en marcha sen ter que agardar a que vostedes presenten esta iniciativa que, para variar, chega tarde e a remolque da propia acción do Goberno da Xunta, que xa tomou esta decisión e a está a aplicar.

¿E saben por que a vostedes os ten tan intranquilos o Plan de choque da dependencia? Non polo contido do plan, que supoño que non se atreverán a discrepar porque saben que é benéfico para os cidadáns. Tenos tan intranquilos porque vai dar resposta ás demandas e á marxe de mellora que nestes momentos aínda existe para algunhas persoas que teñen que solicitar a dependencia. E, cando o Partido Popular aporta solucións, acábaselles a vostedes a demagogia neste sentido, demagogia que levan ata o extremo, dálles igual oito que 80 e pensan única e exclusivamente en clave de partido e en clave electoral.

Señora Ortega, mire, a Lei de dependencia no noso país é froito dun gran consenso político. Meta isto na cabeza e non retorza a historia á súa maneira. Dun consenso no que os principais actores foron o seu partido e o meu partido e que segue a ser esencial para sacar os temas importantes deste país adiante, e un consenso que os cidadáns nos están a demandar a diario.

Mire, a lei prevía, dunha banda, o dereito universal e, doutra, que ía ser financiada ao 50 % entre as comunidades autónomas e o Goberno do Estado. E saben que non están cumprindo a súa parte, señora Ortega, porque o Goberno central —que dirixen vostedes e non chegaron onte, levan tres anos— tiveron tempo de sobra para modificar o que non lles parecía ben ou o que criticaron noutro momento. Pero están a outras cousas.

E, señora Rodil, o señor Sánchez hoxe é presidente grazas ao voto decisivo do Bloque Nacionalista Galego, grazas ao apoio do seu grupo. Algo tamén terá que dicir vostede neste tema.

Miren, no programa de investidura do señor Sánchez recollíase mellorar a financiación do sistema de atención á dependencia para reducir as listas de espera. Iso si, non se sabe para que ano. Porque esa promesa continúa nun caixón tres anos despois, polo menos coa nosa comunidade, porque o Goberno galego segue a soportar o 80 % do custo da dependencia. Dos 400 millóns anuais que se invisten en Galicia na prestación deste servizo, 100 millóns apórtaos o Estado e os 300 millóns restantes van á conta da comunidade autónoma.

Polo tanto, eu penso que está bastante claro que quen coida neste país dos maiores e dos dependentes é a Xunta de Galicia. E repítollo, as contías fano irrefutable, quen coida dos maiores e dos dependentes no noso país é o Goberno da Xunta de Galicia.

E ímolos seguir coidando coa posta en marcha do Plan de choque en dependencia. Non imos esperar a que vostedes cumpran coa lei e co financiamento e non imos esperar por iniciativas



como esta, na que vostedes piden que se faga o que o Goberno da Xunta xa ten anunciado hai semanas.

Somos o partido da política útil e o plan de choque xa está en marcha, motivo polo que lles digo que a súa moción non ten sentido hoxe, un plan de choque que suporá importantes melloras na atención aos maiores e aos dependentes. Seremos quen de eliminar a burocracia. Chegará coa solicitude e cun informe médico e un informe social. Reduciremos á metade os tempos de espera, fusionaremos as solicitudes de grao e de PIA. Crearemos novos centros de valoración, equipos de valoradores itinerantes, unha medida que xa se aplica en Ourense, na miña provincia, e que está a acadar excelentes resultados.

Optimizaremos as rutas dos valoradores a domicilio, melloraremos a xestión da cita e poremos en marcha novos equipos de valoración, tal e como lles anunciou a conselleira no pasado Pleno.

E tamén se porán en marcha vías preferentes para as persoas que padezan determinadas doenzas, o mesmo que se está a facer coas persoas que sofren ELA, que as súas solicitudes se tramitan en menos dun mes.

Este grupo e este Goberno, señorías, falan con feitos e o resto é palabrería.

Miren, piden vostedes que a Xunta elabore tres informes e o Bloque Nacionalista Galego, díxoo a señora Rodil, ata lle pon prazo ao Goberno para que os entreguen.

Miren, señorías, as decisións que se toman neste Goberno non se improvisan, baséanse no rigor, non como están a facer noutros gobernos ou outras forzas políticas. Vostedes son moito de demandar estudos cando están na oposición, estudos que despois ningunean ou terxiversan como consideran; pero cando lles toca gobernar nin estudan, nin informan, nin valoran as repercusións que teñen as súas decisións.

Miren, aquí as cousas non funcionan así por moito que vostedes se empeñen en dicir o contrario. A cidadanía sábeo e fai un ano volveu confiar neste presidente e neste partido para seguir traballando por e para Galicia. Desde logo, en quen non pode confiar é en vostedes, nin nuns nin noutros. E voulles dicir por que, porque ademais os cidadáns tamén teñen dereito a sabelo.

Miren, hoxe son as seis menos vinte da tarde. Demandan ao Goberno a ampliación dos equipos de valoración da dependencia, pero hai catro horas neste mesmo salón de plenos, na votación do ditame da Comisión de reactivación, fíxense que pouco coherentes e que absurdos son os seus feitos, que no fondo de consenso que se someteu a votación, un bloque que pediron votar por separado e onde ían recursos específicos para potenciar o programa de reforzo dos equipos de valoración da discapacidade, o Bloque Nacionalista Galego votou en contra e o Partido Socialista tampouco o apoiou. Esta é a súa coherencia e o que lle importan a vostedes as persoas con discapacidade e os maiores en Galicia. *(Aplausos.)*

Impórtanlles cero, señorías. Votaron en contra dunha medida beneficiosa para os veciños e as veciñas de Galicia, porque, en vez de pensar nos galegos, pensan única e exclusivamente nos seus propios intereses.



E falou, señora Ortega, vostede hoxe de responsabilidade. Se son vostedes o máis incoherentes e o máis irresponsables que podíamos ter como partidos da oposición en Galicia; están ao seu e nin os cidadáns nin os seus problemas lles importan nada, nin aquí nin en Madrid, senón non terían votado esta mañá como votaron.

Vostede ten agora un turno de réplica, señora Ortega. Estou convencida de que, pese a todo o que lle dixen, me vai pintar de novo un panorama ennegrecido e vai seguir coa teima de que aquí non se está a facer nada de nada. É máis, ata vai ser capaz de xustificar o seu voto en contra dos intereses dos galegos desta mañá. Pero, para evitar o bochorno, recomendaríalle que actualice os datos que manexa en relación coas persoas dependentes na nosa comunidade.

Mire, teño máis diapositivas, pero voulle amosar só unha, porque vou mal de tempo. Mire, é unha diapositiva da Vicepresidencia Segunda do Goberno, nada sospeitosa de ser do Partido Popular, e de verdade que non atopo ese suspenso que nos dá a Galicia. Mire, aquí está Galicia, aquí está a media nacional. Galicia é a cuarta comunidade con menos persoas pendentes de recibir a prestación por dependencia nestes momentos. Estamos 11 puntos por debaixo da media nacional.

Por certo, no espello de Asturias, como dixo estes días atrás o señor Caballero, que había que mirarse en materia de benestar social; non sei se é bo que nos miremos en materia de dependencia, señora Ortega. Aquí está Asturias. A lista de agarda de Asturias, na que o seu portavoz quere reflectirse, duplica a galega. Disparan sen saber para onde, señorías. Vostedes disparan e faltan á verdade segundo lles vai acontecendo.

Dóeme e resúltame incomprendible que un portavoz que hai un ano se presentou como unha alternativa de goberno neste país desprece o seu, aínda sendo mellor, e poña en valor o dos veciños.

Mire, por suposto que todo é mellorable, que queda moito por facer e humildemente llo digo. Tamén lle digo que este Goberno vai seguir traballando e poñendo en marcha mecanismos que permitan acadar o 100 % da poboación atendida.

Pero, mire, fronte á charlatanaría e á demagogia, esta bancada da dereita está respaldada por argumentos, e o que é máis importante, señoría, esta bancada está respaldada por feitos, porque así é como hai que traballar, con feitos e non con consellos que despois aínda por riba...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...non os aplican cando teñen a oportunidade de facelo. Vostedes sos puxéronse en evidencia esta mañá e vólvense poñer agora. Chegan tarde cunha proposta que a Xunta de Galicia está xa a implantar.

Miren, en Galicia lévase traballando, trabállase e traballarase cada vez máis e cada vez para obter maiores prestacións de servizos para todos os galegos, pero especialmente para todas aquelas persoas maiores e persoas dependentes que o deron todo por nós.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora representante do partido Popular, eu o que me pregunto, que vostede comentaba que non nos viu protestando a nós, é ¿onde estaban vostedes? ¿Onde estaba a súa protesta, a do Partido Popular galego, cando o Partido Popular a nivel estatal asinou o Real decreto 2012 que supuxo un recorte de 6.322 millóns de euros? ¿Onde estaban vostedes? ¿Onde estaban? Esa é a pregunta, porque vostede sabe perfectamente ou debería saber que este foi o principio do final da chamada Lei da dependencia, e supuxo un recorte sen precedentes no Estado e tamén, por suposto, para Galicia. E, ademais, nas familias máis vulnerables, nas persoas que coidan as familias que teñen unha dependencia, as nais e pais que coidan os seus fillos ou fillas cunha dependencia. Ese foi o recorte máis sangrante da dependencia. Como di a canción: «¿Dónde estaban entonces cuando tanto te necesité?» Esa é a pregunta que non resolveu aquí, por certo.

Intranquilos di, que estamos intranquilos, por suposto. Porque despois do que lle acabo de dicir, de que perpetuaran ese recorte sen precedentes na chamada Lei de dependencia e agora veñan aquí dicindo todo o contrario, retorcendo a realidade e presumindo de obter votos, de que teñen a maioría en Galicia, non sei á custa de que. Se é á custa de mentir, eu prefiro estar como estamos dende o Partido Socialista. (*Aplausos.*) Intranquilos, porque o plan, intranquilos estamos porque o plan supoña aproveitarse da baixada da lista de espera adicional polo efecto da Covid; e intranquilos por se o plan significa, como comentou o director xeral e a propia conselleira no proxecto piloto na provincia de Ourense, cambiar de ubicación os traballadores e non incrementalos. Iso é o que nos preocupa, por iso pedimos o informe detallado dos traballadores a día de hoxe e dos que van incrementar, a ver se é verdade e obtemos a información e temos mellor sorte que cos casos de falecementos por cada centro residencial, que solicitamos neste Parlamento por todas as vías regulamentarias posibles e non se nos deu a información, que se nos mandou a Google por parte da conselleira, máxima responsable de políticas sociais neste país. Vergoña lle debería dar nesta cuestión, cando falamos de cousas tan sensibles. E, por certo, ademais do que comentaba a señora Rodil sobre as persoas que falecen agardando polos seus dereitos, hai que engadir neste contexto, no contexto Covid, que influíron os datos derivados do Covid, e non é un feito que diga eu, nin que diga a señora Rodil, senón un feito que se comenta e se especifica no ditame da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

E que, por certo, que vostede dicía o suspenso, todos os suspensos que relatei, se non o sabe, pode ler o informe, veñen detallados no informe, no propio ditame da Asociación Estatal de Directores e Xerentes dos Servizos Sociais. Infórmese, infórmese.

E nese dito informe indican que a lista de espera baixa por causa da Covid, a lista de espera baixa por causa da Covid. Indican que nesta cuestión non queremos trampas e pensamos



que todos os partidos políticos debemos actuar con sinceridade nesta cuestión, e non o están sendo. O que non queremos é que o Partido Popular faga trampas nesta cuestión e se queiran adueñar deses datos, deses datos que o propio ditame do observatorio que comento, e que mesmo detallaba na anterior intervención, que indica que é por causa da Covid; e o que non queremos é que polo propio plan e a propia xestión que está a vender a Xunta de Galicia se queira adueñar deses datos, porque o propio informe deixa claro que non é por ningunha medida deste Goberno, deste Goberno galego do Partido Popular, e iso queremos que conste. E hoxe ademais é o día 13, é o mesmo número que ocupa Galicia no *ranking* de toda España como unha das comunidades autónomas peor parada en canto á xestión dos servizos sociais. ¿De que presumen, señorías do Partido Popular? ¿De que presumen? (Aplausos.)

O ditame do que falaba, do observatorio da Asociación Estatal de Directores e Xerentes dos Servizos Sociais sacou a verdade á luz, en canto ao que vostede se queixa, á aportación estatal de dependencia, e non me canso de repetilo, e cito textual: «*Las cuantías de la Administración general del Estado se redujeron en julio de 2012 mediante Real decreto 2012 y se mantuvieron congeladas hasta la finalización del ejercicio 2017*». Repito, ¿quen gobernaba entre 2012 e 2017 no Goberno de España, señorías do Partido Popular? Isto é o pasado baixo a marca Partido Popular, e o presente descríbese así no mesmo ditame obxectivo onde se recoñece que o Plan do choque do Goberno de España actual, do Partido Socialista, reverte os recortes en dependencia. Así mesmo, vaticinan que cos recursos que o Goberno socialista de Pedro Sánchez aumenta se pode conseguir eliminar a lista de agarda, a lista de espera en 11 comunidades autónomas e reducila considerablemente no resto; isto non o digo eu, dío o informe. Ademais das primeiras cousas que fixo o Goberno Socialista, e repito, porque é unha cousa moi sangrante e que afectou a moitísimas persoas vulnerables, foi a recuperación da cotización das persoas que coidan familiares con dependencia que o Partido Popular eliminou á par que recortaba a paga dos mesmos. E o primeiro que fixo o Goberno Socialista foi recuperar esa cotización tan xusta...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

A señora ORTEGA OTERO: ... —un segundo, por favor— é moi duro traballar e reconstruír unha torre do estado do benestar como foi aprobar esta lei tan importante, cando dunha patada se tombou a través do real decreto que lle ditei. Señorías, non todo vale en política, non se pode obter rédito retorcendo a realidade e enganar a cidadanía, porque é lamentable...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

¿Sobre a emenda?

A señora ORTEGA OTERO: Déame un minuto máis...

O señor PRESIDENTE: Pero mire...

A señora ORTEGA OTERO: A representante do Partido Popular si que tivo...

O señor PRESIDENTE: Non, non.



A señora ORTEGA OTERO: Un minuto...

O señor PRESIDENTE: Iso do tempo... eu xa sei que todo o mundo quere o tempo para el, pero o tempo é para todos, e hai que repartilo.

Mire aí o reloxo, e sobre a emenda, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ¿Só unha cuestión e remato?

O señor PRESIDENTE: Veña adiante, por favor, se ten unha cousa de...

A señora ORTEGA OTERO: É unha cuestión a colación, que dixo que din que son o Partido da política útil e que llo diga ao responsable do seu partido, Pablo Casado, que manobrou en contra dos fondos solicitados polo Goberno de España contra a cidadanía, que é totalmente lamentable co que está a caer neste país.

O señor PRESIDENTE: Xa está falado. Sobre a emenda, sobre a emenda.

A señora ORTEGA OTERO: Non aceptamos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego

Presentouse, hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3, que terá o seguinte contido:

<<3. Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asinar á maior brevidade posible os protocolos de actuación para a elaboración dos convenios para As Pontes e Meirama.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

Engadir puntos dous novos puntos, que pasarían a ser o 3 e o 4, co seguinte texto:



«3. Resolver con urxencia o déficit de chan industrial no concello das Pontes.

4. Conseguir que o período de garantía de emprego e suspensión dos traslados rematado o pasado 30 de xuño, se prorrogue en tanto o persoal afectado non poida recolocarse nos traballos de desmantelamento, ou nos proxectos de reactivación que se impulsen na vila das Pontes.»

Para formular a moción, ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde.

Hai ano e medio, Endesa anunciou o peche da central térmica das Pontes e púxolle data, o 30 de xuño de 2021. O pasado 7 de xullo o persoal afectado por este peche, traballadores e traballadoras de Endesa e das auxiliares, iniciaron unha acampada diante do Concello das Pontes, denunciando que comezan a chegar as cartas de traslado e as cartas de despido, denunciando que ano e medio despois de terse anunciado o peche da térmica nin Goberno español nin Goberno galego teñen un plan nin nada previsto, nada preparado para enfrontar esta situación.

Constátase a gran mentira da chamada transición enerxética. É tan evidente a falta de previsión, de compromiso e de responsabilidade dos gobernos, é de tal calibre, tan clamorosa, que ultimamente xa non saben que dicir e optaron tanto o PP como o PSOE por facer como as avestruces, meter a cabeza debaixo da terra como querendo desaparecer. E non é para menos, porque de feito levan ano e medio desaparecidos. É tan así que nin o presidente Feixoo nin as ministras de Industria e Transición Enerxética atenden as solicitudes de reunións enviadas desde As Pontes, nin contestan.

Nós, desde o BNG, traemos hoxe a debate unha serie de propostas dirixidas a atender as necesidades máis urxentes do persoal afectado polo peche da térmica da vila das Pontes. Son propostas dirixidas á Xunta de Galiza, propostas factíbles dentro do marco das súas competencias exclusivas, que poderían resolver ou atenuar este primeiro impacto que van sufrir os traballadores e traballadoras de Endesa e das auxiliares. A primeira: mediar ante Endesa para prorrogar o período de garantía de emprego e de suspensión dos traslados. Isto é fundamental para poder falar de transición xusta, dotar o persoal dunha protección, dun paraugas social, que necesariamente ten que durar tanto tempo como tarden en arrancar ou ben os traballos de desmantelamento da central ou ben a actividade dos novos proxectos industriais que se instalen nas Pontes.

Endesa pactou cos sindicatos un período de garantía para o persoal afectado até o 30 de xuño, atendendo aos seus propios cálculos, atendendo á súa intención de realizar os trámites administrativos para o peche da central pola vía simplificada. Pero o Concello das Pontes e a Xunta de Galiza presentaron alegacións contra esta intención de Endesa, reclamando que os trámites debían realizarse pola vía ordinaria e non simplificada, principalmente porque así os trámites serían máis garantistas.

Por certo, unhas alegacións que presentou no peche de Endesa nas Pontes mais que non presentou no caso de Naturgy en Meirama. Nós non imos criticar que se presentaran esas



alegacións porque concordamos con que os trámites deben realizarse do xeito máis garantista para as persoas e para a vila das Pontes. E o ministerio concorda tamén, na medida en que aceptou ás alegacións e determinou que, efectivamente, o procedemento administrativo debe ser o ordinario.

Concello, Xunta e ministerio, polo tanto, están de acordo, así que o trámite administrativo para o peche da térmica vaise prolongar máis do que en principio Endesa pretendía.

E isto baixo ningún concepto pode derivar nunha deterioración da situación do persoal, non pode derivar nun prexuízo para as persoas e para a vila da Pontes. Esta prolongación dos prazos administrativos ten que vir acompañada dunha prolongación dos prazos de protección do persoal, se non, ¿que sentido ten?

Ben, esta debe ser a primeira preocupación do Goberno da Xunta e, para conseguir este obxectivo, poderá recadar os apoios do concello, do Goberno estatal e sindicatos, e cantos outros resulten necesarios, pero, insistimos, debe ser a súa prioridade como Goberno galego.

En segundo lugar, a constitución dun fondo de emerxencia para a transición xusta nas Pontes. Un fondo co que atender as necesidades económicas de poñer en marcha dous plans: un de formación e outro de xubilacións anticipadas para o persoal de maior idade. Un plan de formación que comece por deseñar os itinerarios formativos en función da demanda prevista de perfís profesionais e, sobre todo, que implique retribucións e alta na Seguridade Social durante o tempo que dure a formación, garantindo así non só a empregabilidade futura do persoal, senón tamén evitando lagoas de emprego e de cotización. E un plan de xubilación anticipada para o persoal afectado polo peche da térmica, un plan que debe ser pactado cos sindicatos das Pontes e que garanta como mínimo unha xubilación a partir dos 60 anos, un plan que garanta unha solución vital para as persoas de máis idade con maiores dificultades de empregarse. Prórroga das garantías e constitución dun fondo para a transición xusta nas Pontes. Estas dúas cuestións son urxentes para dotar de protección as persoas afectadas, para minimizar o primeiro impacto do peche.

Sabemos que estas medidas non van evitar por si soas a crise e o declive da vila das Pontes. Sabemos que iso xa é cousa doutras medidas máis profundas, máis ambiciosas e máis planificadas, pero a situación hoxe na vila require de propostas e solucións urxentes.

Do mesmo xeito que é urxente dotar o Concello do necesario chan industrial para que se instalen novas industriais e empresas, e nalgún caso esta dotación está en mans da Xunta, depende en exclusiva da Xunta. Esta é a terceira cuestión que traemos hoxe á súa consideración.

E, por último, en cuarto lugar, traemos novamente a debate a este Parlamento unha proposta que pode ter efectos no inmediato, mais tamén no longo prazo: a constitución dun centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía. Pode ter efectos no curto prazo porque a Xunta non depende de ninguén para tomar esta decisión e comezar de inmediato a súa execución. De feito, a Xunta podería estar traballando xa nisto se aceptara nalgunha ocasión as propostas que realizamos desde o BNG. Porque esta é unha proposta xa coñecida, xa debatida, xa rexeitada en varias ocasións polo Partido Popular. Insistimos, porque o seu impacto po-



dería ser radical na economía e na reactivación industrial da vila das Pontes, na comarca e tamén no conxunto do país.

Hoxe que todo o mundo aposta polas enerxías renovábeis, tamén todo o mundo sabe que o éxito desta aposta estratéxica neste cambio de modelo descansa na capacidade que teñamos para almacenar e xestionar esta enerxía, que no caso das que están chamadas a ser maioritarias, como a eólica, fotovoltaica e mesmo a hidráulica, supón todo un reto tecnolóxico. Almacenar e xestionar unha enerxía que, pola súa natureza, non sempre está dispoñíbel.

No Estado español, Euskadi e Cataluña xa puxeron en marcha senllos proxectos neste sentido, senllos centros de investigación destinados a atender este reto, esta necesidade. Están decididos a poñerse á cabeza nun aspecto que, tanto desde a Unión Europea como desde o propio Goberno estatal a través da estratexia marcada no ministerio, teñen definido como estratéxico, facendo fincapé nunha cuestión que para nós debería ser prioritaria, a capacidade de xerar sinerxías coa industria e de atraer investimentos e novas empresas. Xusto o que nós precisamos para as Pontes.

Recapaciten. Constituír un centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía está dentro das súas competencias e das súas posibilidades. E, o que é máis importante, reúne todas as condicións para ser unha aposta prioritaria do Goberno galego, porque significaría unha aposta pola economía do coñecemento e da innovación e tería uns efectos de atracción de novas industrias e empresas do sector enerxético do ámbito das renovábeis.

Remato, señorías, insistindo en que é responsabilidade do Goberno galego, da Xunta de Galicia, atender a problemática das persoas que traballan en Endesa e nas auxiliares, atender a problemática da vila das Pontes.

Un estudo da Universidade da Coruña cifra en máis de 1.400 empregos os que están en risco. Non son tolerábeis as actitudes escapistas dos gobernos estatal e galego. O proceso de peche está anunciado desde hai máis de ano e medio, tempo de sobra para tomar medidas e atallar problemas.

O BNG sempre fixo gala dunha posición construtiva ao respecto da situación das Pontes; sempre en todos os debates achegamos as nosas propostas, unhas máis estratéxicas, outras, como as que hoxe traemos, de efectos máis inmediatos: prórroga das garantías, fondo de emerxencia para a formación e plan de xubilacións, chan industrial e a constitución dun centro tecnolóxico que poida servir para atraer outros proxectos industriais relacionados co sector enerxético.

Todas estas propostas, estas medidas están dentro do ámbito de competencias da Xunta e dentro das súas posibilidades. Chamámoslos a abandonar as posicións sectarias e a propaganda que están conducindo moitas persoas e a vila das Pontes a un punto de non retorno. Atendan as súas responsabilidades.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Inmersos como estamos nunha crise de forte calado derivada do coronavirus, pero na que antes xa a comarca de Ferrolterra estaba inmersa, Galicia necesitaría contar cun Goberno na Xunta que quixese, que soubese máis ben a onde quere levar o noso país; que tivese un proxecto claro de cales son as actuacións que a Administración ten que impulsar para saír máis fortes desta crise, que non tivese que improvisar ante a chegada dun plan de recuperación da Unión Europea e tivéssemos claros e maduros os proxectos para optar aos fondos millonarios que poden chegar de Europa e que actuasen de xeito leal e codo a codo co resto das administracións, tanto as locais como a Administración do Estado. Pero ao Goberno galego resúltalle máis cómodo poñerse de perfil e dende o seu diván observar o que fan ou deixan de facer outras administracións. Resulta case ofensivo ver estes días os representantes do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia comentando o que pasa en Alcoa, o que pasa en Alu Ibérica, o que pasa en Barreras, en Vulcano, en Xeal, etc., como se fosen os comentaristas dun medio de comunicación que transmite un partido de fútbol da Eurocopa, como se os problemas do país non fosen con vostedes e como se as competencias en materia industrial non fosen do señor Conde e da Xunta de Galicia.

Señores do Partido Popular, a cidadanía galega e en concreto a das Pontes non merecen que renuncien ás súas competencias, pero menos que intenten bloquear os esforzos que desexan facer outros. Asinen e desbloqueen xa o protocolo de actuación para a elaboración dos convenios de transición para as Pontes e Meirama.

Señores do Partido Popular, vostedes, como toda a poboación, sabían que a transición enerxética estaba en marcha, que as centrais de carbón ían deixar de operar con este combustible, que as empresas propietarias destas centrais podían tomar a decisión de parar en calquera momento polos elevados custos do CO₂ e pola imaxe mala corporativa que este tipo de tecnoloxía lles daba nun momento de forte compromiso social co medio ambiente e a loita contra o cambio climático. Déixense xa de buscar culpables e traballen nas solucións. Cómpre saber onde está cada un neste momento e que está disposto a poñer encima da mesa para facer que esta transición enerxética sexa xusta cos traballadores e coas comarcas afectadas, señores do Partido Popular.

¿Que fixeron vostedes nestes 12 anos de Goberno do señor Feijóo e nos 7 anos do Goberno de Mariano Rajoy no Estado? ¿Cales foron as alternativas e os proxectos que levaron a cabo para actuar nestas comarcas con esta anunciada transición enerxética? ¿Cales son os proxectos e actuacións que madurou o Goberno galego dende as súas competencias en materia industrial? Nada, señores do Partido Popular. Son meros espectadores do que sucede ao seu redor mentres Galicia agoniza industrialmente.

Nesta situación non poden continuar, as comarcas de Ferrol, de Eume e Ortegal non poden máis. Necesitamos solucións e alternativas ao peche de Endesa. Existen posibilidades mi-



llonarias coa posta á disposición de fondos por parte do Estado e a Xunta debiera estar impulsando para proxectos que esta comarca necesita. ¿Pero onde están estes proxectos, señores do Partido Popular?

A imaxe desta incapacidade vese co sucedido co proxecto de biocombustibles. A Xunta nin estaba nin estivo no proxecto, ata que de repente aparece xusto o día antes da celebración da Mesa de Transición das Pontes para dicirlle a Endesa o que ten que facer e como e o que ten que investir, e ao Goberno do Estado o que ten que poñer en primas ao megavatio, e sen aportar absolutamente nada de nada ao dito proxecto.

Evidentemente a esta bomba de fume da Xunta atopáronse coa negativa de Endesa e a contestación do Estado de que xa non existen estas primas. ¿Onde está a solución da Xunta de Galicia, señores do Partido Popular? ¿Teñen vostedes un operador que leve a cabo o proxecto? ¿Van constituír algún tipo de sociedade para poder desenrolar este proxecto que poñen encima da mesa? ¿Teñen algún proxecto para iso? ¿Ou simplemente foi unha nova bomba de fume para intentar atacar outras administracións?

Miren, señores do Partido Popular, dende o Estado puxeron encima da mesa liñas de axuda para proxectos empresariais xeradores de emprego, en pequenos proxectos de investimento de zonas de transición xusta por valor de 30 millóns de euros, que inclúen As Pontes e Cerceda. Púxose en marcha outra liña destinada á creación de emprego sostible e fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche das centrais termoeléctricas de carbón por valor de 7 millóns de euros. Levaron a cabo a priorización destas zonas galegas na convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables, con axudas de 8,4 millóns para a instalación de térmicas renovables e outros 12 millóns para instalacións eléctricas. Presentaron un paquete de medidas específico para as zonas de transición xusta dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea por valor de 300 millóns de euros. Está en marcha o Fondo de apoio ao investimento produtivo, un fondo polo que as empresas poden conseguir ata o 75 % de investimento dos seus proxectos, un programa que permite financiar a creación de establecementos industriais ou o traslado de factorías, as melloras ou modificacións das liñas de produción e proceso, a industria conectada 4.0 e a sustentabilidade ambiental. Trátase dunha iniciativa que substitúe o que anteriormente era o Programa Reindus e que nos últimos dous anos achegou 20 millóns de euros para 13 proxectos galegos. Na folla de ruta do hidróxeno renovable concederon especial interese ás zonas de transición xusta e recibíronse propostas tanto das Pontes como de Meirama.

E mentres, señores do Partido Popular, ¿que fixo o Goberno da Xunta de Galicia? ¿Cal foi o investimento destinado polo Goberno de Núñez Feijóo a estas comarcas? ¿Cales son os proxectos que Feijóo ten para estas comarcas? ¿Queren que llelo diga eu, señores do Partido Popular? Nada de nada, cero patatero, nin un peso, nin un proxecto, absolutamente nada de nada máis que propaganda.

Non é tarde, señores do Partido Popular, activen as súas competencias en materia de promoción económica e industrial, para que existan proxectos que poidan acudir aos fondos que pon o Estado e Europa para estas comarcas. Busquen investidores, proxectos solventes



empresariais, desenrolen un plan empresarial para que nas Pontes haxa un compromiso claro coa continuidade e a actividade do emprego nesta comarca.

E, o que é esencial, deixen de bloquear o futuro das Pontes asinando o protocolo para a elaboración dos convenios para as Pontes e Meirama. Unha convocatoria que estivo aberta ata o día 6 de xullo para a presentación de proxectos, na cal se animaba a axentes sociais e económicos a achegar iniciativas e proxectos que axuden a crear un novo tecido económico sostible en termos ambientais, económicos e de emprego. Un proceso de participación que respondía ás demandas expostas no transcurso da V Mesa de Transición das Pontes que se celebrou o pasado 2 de xuño, onde se solicitaba a posta en marcha do proceso de elaboración do convenio de transición xusta para identificar as posibilidades que ofrece o territorio para xerar unha actividade económica de substitución ante o cesamento da actividade da central térmica.

É necesario que a Xunta de Galicia aborde canto antes a firma dos protocolos de actuación para a elaboración dos convenios das Pontes e Meirama, uns documentos que recollen o compromiso expreso que adquiren as diferentes administracións para realizar un traballo conxunto na elaboración dos convenios de transición xusta, e que xa foi subscrito por todos os gobernos autonómicos con concellos en transición enerxética, como é o caso de Andalucía, Asturias, Castela-A Mancha, Castela e León e o País Vasco; e, como saberán vostedes, hai moitos que están gobernados polo Partido Popular.

Este é un paso necesario para que os municipios teñan acceso ás axudas de transición xusta europeas, nacionais e do compoñente 10 do Fondo de recuperación de transformación e resiliencia, que está dotado con 300 millóns de euros para os próximos tres anos. Esta cantidade reforzará o Fondo de transición xusta, do que tamén se poden beneficiar as zonas afectadas en Galicia.

Señores do Partido Popular, despois de ver o ditame da Comisión de reactivación votada hoxe, onde xa non hai nin unha soa medida que se pode levar a cabo dende a Xunta de Galicia para axudar ao noso sector industrial, despois de non observar ningún proxecto nas Pontes que poida acudir aos fondos Next Generation, ou que polo menos vostedes puxeran encima da mesa, pedímoslles insistentemente que se poñan a traballar neste tema.

Dende o Partido Socialista imos votar a favor desta moción nesa busca de solucións para os traballadores das auxiliares, que son os máis afectados pola situación que está a vivir esta comarca. E pedímoslle ao BNG que acepte a nosa emenda para que a Xunta asine este protocolo necesario, para poder actuar nunha comarca que o necesita como o comer. Polo tanto, esperamos que se acepte esta emenda, que o Partido Popular dende o Goberno da Xunta faga dunha vez os deberes e, polo menos, deixe traballar o resto das forzas, o resto das administracións para que poñan a funcionar este protocolo e o convenio de transición xusta, e que fagan dunha vez os seus deberes, que é activar a actividade industrial e a promoción económica. Esa é a súa función e non simplemente mirar o que fai ou deixa de facer o Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Señor presidente, señorías, moi boas tardes a todos.

Dicía agora cando baixaba, de broma, que perdera a orientación o deputado do Partido Socialista. Pero, miren, eu deixando clara a lexitimidade política para presentar esta iniciativa ou calquera outra por parte do Bloque ou do Partido Socialista, tamén é certo que vostedes traen hoxe aquí esta iniciativa para lavar a súa conciencia e para lavar a súa faciana, señor Alfonso. Porque no fondo o que teñen é vergoña do comportamento do Bloque Nacionalista Galego durante todo este tempo, sobre todo en relación coas Pontes, en relación coa comarca, en relación con Ferrolterra e en relación cos problemas que existen e que persisten en Ferrolterra e dos que vostedes sempre dicía vostede que faciamos unha actitude escapista do Partido Popular e do Partido Socialista. Se a nosa é escapista, a súa non lle vou contar como é, a súa a do Bloque, refírome, non persoal.

Porque, mire, vostedes seguen a valorar máis dende sempre os sillóns que lles permite manter o Partido Socialista nos concellos ou nas deputacións que apostar polas solucións definitivas dos problemas. Non se atreven a chamar ás cousas polo seu nome, non se atreven porque teñen medo da reacción do Partido Socialista. E é que o Bloque está na orixe do problema tamén, está na orixe do problema, porque cando o problema empezou vostedes miraron para outro lado. Miraron para outro lado porque lles interesaba. Vostedes apoiaron o peche nesa actitude errónea de ecoloxismo, igual que agora di algún ministro e tamén o Partido Socialista que hai que comer menos carne. Deses temas non se fala. E deste tema cando falabamos de que As Pontes ía cerrar, tampouco lles gustaba falar neste Parlamento, miraban para outro lado. Nese tema non me meto, non vaia ser que saia trasquilado. E, agora que temos o problema enriba da mesa, veñen aquí como que son vostedes a solución a todos os problemas. Non, vostedes son parte do problema, porque dende o principio sabían o que ía ocorrer.

Falaba vostede dun estudo da universidade. Certo, do señor, do expresidente González Laxe e tres máis, algún das Pontes, pero ¿colleunos por sorpresa? Cando vostedes apoiaban e estaban detrás da pancarta aquela que dicía: Fóra o carbón, ¿que pensaban que ía ocorrer cando o carbón fose fóra? ¿E que non ía pasar nada? Ou era por quedar ben, fóra o carbón e despois, cando se peche a central e todos van á rúa, agora queremos que os prexubilen. ¿Esa é a proposta do Bloque Nacionalista Galego á situación da industria en Ferrolterra? Pois non é a nosa. Non é a nosa, non coincidimos, síntoo moito. Dende logo, non é nin parecida á que ten o Partido Popular.

Véñenlle pedir agora nesta iniciativa todas as solucións á Xunta de Galicia, que, por certo, é a única Administración que dende o principio non se moveu da súa posición. O Bloque, participando no Concello das Pontes co seu concelleiro en Industria, ao principio tamén estaban, pero, igual que o Concello, cambiou de opinión. Vostedes saberán, falen co seu concelleiro



de por que Endesa é capaz de convencer o Concello, do Grupo Parlamentario Socialista e tamén do Bloque, de cambiar de opinión.

Nós desde o principio dixemos que non se podía facer unha transición xusta se nos enfrontabamos ao peche da central dunha maneira tan inmediata como se pretendía. Era imposible facer unha transición xusta, porque, a diferenza de Cerceda, señor Seco, nas Pontes a empresa estaba traballando para seguir producindo durante anos. En Cerceda hai tempo que a empresa dixo que non quería seguir. Por iso non se presentaron alegacións entre o Concello e a Xunta de Galicia, pero vostede fala así como deixando aí. Non sei se foi vostede ou foi o señor Alfonso, non me acordo, foi vostede. Perdoe entón, señor Seco, devólvolle a orientación nese punto. Claro, iso é o que fan, ¿verdade?

Nós dende o principio dixemos: ¡oe!, pode seguir funcionando a central térmica. Claro que pode seguir funcionando, uns anos, non 20 nin 30, uns anos, e mentres tanto preparamos unha transición xusta. Vostedes aí non quixeron entrar, porque o que dicía o señor Seco ten razón, hai algúns aos que os avergoñaba situarse ao lado dunha central térmica, e entre eles a vostedes. Avergoñábaos o que lle deu de comer a tantas xeracións nas Pontes e na comarca durante anos. Non querían poñerse ao lado do carbón. E nós dicíamos: ¡oia!, é normal que durante uns anos siga funcionando e, cando atopemos e vaíamos planificando entre todos unha solución, pechámola; non quixeron. Moi ben. Despois apostamos polo biocombustible. Señor Seco, dixo vostede que a Xunta nin estivo nunca nese proceso. Está moi mal informado. Eu xa sei que as relacións dentro do Partido Socialista non son boas. O outro día denunciaban o alcalde das Pontes por duplicar o censo nunha semana. Chámeno igual, pregúntelle, ou pregúntelles aos señores do Bloque, que xa verá como lle dan a información.

Mire, dende o primeiro momento esa comisión estivo integrada por un representante de Endesa, un representante do Inega, un representante do IDAE, que é nacional, e un representante do Concello contratado especificamente polo Concello das Pontes para ver a posibilidade de que os biocombustibles saísen adiante. Todos os estudos e todas as probas que se fixeron podía saír adiante. A única maneira que había, efectivamente, é que no ámbito económico había que poñer loxicamente unha bonificación. Efectivamente, como as hai noutras enerxías a día de hoxe.

É o único necesario para que a central de carbón poida seguir funcionando cos biocombustibles. Pero, pese a estar todos de acordo menos Endesa, incluído o IDAE do Goberno do Estado, pese a estar todos de acordo, nun momento determinado hai algo que fai cambiar a opinión do Concello das Pontes e tamén dos representantes do Estado, e é a negativa rotunda de Endesa. ¿A onde imos? Agora resulta que Endesa fai cambiar o Goberno do Partido Socialista e o do Bloque nas Pontes por algo que nós aínda non coñecemos. Os traballadores, por certo, tampouco o coñecen. Entón cambiaron de opinión e empezaron a dicir que a solución xa non é os biocombustibles porque Endesa non quere. ¡Ah!, claro, a solución non é os biocombustibles porque Endesa non quere, ¡Ah, moi ben! E ¿cal é a solución? Pois a proposta de Endesa é un parque eólico, e van vostedes e aplauden. Pero aí non falan nin coas empresas auxiliares, nin cos transportistas, nin coa xente que traballa na central. Non, a solución é prexubilar. Levámolo vivindo en Ferrol dende o ano 83. As prexubilacións nos estaleiros foron un fracaso.



Nós seguimos apostando por que a central de biocombustibles poida empezar a funcionar, só depende do Estado, depende do Estado, que diga se está disposto a facer ou non o que ten que facer, depende do Estado. ¿Vostedes están de acordo con esa iniciativa? Podemos manter moitos empregos. Falaba vostede de chan industrial. Mire, no Pacto de Estado por Ferrol vai o chan industrial. Falouse cos alcaldes, houbo reunións cos alcaldes, incluídos os do BNG, tamén os do Partido Socialista, e incorporáronse as aportacións que fixeron os do BNG e tamén os do Grupo Parlamentario Socialista, e tamén o da Comisión das Pontes que hai formada, por certo. Nas Pontes, o chan industrial está incluído nese Pacto de Estado por Ferrol a ampliación de Penapurreira, que está incluído tamén o que está ao lado do lago, que son terreos de Endesa, que tamén o pediron dende o primeiro momento, teñen unha transformación inmediata. E, de feito, a Xunta de Galicia iniciou na súa transformación do plan director de solo empresarial incluír Penapurreira e incluír esas dúas actuacións que non estaban incluídas no principio, pero iso xa está feito. Por certo, se se trata de poñer medidas enriba da mesa a curto prazo, que dicía vostede, nun primeiro momento, e outras máis de planificación, ¿cales son as medidas que están incluídas no Pacto de Estado por Ferrol que atinxen ás Pontes nas que vostedes non están de acordo? Dígame se hai algunha medida que se propón, xa sexa competencia da Xunta, que hai moitas, ou competencia do Estado, que tamén hai moitas, que a vostedes non lles gusten. Dígame cal é de todas esas as que non lles gustan.

E vou rematando, señor Seco, dicía vostede que era ofensivo ver os representantes do Partido Popular falando estes días de Alcoa. Eu non sei se é ofensivo, dende logo de moi mal gusto é o que ten feito o Partido Socialista. Recorde vostede, porque xa era concelleiro naquel momento en Arteixo, que o señor Sánchez nun mitin prometeu hai tres anos case un estatuto de electrointensivas, e que con ese estatuto estaba todo solucionado. De feito, os traballadores que estaban nese mitin saíron convencidos de que Sánchez lles daba a solución. Tardaron un ano e medio, ano e medio en aprobar o estatuto e non trouxo a solución a ningún dos problemas de Alcoa nin do resto de electrointensivas. É máis, séguese a pedir un novo estatuto porque non vale para nada.

Pero, se falamos de Alcoa-A Coruña, recorden vostedes cando anunciaron a bombo e platillo, co delegado naquel momento á cabeza e vostede aplaudindo, que a venda de Alcoa-A Coruña era a solución. ¿Acórdase? Nós dixemos que non era a solución, que o que se estaba facendo era gañar tempo. Agora pasaron os meses e demostrouse que aquilo non era a solución. Por iso, que vostede teña a capacidade de dicir que é ofensivo escoitar os do Partido Popular, eu o que lle digo é que probablemente a xente non pense coma vostede. Non o pensou hai un mes, perdón, hai un ano, cando fomos convocados todos os galegos ás eleccións, e dende logo, na Coruña, en Arteixo, onde vostede é residente, a solución, dende logo, non foi esa.

E, permítame que lle diga, os representantes do Partido Socialista teñen moito que mellorar porque son auténticos satélites do que di en todo momento a Moncloa. Eu sabe que lle teño aprezo e recoméndolle que, máis que ler o argumentario que lle mandan dende Madrid, o que ten que facer é andar máis polos concellos, de verdade. Se vostede coñecera ben a comarca de Ferrol ou Ferrolterra, calquera dos concellos, non diría as cousas que di, non diría as cousas que di. Un, en determinados momentos, ten que plantarse, e polo menos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor CALVO POUSO: ...—xa remato, presidente— non participar en determinados comentarios ou accións, ou sobre todo dicirlle ao partido ao que pertence que se está equivocando, e o Partido Socialista leva moitos anos equivocándose coa política industrial. De verdade, non miren para outro lado, porque o problema está na súa casa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da moción, señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Miren, o Centro de Investigación vasco energiGUNE é o centro que máis financiamento europeo logrou captar de todo o Estado español durante o ano 2020. É dicir, xa é un proxecto consolidado, vai á cabeza, conta coa participación maioritaria do Goberno vasco a través de varios e diferentes organismos, e efectivamente está servindo para impulsar e crear sinerxías coa industria e co sector. En Cataluña constituíron Battech entre o Instituto de Investigación da Enerxía de Cataluña e máis o Centro Tecnolóxico Eurecat, dirixido á investigación en baterías, mais tamén á xestión de redes, sobre todo con baterías de segunda vida ou de nova xeración destinadas a garantir estabilidade ao sistema.

Hai gobernos, por descontado nos países centrais da Unión Europea, mais tamén no Estado español, que xa detectaron hai anos onde van estar as necesidades da industria do futuro. Hai gobernos que van adiantados, o que debería servirnos, á parte de para outras conclusións, para saber por onde tirar. Aprender do que fan outros gobernos, outros países, que destacan precisamente pola súa tradición industrial.

Galiza tivo durante moitos anos, de feito aínda o ten, un papel protagonista en canto á produción eléctrica. De feito, producimos máis do que consumimos. O auténtico reto para nós como país é traducir esa capacidade de produción nunha oportunidade para atraer e consolidar toda a cadea de valor industrial e económica asociada ao sector enerxético.

O centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía tería esa virtude, sería unha primeira pedra para facer de Galiza, e nomeadamente da vila das Pontes, un polo de coñecemento e de tecnoloxía. De feito, nas Pontes xa existe parte dese coñecemento e existen varias tecnoloxías de produción eléctrica, eólica, hidráulica, térmica e de ciclo combinado. Nas Pontes están situados os nós para a evacuación da enerxía. Que mellor sitio para un centro tecnolóxico destinado ao almacenamento, que mellor sitio para testar proxectos con diferentes tecnoloxías e mesmo para combinalas.

Dispoñer de centros de investigación coma este sería, a todas luces, un salto cualitativo para o noso país.



Desde o BNG defendemos tamén outras iniciativas destinadas a conseguir que a produción eléctrica redunde na industria e na riqueza na Galiza, como que a instalación de parques eólicos traia asociados proxectos industriais. Outro xeito sen dúbida de promover a reindustrialización e a creación de postos de traballo.

Defendemos tamén a constitución dunha empresa pública de enerxía. Imaxinen que xa contáramos con ela, imaxinen que hoxe no actual contexto de transición, de cambio de modelo, nós puideramos contar cunha empresa propia xa actuando no mercado. ¿Non sería acaso unha ferramenta fundamental para o pobo galego?

Para promover unha auténtica transición, unha empresa pública que aglutinara saltos hidráulicos, parques eólicos, que promovera novas instalacións de produción eléctrica e que concentrara todas as súas necesidades de bens e servizos que ten unha empresa eléctrica e que concentrara toda a súa demanda nas empresas galegas.

Hai maneiras, hoxe hai varias empresas públicas de enerxía promovendo proxectos no noso país, ningunha galega; unha italiana, unha norueguesa e mesmo unha chinesa. Non perdan de vista, señorías da Xunta, que o proxecto que vostedes apadriñan xunto con Reganosa para As Pontes vén da man da portuguesa EDP, cuxo principal accionista é unha empresa estatal chinesa.

Parece que todo o mundo, literalmente, pode facer negocio cos nosos recursos enerxéticos menos nós.

Con ferramentas coma estas, empresa pública e enerxía, obriga dos promotores de parques eólicos de traer proxectos industriais asociados, o futuro das Pontes hoxe sería ben distinto. Mais, como dicía na miña primeira intervención, a situación actual, a crise actual, dá para distinguir dous niveis de necesidade. O máis urxente precisa hoxe dunha posición conxunta que obrigue a Endesa a prorrogar a garantía de emprego e a suspensión dos traslados do persoal afectado polo peche da térmica.

Precisamos dun fondo de emerxencia para atender as necesidades de formación e para financiar un plan de xubilación anticipada do persoal de maior idade; precisamos dotar urxentemente o concello de chan industrial para que se instalen novos proxectos industriais, e precisamos lanzar unha mensaxe clara de que a Xunta, de que o Goberno galego aposta pola innovación, pola tecnoloxía, constituíndo na vila das Pontes ese centro tecnolóxico que sirva de revulsivo, que sirva para atraer e para asentar na vila outros proxectos relacionados co sector que vexan nesa aposta unha oportunidade para tecer colaboracións de éxito.

Se realmente os gobernos apostan por facer da transición unha oportunidade, terán que atender estas propostas ou outras parecidas; se non, a transición non será unha oportunidade, senón unha calamidade.

A vila das Pontes necesita que os gobernos colaboren para impulsar e consolidar os mellores proxectos e necesita medidas temporais para evitar que cheguen tarde de máis. A súa dos biocombustíbeis quedou en evidencia cando apareceron na reunión pedindo primas que vosdes durante o Goberno de M. Rajoy eliminaron.



Aquí están as propostas do BNG. Pode ter razón vostede nunha cousa, pode que a culpa de todo teña que ver con sillóns, pero eu máis ben penso que ten que ver cos sillóns que ocupan os altos cargos do PP nos consellos de administración das eléctricas. *(Aplausos.)*

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Aceptamos a emenda do PSOE.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Imos proceder á votación. ¿Están todos para votar? Sempre pregunto. *(Risos.)* É o dereito, o dereito a votar. O deputado ten dereito a votar e eu teño que protexer iso tamén... *(Murmuros.)* Entre outras cousas.

Bueno, vamos votar logo estas mocións. Xa está, como broma xa chegou. Vamos alá.

Votación das mocións

Imos votar a moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Fernández Rodil.

Vai solicitar a votación por puntos, díxome a señora Ortega. ¿Acepta a votación por puntos? ¿Cantos puntos son? Dous. Votamos logo o punto primeiro.

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.

Votamos agora o punto segundo.

Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.

Votamos agora a moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que non foi aceptada. Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Votamos por último a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas que foi aceptada. Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Remataron as votacións. Mentres volvemos ao quórum que tiñamos establecido, hai que reducir isto. Imos cunha alteración, cunha pregunta que temos que substanciar agora. ¿Onde está o conselleiro de Medio Rural?

Pregunta de D^a Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da reestruturación dos distritos forestais

Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente; conselleiro.

O problema dos lumes en Galicia non é de orde pública, aínda que cada vez que se producen incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre, en criminalizar a cidadanía falando dos moitos incendiarios que ao seu entender proliferan libremente



polos montes de Galicia, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra, apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente en repetidas ocasións pola Fiscalía de Galicia.

Aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito, o problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiu esquecer, e segue a facelo logo de gobernar a Xunta a maior parte da súa existencia. O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas aptas para aproveitar sostiblemente e de forma multifuncional que na actualidade non teñen ningún tipo de actividade agrogandeira ou forestal.

O problema é a falta de relevo poboacional e eses 10.000 galegos e galegas que abandonan de media o noso país todos os anos.

Mire, conselleiro, a vaga de lumes acontecida na nosa comunidade en outubro do ano 2017, que todos recordamos pola súa magnitude e transcendencia, xerou unha oportunidade política para revisar o fracaso das políticas forestais do Partido Popular. Non se xerou unha comisión de investigación, senón de estudo, que deu lugar despois dun profundo e laborioso traballo dos expertos a un ditame do Parlamento.

Quérolle recordar que o PSdeG, mostrando altura de miras, ao entender que os incendios era un asunto de país e o cambio de políticas era algo esencial e prioritario para Galicia, votou si. Votou si a un cambio de fórmulas de loita contra o lume, a deixar atrás unha política de deixar facer para acometer unha política intervencionista, un cambio reflectido nas 123 medidas sacadas do Ditame de estudo e análise das reformas de política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, concretamente asinado en novembro de 2018.

E, se quere, iso dános unha lexitimidade sustentada naquel voto na que non avalamos as súas políticas, pero si puñamos deberes de cambio respecto ás políticas forestais, ao que vostedes se comprometeron, pero non está sendo así. É obvio que moitas das melloras que se propuñan non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, todo se reduciu á creación dunha dirección xeral. Non se tratou dunha repartición axeitada de medios de loita existentes contra o lume.

Por iso preguntamos se ten previsto realizar a Consellería de Medio Rural a tan amentada reestruturación dos distritos forestais, que xa se falaba dela cando era conselleira Rosa Quintana.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL: Moitas grazas, señor presidente, señorías. Boa tarde.



A verdade, señora Rodríguez, é que me alegro especialmente de que me faga esta pregunta, porque, aínda que vostede non estaba naquel momento no Parlamento, si que está relacionada coa comisión parlamentaria, que ademais de que traballaran os expertos, tamén traballamos os que estabamos naquela comisión.

Cando se fixo o ditame da comisión, e vostede referíase no texto da pregunta, aínda que agora non o mencionou, todos entendemos os que estabamos naquela comisión que o modelo que pretendiamos para o servizo de prevención e extinción de incendios se tiña que completar cunha análise de expertos que foron designados polos grupos parlamentarios e que fixeron o seu informe no ano 2019. Namentres, en contra do que di vostede, e tendo en conta as recomendacións do ditame que tamén votou o Partido Socialista, ademais de crear esa dirección xeral que vostede menciona, tamén lle quero dicir que xa no ano 2018 pasamos a case que 1.000 operarios do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de tres meses que tiñan de traballo a seis cun esforzo orzamentario de 12 millóns de euros.

Pero puxemos en marcha no ano 2018, señorías, un convenio paradigmático no que se refire á cooperación interadministrativa na loita contra os incendios forestais, que é o convenio que se firmou coa Fegamp para a prevención e defensa contra os incendios forestais e o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Señorías, 270 concellos dos 313 de Galicia xa están adheridos a este convenio, máis do 86 % do territorio galego.

Grazas a ese esforzo conxunto de Xunta e concellos, hoxe podemos dicir que temos 129 concellos cun plan de prevención e extinción aprobado e outros 103 en tramitación.

É dicir, en tres anos, señorías, pasamos de que non houbera practicamente plans de prevención municipais a que, grazas ao convenio, teñan aprobado ou en tramitación ese plan o 75 % dos concellos galegos, e sen custo ningún para eles porque o asume o convenio.

Tal día coma hoxe e tamén en cumprimento desas recomendacións, ademais de drons, temos no territorio un total de quince supervisores de prevención que están traballando no terreo co obxecto de comprobar as parcelas que están xestionadas ou non xestionadas nas parroquias priorizadas do convenio.

Pero, como tamén entendemos a necesidade de colaborar cos concellos, tamén quero anunciar hoxe que na semana que vén entrarán outros 30 supervisores de prevención naqueles concellos que non teñen parroquias priorizadas para comprobar, efectivamente, se están xestionando as franxas secundarias.

E volvendo ao informe dos expertos, repito, expertos designados por todos os grupos parlamentarios no ano 2018 e que fixeron o seu informe no ano 2019, e ao que se refería no texto na súa pregunta, quérolle dicir que realizou unha lectura interesada do mesmo, porque non fai mención ao punto décimo primeiro do dito informe. Nese punto constátase que se consensuou entre os expertos designados polos grupos parlamentarios e a Consellería do Medio Rural un novo modelo de brigadas municipais, que suporía ampliar, e precisamente



dotar iso que vostede dicía o seu tempo de traballo a seis meses, ademais dunha aposta decidida pola súa profesionalización. Iso require dun esforzo orzamentario que tamén os expertos dixeron que tiña que implicar os concellos, a Xunta e as deputacións. A disposición da Xunta e dos concellos é total, como lle acabo de sinalar a través do convenio. A resposta que nos levan dado as deputacións galegas respecto da loita contra os incendios forestais dígollo ou explícollo na miña réplica.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Mire, tamén di o ditame e a recomendación nesas 123 recomendacións que a causa de moitos lumes é a falta de planificación e ordenación forestal, onde son vostedes reacios á súa redacción e, se unha vez o fan, a súa aplicación queda nunha mera declaración de intencións. Dende que se programa un Pladiga ou Pladic, que é unha copia e pega en moitos casos, é un incumprimento na súa execución. Nos poucos anos que gobernamos o bipartito déronse pasos importantes de cara a unha verdadeira planificación na prevención, que realmente vostede sabe que é o importante para obter uns bos resultados nas campañas de incendios forestais.

Como proba do dito, coñece vostede o artigo 49 da Lei 3/2007, que establece a obrigatoriedade de elaborar despois da época de alto risco un mapa de riscos e medidas urxentes de actuación en zonas afectadas polos incendios forestais. Que casualidade que é un dos poucos artigos que non se modificou dende que entrou en vigor esta lei, ao mellor porque non a desenvolven ou a teñen esquecida. Pregúntome que fixeron este ano en medidas preventivas máis alá do que me está a contar. Se cumpren os calendarios previstos, porque non o sabemos despois de preguntar en comisión como está a rede de faixas de xestión da biomasa. Tampouco teñen, por exemplo, a título de exemplo o Plan de xestión do Xurés, do Parque Nacional do Xurés. Tamén dirá que a Consellería de Medio Rural é a responsable. Pero tamén me pregunto que tipo de coordinación teñen previsto entre as consellerías de Medio Rural e de Medio Ambiente tanto na prevención como na extinción, como se por desgraza ocorre nas medidas correctoras despois de que ocorra un incendio e como se vai reflectir no mapa de riscos, se é que o fan, por primeira vez, para o vindeiro ano.

Cal foi o motivo, por que cambiaron a recomendación número 11 de recoller nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia? Este refundamento debería terse feito antes do 1 de xaneiro de 2019...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grazas.

(*Aplausos.*)



Peché da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL: Falaba vostede, señora Rodríguez, de prevención planificada, e eu dígoille que, ademais da Dirección Xeral de Defensa do Monte, creou esta consellería, se creou a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e neste tempo, ademais, aprobouse o Plan forestal 2021-2040, ademais de moitas outras normativas, como o rexistro de masas frondosas consolidadas e outras que están incidindo nesa planificación.

Pero, se me permite, e eu refírome á pregunta que vostedes fixeron sobre se estabamos a aplicar as propostas do grupo de expertos do ano 2019, repito, expertos designados por todos os grupos parlamentarios, xa lle digo que aí se propuxo un novo modelo de brigadas municipais, de medios municipais de prevención e extinción de incendios forestais —porque non olvidemos o importante que é que os concellos estean ben dotados en medios de prevención e extinción— e un novo modelo de brigadas municipais que pasaban a seis meses e que ademais se profesionalizaban. Ese modelo foi acordado pola Consellería de Medio Rural e polos expertos designados polo Parlamento. E aí dicíase que todos tiñamos que colaborar no financiamento dese novo modelo, tamén as deputacións provinciais, e dicíalle que na miña réplica lle explicarei o que me dixeron as deputacións provinciais ao respecto.

Penso que ante a ameaza dos incendios forestais non debera haber dúbidas, porque a prevención e a extinción é un ámbito de actuación que ten especial transcendencia nesta comunidade autónoma e require da cooperación entre todas as administracións.

Pois ben, ao respecto, señora Rodríguez, a Consellería de Medio Rural remitiu carta ás catro deputacións provinciais de Galicia, máis dunha vez a tres delas, solicitando unha reunión para avanzar na cooperación interadministrativa na configuración dos medios municipais de prevención e extinción na liña do recomendado polos expertos designados polos grupos parlamentarios.

¿Cal é a resposta de tres destas deputacións? A calada por resposta. ¿Sabe, señora Rodríguez, quen goberna esas tres deputacións? Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. Nestes momentos, teño que dicir que só contamos coa colaboración da Deputación de Ourense, que, ademais de mostrarse de acordo co modelo deseñado polo grupo de expertos —claro, é que o problema dos incendios é de risa, señor presidente—, está cofinanciando a compra de tractores para desbroces por parte dos concellos, ademais de ceder a súa maquinaria pesada para a realización dos traballos de prevención.

E, mentres esperamos que as restantes deputacións se dignen ter a reunión co conselleiro, o que fixemos este ano ao abeiro do convenio foi arrendar outros 16 tractores para darlles ás provincias de Lugo, Ourense, perdón, de Lugo, de Pontevedra e da Coruña, para que poidan facer os desbroces os concellos desas provincias. Non debemos fixarnos en teimas ideolóxicas para defender os intereses dos nosos cidadáns.

Polo tanto, señora Rodríguez, penso que, ao abeiro desta pregunta, entendo que todos deberíamos reflexionar, tamén os partidos que están nesas deputacións, e dunha vez poñer en marcha esa cooperación interadministrativa na loita contra os incendios forestais, sinala-



damente para dotar os nosos concellos dos medios suficientes na prevención e extinción, como dende logo está disposta a facer a Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Rural.

Máis nada e moitas grazas.


O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos o Pleno ata mañá ás dez da mañá.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

